

González Formoso disputará a secretaría Xeral do PSdeG a Gonzalo Caballero

O alcalde das Pontes e presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, presentou a súa candidatura ás primarias que o PSOE de Galicia celebrará para eleger ao seu novo secretario xeral, cargo que obxecta actualmente Gonzalo Caballero. O seu calendario inclúe encontros coa militancia que o levarán a todos os recunchos de Galicia para explicar o seu proxecto para un PSdeG forte, e "realizar unha campaña de ideas e propostas en positivo que aglutine os intereses dos socialistas". González Formoso presentou xa os avais e o seu compromiso para que o proceso "se faga co tempo". **Pax. 8**

Recupérase o outono

A remisión do virus permite unha volta á normalidade coa organización dos tradicionais eventos deste tempo vinculados á micoloxía e ao deporte



Co comezo de curso chega o outono e as actividades socioculturais volven ás parroquias e aos centros de ensino. Os distintos colectivos abriron os prazos para os diferentes cursos entre os que figuran o ioga, defensa persoal, talleres de memoria, baile ou ximnasia. E tamén as escolas deportivas contan cun amplo abano de actividades tanto para nenos como para adultos en case todos os concellos. Nesta tempada outonal comezan os cursos de micoloxía e tamén do mel, así como as feiras e as xornadas relacionadas con eles. Tamén regresan os preparativos para a festa de Samaín.

vilalba. Cambio de Goberno trala dimisión de Pavón por motivos persoais. **Pax. 7**

as pontes. Endesa reármase para unha posible volta á produción. **Pax. 9**

friol. Abre o Centro de Día Terapéutico, que contará con 14 prazas. **Pax. 13**

guitiriz. O Pleno aproba un paquete de obras viarias. **Pax. 14**

muras. Realizan obras de mellora na casa consistorial. **Pax. 16**

xermade. Chega o momento do saneamento e outras melloras. **Pax. 27**

a pastoriza. Rematan os traballos no sistema de auga de Saldanxe. **Pax. 28**

Volve o concurso de Tapas vilalbés



Novas xornadas gastronómicas na vila. **Pax. 2**

Especial polígonos das Pontes



Excelente comunicación para a industria local. **Pax. 17**

Mal estado do roteiro de Begonte



A Ruta dos Caneiros, absorbida pola maleza. **Pax. 30**

Estreado o programa de viaxes Coñece a túa provincia

A Deputación de Lugo estreou o programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, do que, nesta primeira tempada, se beneficiarán máis de 1.200 persoas de 62 colectivos ata o vindeiro 10 de novembro.

Este plan é unha das medidas do Plan de Impulso da Economía da Provincia que ten en marcha a institución para a recuperación dos sectores máis afectados polo impacto da pandemia. **Pax. 34**



¿ES ASÍ COMO ELIGES TUS GAFAS?

Descubre nuestra forma de cuidar tu **salud visual**

NOVALUX
óptica & centro auditivo

VILALBA
C/Plácido Peña 9
604 03 20 92
Nº R.S. E-27-000351 / E-27-000333

AS PONTES
Av. de Galicia 91
604 02 21 80
Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170

novaluxoptica.com

VARILUX
ESPECIALISTA



Volve o concurso de tapas

Concello de Vilalba e a Asociación de Empresarios Sete Pontes organizan a segunda edición do Concurso de tapas, que se celebrará do 21 ao 24 de outubro.

Este ano a novidade apunta a que as e os hostaleiros terán que elaborar as súas tapas, unha por establecemento, con ingredientes dos produtores/as locais recollidos na listaxe das bases de participación. O obxectivo desta iniciativa, segundo explican os empresarios é trazar unha rede de apoio tanto ao sector da hostalaría como ás empresas alimentarias de Vilalba.

Durante estas xornadas, os grupos de música tradicional ambientarán as rúas e sortearanse premios entre as persoas que participen, debendo consumir a tapa como mínimo en cinco establecementos distintos. Os grupos que participa-



rán no evento serán Buxos Verdes, AC Andrade, Entre Lusco e Fusco, a Banda de Gaitas Mato Vizoso e Asubíos da Chaira. Entre os produtos que se usarán para a realización das tapas figura o porco celta, a vaca cachena, a galiña de Mos e outras cárnicas da zona, así como pan, queixo e outros produtos como mel, ovos e champiñóns.

Un milleiro de persoas adhírense á campaña de apoio ao Mupav

Máis dun milleiro de persoas adheríronse ao movemento cívico iniciado pola Asociación de Amigos do Museo de Vilalba do Mupav fronte á precaria situación que atravesamos. O obxectivo deste movemento é dar a coñecer o seu actual problemática que pon en risco a conservación do patrimonio arqueolóxico e documental que alberga, así como a saúde dos seus traballadores.

Como explica esta iniciativa, o Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba realiza un importante labor na conservación, investigación e di-

fusión da prehistoria e arqueoloxía do noroeste peninsular.

“Nos últimos anos a desatención foi agravada por unha inundación e pola existencia de filtracións na biblioteca, salón de actos, aseos e salas de exposición, problemas que non se atenderon en dous anos”. A rotura da caldeira, o impacto dun vehículo, e o ferruxe son outras das consencuencias do paso do tempo polo que reclaman atención por parte das institucións, principalmente do Concello ao que responsabilizan do seu mantemento.

Tremor no PSOE municipal

Pavón anuncia a súa dimisión por motivos persoais e Veleiro remodela competencias co criticado regreso pola oposición de Eduardo Vidal

O primeiro tenente de Alcalde de Vilalba, Rodrigo Pavón Prieto, anunciou a súa dimisión “por motivos persoais” esta tarde na casa de cultura nunha rolda de prensa na que estivo acompañado polo membros do partido e a alcaldesa, Elba Veleiro. Os rumores da súa dimisión xa circularan antes do Nadal, cando o socialista comunicara á militancia a súa intención alegando “motivos persoais” para tomar esta decisión. Como naquel momento, o concelleiro asegurou que a súa dimisión débese a motivos persoais e que foron “moitos anos de compromiso co partido”. Pavón foi responsable da creación das xuventudes socialistas, actuou catro anos como concelleiro na oposición e foi un dos membros do partido que o levou ata a primeira vitoria electoral dos socialistas no feudo do Partido Popular de Vilalba. Tamén desempeñou este tempo de lexislatura o seu papel como concelleiro de Espazos Cidadáns, relacións coa veciñanza e servizo e primeiro tenente de alcalde.

Cando se cumprían dous anos e medio como secretario de organización, Pavón asegurou que “pasado un tempo prudencial tralos éxitos acadados na campaña electoral, é tempo de dar un paso ao lado e deixar a outros que tomen as rendas”.

Días máis tarde, Elba Veleiro anunciou a remodelación de goberno para facer fronte á segunda metade do seu mandato.

A edil Marta Rouco asume a portavocía do Grupo de Goberno e ocupa a primeira tenencia de Alcaldía. Ás súas áreas de Políticas Sociais e



O novo equipo de Goberno de Vilalba

Comercio, suma as delegacións de Economía e Facenda. No tocante á xestión do persoal, porase á fronte a nova incorporación do executivo,

Eduardo Vidal, deputado provincial e concelleiro na anterior lexislatura. Coa súa chegada ao equipo de goberno, comezará a dirixir as delegacións de Réxime interno, Seguridade cidadá e Servizos.

A rexedora, Elba Veleiro, responsabilizarase da xestión directa no relativo á Promoción do territorio e Turismo.

O novo Goberno

- Elba Veleiro, alcaldesa, Promoción do territorio e Turismo
- Marta Rouco, concelleira de Políticas Sociais, Economía e Facenda, e Comercio
- Eduardo Vidal, concelleiro de Réxime interno, Seguridade cidadá e Servizos
- Luís Fernández, concelleiro de Infraestruturas e Urbanismo
- Vanesa Siso, concelleira de Cultura, Comunicación e Igualdade
- Ignacio Criado, concelleiro de Medio ambiente e Rural
- Antía Rama, concelleira de Educación, Infancia e Mocidade, Feiras e Mercados
- Xosé Teixeira, concelleiro de Deportes.

OPOSICIÓN. Para os populares, esta remodelación “demostra que a renuncia do tenente de alcalde, Rodrigo Pavón, non se debe a motivos persoais; senón que se debe a unha cruenta loita entre os históricos membros do PSOE local e os socialistas máis novos que deriva na laminación do partido e coa derrota destes últimos”.

“Para paliar a revolta interna, o PSOE pecha filas en torno ao núcleo duro incluso cando o propio Eduardo Vidal anunciara a súa retirada da corporación e da vida política”. Polo tanto, trátase dunha “rancia remodelación” que evidencia unha “total falta de confianza na xente nova”.

EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

DISTRIBUIDOR OFICIAL



STARK
ET ASSURE



DESCUENTOS ESPECIALES...



...desde un 70%
en rodamientos
populares

...y desde
un 60%
en correas
industriales



RYS
SESACAR

RECAMBIOS Y SUMINISTROS

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com

A CHMS comprométese á construción do tanque de tormentas e outras melloras

José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), e Elba Veleiro, alcaldesa, rubricaron un protocolo de colaboración a través do que se adquire o compromiso para o financiamento, execución e entrega das distintas actuacións que mellorarán o abastecemento e o saneamento. O municipio conta cunha rede de saneamento que leva as súas augas residuais á estación de depuración de augas residuais (EDAR) dos Pasos, a cal recibe un caudal en tempo de choivas, que supera a capacidade de tratamento da mesma e que provoca numerosas verteduras residuais sen tratar ao río Madalena. Para solucionar procederase á construción dun tanque de tormentas e outras actuacións de mellora do pretratamento na propia EDAR.

Por outra banda, o polígono industrial está conectado á EDAR municipal, na súa gran maioría, e o resto á do polígono, o que provoca verteduras puntuais sen tratar ao medio acuático; por iso, é necesario conectar as verteduras industriais a esta última, evitando que recolla vertidos de pluviais que puidesen xerar alivios en tempo de choiva.

En terceiro lugar, no Campo de Cristo, xunto á estrada N-634, existe unha pequena poboación, situada en Camiño de Santiago, conectada a unha fosa séptica non operativa, cun colector en mal estado; a opción máis viable é a reposición do citado colector dotándoo, ademais, dunha pequena depuradora.

Por outra banda, as ETAP de San Simón e As Cañotas contan cun sistema de depuración con filtros de area que, cando son lavados, xeran efluentes de auga con certa carga contaminante que é vertida a leito

público; para liquidalo, sería necesario dotar a estas instalacións de decantadores lamelares que depuren as verteduras antes da súa saída ao leito. O investimento estímase en 3.250.000 euros.

PARQUE INFANTIL. Tamén deron comezo as obras para a reforma do parque infantil da Alameda de Basanta Olano. A actuación consiste na renovación do pavimento amortiguador de seguridade, a colocación dun sumidoiro que recolla as augas pluviais da praza e elimine os problemas de humidade, a retirada dos xogos existentes e a colocación de novos xogos e aparatos homologados. Tamén se colocarán mamparas de policarbonato na parte norte e oeste do parque, co obxectivo de evitar as caídas a distinto nivel e cumprir coa normativa vixente. É un proxecto de máis de 30.000 euros que servirá para renovar por completo o espazo.

ALUMEADO. Remataron as obras de renovación do alumeado público con tecnoloxía LED en seis rúas do casco urbano.

En concreto, as obras foron nas rúas Campo de Puente e a rotonda do polígono (82 luminarias), Muras e unha parte da travesía Terra Chá (14), Foz (12), nos arredores da estación de autobuses e Campo Redondo (44), e Corvite (52). Os traballos supuxeron a renovación de 204 puntos de luz.

ACCESOS. Rematou tamén a renovación do firme e acondicionamento do vial que da acceso ao núcleo de Outeiro e á igrexa de Belesar, na parroquia de San Martiño de Belesar, na vía de titularidade municipal que comenza na estrada provincial LU-P-6511, no núcleo de Aldea.



O parque infantil da alameda Basanta Olano

Melloras no CEIP Mato Vizoso

Antes de que remate o ano darán comezo as obras de mellora do CEIP Mato Vizoso, que teñen un orzamento de preto de 190.000 euros (189.052,93).

As obras consisten na substitución das ventás existentes que non foron substituídas nos últimos anos. Dispónse unha nova carpintería similar ás colocadas recentemente (ventás con apertura oscilobatiente, con dobre acristalamento). Esta mellora realizarase en todas as ventás do edificio secundario e nalgúns do edificio principal.

Ademais, instalarase un ascensor exterior para 8 persoas con 4 paradas (planta baixa, primeira, segunda e terceira) nun dos dous núcleos de escaleiras do edificio principal para mellorar as condicións de accesibilidade no centro. No edificio principal, tamén se procederá á substitución das carpinterías inte-



riores do edificio en aulas, despachos, salas de profesores por unha nova carpintería laminada de taboleiro fenólico.

As portas que dan acceso a aulas terán unha superficie acristalada. Ademais, no edificio principal pintaranse interiormente os dous núcleos de escaleira. O prazo de execución é de dous meses e medio.

Buscan axuda para melloras no edificio do servizo de Atención Temperá

O Concello de Vilalba vai solicitar á Xunta de Galicia unha subvención para corrixir o impacto na contorna urbana da fachada do edificio municipal onde se presta actualmente o servizo de Atención Temperá.

En concreto, pedirá 25.000 euros nunha convocatoria de axudas para renovar fachadas "que supoñan un impacto paisaxístico como consecuencia da inexistencia dun acabado final, o deficiente estado de conservación ou a tonalidade e intensidade da actual cor de acabado".

O Concello de Vilalba informa aos seus veciños e veciñas de que, no caso de non obter a axuda autonómica, acometerá a actuación con fondos municipais.

Queixas á Xunta polo abandono dos edificios da rúa das Pedreiras

Advirten dos riscos que supón para a seguridade o estado dos edificios abandonados que son propiedade da Xunta de Galicia na contorna do auditorio Carmen Estévez.

Nos últimos tempos romperon a porta de acceso a un dos inmobles, co conseguinte risco de que poida entrar alguén a un inmobile en estado de abandono, nunha zona ademais do municipio con moito tránsito de nenos e nenas.

O concello demandou en reiteradas ocasións á Xunta de Galicia que realice os traballos de mantemento destes dous edificios. "Non temos resposta por parte do IGVS nin do delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias", aseguran.

ELECTRICIDAD

MONCHO SANTOME

TRAÍGANOS SU FACTURA DE LUZ
EL 97% DE LAS PERSONAS QUE NOS TRAE SU FACTURA DE LA LUZ CONSIGUE AHORRAR

- Instalaciones eléctricas en general
- Líneas de media y baja tensión
- Antena TV
- Instalación voz y datos
- Instalaciones de energía solar
- Tienda de material eléctrico
- Lámparas



Telf. Oficina y Tienda 982 512 444 - Vilalba
 monchoysantome@yahoo.es
 www.monchoysantome.com

ÚLTIMAS VIVIENDAS DE 97 A 112 m²



Edificio céntrico y bien situado

- Ascensor hasta la planta bajo cubierta, zona trasteros.
- Trasteros con ventana exterior y toma para lavadora.
- Fachada ventilada de cantería.
- Instalación fotovoltaica para ahorro de electricidad en la comunidad de vecinos.
- Instalación solar térmica para producción de agua caliente.
- Amplias plazas de garaje.

PIDA PRESUPUESTO SIN COMPROMISO



FOLGUEIRAS INVERSIONES SL

982 512 444 - 659 080 853 - www.folgueirasinversiones.com

O PP acusa ao Concello de negligencia no funcionamento dos servizos públicos

“A situación de desleixo e deixadez do goberno local de Vilalba sobre os asuntos municipais saíu a relucir no último pleno”, segundo manifestan os populares. Incluso, “eles mesmos recoñecen esa política de brazos cruzados ao apoiar a nosa moción na que lle esixiamos ao goberno local cumprir os acordos plenarios que, a pesar de contar con unanimidade e, polo tanto, co seu voto favorable, aínda non foron capaces de executar”.

Concretamente, o Grupo Municipal Popular de Vilalba esixía actuacións precisas para que, antes de que

remate o presente ano 2021, se proceda a sacar a licitación o novo contrato do lixo “que leva un ano rematado sen prorrogar nin licitar de novo a pesar de que a alcaldesa se comprometera a facelo antes de que rematase o ano pasado”. Tamén pedían os populares que presentara o informe xurídico sobre a situación legal do Mupav “que a alcaldesa prometera para o inicio deste ano que vai xa polo último trimestre e aínda non coñecemos”. E, tamén executar as axudas a hostalería, comercio e autónomos que foran aprobadas a comezos de ano para



Estado no que se atopa a ponte da Ribeira

as que logo se aprobaron as bases nun pleno extraordinario e noutra sesión posterior se aprobara tamén a incorporación de remanentes para facer fronte a eses pagos. “O goberno aínda non fixo nada para poñelo en marcha co conseguinte prexuízo para os destinatarios”, condenan.

REGULACIÓN DO TRÁFICO. O Grupo Municipal do PP tamén se interesaba no pleno por coñecer os plans do

goberno local sobre a ordenación e regulación do tráfico no casco urbano de Vilalba que é un problema complexo que “se volveu excepcionalmente difícil nos últimos tempos pola decisión unilateral do goberno socialista por converter a rúa da Pravia en unidireccional. A pesar de que no seu momento xustificaron a decisión como provisional e que no pleno de onte se comprometeron a consultar coa xente e cos grupos

políticos, continúa a preocuparnos que poda ser unha decisión definitiva atendendo ás declaracións vertidas pola alcaldesa nos medios de comunicación nas últimas semanas”, segundo recorda o voceiro, Agustín Baamonde.

Os populares explican que “quedaron no aire igualmente algunhas das cuestións plantexadas coma a data na que está previsto que remate a situación de provisionalidade da rúa da Pravia con dirección única; así coma os informes técnicos aos que fan referencia para xustificar a súa decisión e que aínda non coñecemos”.

PONTE DA RIBEIRA. O Grupo Municipal Popular trasladaron ao pleno as queixas dos veciños que requiren a reparación dos danos que presenta a Ponte da Ribeira, na estrada de San Simón a Samarugo. “Agardamos que o goberno local tome as medidas oportunas para evitar situacións de perigo que poderían derivar do seu progresivo deterioro”.

Vilalba Aberta reforza a súa estrutura para ser alternativa de goberno no 2023

Máis dun cento de persoas acudiron á asemblea de presentación do novo proxecto político de Vilalba Aberta. Baixo o lema *Máis que un Partido*, o encontro supuxo tamén a posta de largo do que será o primeiro órgano coordinador na historia da formación. Así, Vilalba Aberta fixo públicos diante da veciñanza os nomes dos veciños que darán forma á súa Coordinadora e explicou as bases estratéxicas sobre as que se asentará o seu novo proxecto de cara ás Eleccións Municipais de 2023.

Estruturada en once responsabilidades, a cuxa cabeza se atopará Mónica González como nova responsable de organización; a Coordinadora de Vilalba Aberta caracterízase polo

grande peso das mulleres (8 fronte a 3 homes) e a importante presenza de xente nova na súa composición. Ademais, separa escrupulosamente as responsabilidades institucional e orgánica, consagrando a máxima de unha persoa un cargo, resultando, tal e como explican dende a formación, “unha VA moito máis eficiente á par que coral”.

Mónica González é a responsable de organización dun órgano executivo no que tamén estará presente Modesto Renda, en tanto que voceiro municipal da formación, e na que a actual vicevoceira, M^a Xosé Fernández, terá unha responsabilidade clave na actual etapa de negociacións, como nova encargada de Relacións

Institucionais.

A traballadora autónoma Tamara Rodríguez será a responsable de Emprego e Desenvolvemento Local e a funcionaria interina de xustiza, Ana Paredes, unha das últimas incorporacións de Vilalba Aberta e, durante anos, unha das cara visibles da Asociación Protectora de Animais “Os Peludiños”, será a responsable de Medio Ambiente e Benestar Animal. Iria Currás, historiadora e activista LGTBI, estará á fronte de Igualdade; Luís Barrio, bombeiro forestal, será o responsable de Parroquias e o traballador público, Carlos Currás, encargárase de Urbanismo.

O equipo, péchanos a educadora social María Pérez como responsable



de Educación e Mocidade; a traballadora do Servizo de Axuda no Fogar, María Xesús Ferreiro, á fronte de política social e a pedagoga e recoñecida escritora vilalbesa, María Xosé Lamas, como responsable de Cultura e Lingua.

Na asemblea de presentación, confirmouse tamén que Vilalba Aberta concorrerá ás eleccións municipais co seu propio partido instrumental

e unicamente coa marca VA, descartando formar parte de ningún “paraugas instrumental” con outras candidaturas ao longo do País. Con todo, Modesto Renda fixo un chamamento á unidade, remarcando que “as portas están abertas e a nosa man está tendida a todas aquelas persoas que antepoñan os intereses do noso Concello por enriba de calquera outro”.

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

VA

VEIGUELA ABOGADOS

RECUPERA LOS GASTOS DE FORMALIZACIÓN DE TU HIPOTECA

Gastos de Registro, gastos de empresa gestora, gastos de tasación, gastos de notaría, comisiones de apertura de hipoteca.

RECUPERAMOS TU DINERO. NO DEJES QUE SE LO QUEDE EL BANCO

SOLO COBRAMOS SI TÚ COBRAS

1ª CONSULTA GRATUITA
 Llámanos: 982 228 606

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎ 982 228 606

📷 veiguelabogados 📺 veiguela abogados

Vilalba acolle a primeira escola de igualdade

Vilalba anuncia a primeira Escola de Igualdade, un espazo de formación, prevención e sensibilización contra as violencias machistas e en pro da igualdade. Co lema A igualdade, a meta. O feminismo, o camiño, desde a Área de Igualdade e o CIM, xunto coa Asociación Feminista de Vilalba, lanzan esta iniciativa que terá lugar os vindeiros 15 e 16 de outubro.

A Escola de Igualdade de Vilalba pretende ser un lugar de encontro entre mulleres e de aprendizaxe, con dous xornadas de conferencias e mesas redondas onde se abordarán temas como as violencias machistas no confinamento, os conceptos ao redor do feminicidio ou a cousificación do corpo das mulleres. Relatoras de primeiro nivel, estudosas das políticas de igualdade e violencia de xénero, integran este cartel.

A xornalista Eliana Martíns dará unha conferencia titulada *A pandemia na sombra. Violencia contra as mulleres no confinamento*, e o médico especialista Miguel Lorente profundizará sobre as causas e consecuencias da violencia de xénero.

A filósofa e ensaísta Carme Adán, compoñente da Comisión Técnica de Xénero do Consello da Cultura Galega, falará sobre as violencias femi-



cidas, conceptos e leis.

A cousificación do corpo das mulleres será tratada por Yolanda Domínguez, artista visual experta en comunicación e xénero, Fátima Arranz, titular de Socioloxía na Universidade Complutense de Madrid, e Ana Dolores Verdú, doutora en Estudos de Xénero, profesora na Universidade Técnica Particular de Loja (Ecuador). Esta mesa redonda estará moderada por María Valcárcel, profesora da USC, xornalista e xestora cultural.

Ademais, as xornadas abriranse cunha mesa local organizada pola Asociación Feminista de Vilalba, unha aposta do colectivo por poñer en valor o papel das mulleres vilalbesas en distintos sectores, e que agora integra a Escola de Igualdade.

Organizan un novo concurso de cabazas por Samaín o día 30

Tras o éxito da primeira edición, volve convocarse este ano o concurso Pinta e crea a túa cabaza de Samaín. O concurso diríxese a todos os públicos, agrupando aos participantes en tres categorías: infantil, ata 12 anos; adulto, dende os 13 anos; e artística, que inclúe a todas as idades.

Como novidade, este ano engáda-se a categoría *artística*, que é compatible coas outras dúas, polo que os participantes poden competir en adulto e artística ou en infantil e artística. As cabazas entregaranse o 30 de outubro de 2021, na Praza da Constitución entre as 11:00 e as 12:00. Todas as cabazas permanecerán en exposición durante o sábado 30 de outubro na mesma praza, ambientada para a ocasión, entre as 12:00 e as 17:00. O xurado do concurso será a cidadanía de Vilalba, deste modo, instalarase unha furna selada na propia exposición. O público asistente poderá votar polas cabazas que máis lle gusten, emitindo un voto por persoa e categoría. Ás 17:00 horas, contabilizaranse os votos na Praza da Constitución.

O Concello anima á veciñanza a



acudir o 30 con disfraces típicos do Samaín. Ademais, tras a entrega de premios, o Concello presentará o espectáculo de contacontos de Rilo&Penadique *Historias con suso para durmir a gusto*.

O Concello de Vilalba concederá premios aos 3 primeiros clasificados/as de cada categoría, que consistirán en vales de 75, 50 e 25 euros, respectivamente, para gastar no comercio local, así como un diploma. Os vales poderán canxearse nos comercios recollidos nas bases do concurso.

As persoas interesadas en participar deseñando a súa propia cabaza poden inscribirse ata o vindeiro 20 de outubro na sede electrónica do Concello e na oficina de cultura.

Veciños de Guntín reclaman á Xunta a restitución de paradas no transporte escolar

Pais e nais dos CEIP Antonio Insua Bermúdez e Manuel Mato Vizoso fixeron chegar a súa queixa pola eliminación das paradas do servizo de transporte escolar en Guntín e reclaman que sexan restituídas incluíndo de novo no servizo ordinario e co seu funcionamento habitual.

Segundo explicaron co comezo deste curso, a Consellería de Educación cambiou o sistema da parada de Guntín, pasando a dar servizo a esta zona un autobús que depende do departamento de Mobilidade da Xunta de Galicia. A poucos días de comezar o curso, a Consellería informou aos pais e nais do alumnado que viña empregando esta parada de que usarían este servizo fóra do transporte escolar ordinario, e que os seus fillos deberían empregar a tarxeta moedeiro Xente Nova.

Para os pais, "esta situación provoca unha discriminación entre o alumnado, xa que para ser usuario da tarxeta, cómpre ter DNI, que só é obrigatorio a partir dos 14 anos. Ademais, a tarxeta esixe ser maior de 4 anos, a pesar de que hai alumnos/as de 3 anos de idade que si teñen asignada dita parada anteriormente, ata os cambios forzados para este curso".

Hijos de Ramón Rubal

COMPRAMOS MADERA PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es




Avenida de Galicia, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 100m²
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso cuarto sin ascensor, de 4 habitaciones y sala, baño y aseo y cocina. La vivienda tiene calefacción individual de gasoil y dispone de un trastero en el bajo cubierta.

25.000€

Avenida Terra Cha 142, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 100m²
En la localidad de Vilalba (Lugo), en concreto en la avda. Terra Cha, se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. Dispone de una plaza de garaje, un trastero y ascensor. Tiene calefacción de gas ciudad. El piso se vende con el mobiliario.

80.000€

Campo de Puente 11, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 115m²
En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico de 3 habitaciones, comedor y sala, 2 baños y cocina. Dispone de trastero, ascensor y calefacción individual de gas ciudad.

59.000€

Novo Cazón, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 120m²
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico, de 3 dormitorios y sala, dos baños y cocina. La vivienda se vende totalmente amueblada. Dispone de una plaza de garaje y un trastero en la zona del garaje y otro en el bajo cubierta.

117.000€

Avenida de Galicia 48, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 3 Baños | 170m²
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso 1 sin ascensor, de 4 habitaciones, 3 baños, sala muy amplia y cocina.

60.000€

N-634 621, Vilalba
Casa / Chalet Independiente | 1 Dorm | 1 Baño | 30m²
En las proximidades de Vilalba (Lugo), se vende chalet de una habitación, baño, cocina y una finca de unos 1500 metros. Muy próximo al restaurante Montero.

44.000€

Avenida da Terra Cha, Vilalba
Dúplex | 5 Dorm | 2 Baños | 185m²
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende dúplex en buen estado de uso, tiene en la planta baja: La cocina, sala, terraza, un baño, dos habitaciones y un trastero. En la planta alta hay un baño y cuatro habitaciones; pero una de ellas está acondicionada como vestidor.

160.000€

O Adro, Vilalba
Casa rural | 6 Dorm | 2 Baños | 216m²
En la parroquia de Lanzos, municipio de Vilalba (Lugo), en concreto a unos cinco kilómetros del centro de Vilalba, se vende una casa de unos 216 metros cuadrados, con una finca edificable de unos 4100 metros. La casa precisa algunas reformas. Cabe la posibilidad de vender la casa con menos terreno, con su consiguiente reducción de precio.

190.000€

LU-P-6502, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 500m²
Se vende solar en esquina de la calle Ciudad de Viveiro con calle Castela. Se venden 500 metros cuadrados con 21 metros de fachada a la calle Ciudad de Viveiro y 27 metros de fachada a la calle Castela. El precio total son 90.000 euros. También se vende fraccionadamente en un solar de 203 metros y otro de 296 metros. En cuyo caso el precio es 45.000 euros por cada uno.

90.000€

Alcalde Fraga Bello 20, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 104m²
En Vilalba (Lugo), a unos 30 minutos de Lugo y Ferrol, 45 minutos de A Coruña, en las proximidades del ambulatorio, se vende piso de 3 dormitorios y sala, 2 baños y cocina. Dispone de ascensor, garaje y trastero. El sistema de calefacción es a gas con caldera individual.

105.000€

Herrería 25, Vilalba
Casa / Chalet Adosado | 3 Dorm | 1 Baño | 153m²
En la planta baja tiene un local que se puede usar como garaje o para montar un negocio.

55.000€

Inmobiliaria JRoca Plaza Seso Gaioso - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles

Comunidades - Penal

Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720

www.rocaabogados.info

Insua prepárase para celebrar a Tasca do Liño o 30 de outubro

A Asociación de Mulleres Rurais de San Bartolomeu de Insua convocou un ano máis os dous concursos de poesía e debuxo con motivo da celebración da XIII edición da Tasca do liño, que terá lugar o 30 de outubro. Así, repetirán por cuarto ano o concurso de debuxo infantil Insua e o Liño dirixido a todos os pequenos entre 7 e 13 anos.

A organización establece como temática do concurso o cultivo do liño, a Tasca, as fías do liño ou calquera elemento relacionado coa manufactura tradicional testa planta. Os participantes poderán presentar só un debuxo acompañado dunha breve descrición.

O prazo de participación permanecerá aberto ata o 21 de outubro xa que os premios serán entregados ao gañador no transcurso da feira.

Ese mesmo día haberá unha exposición con todos os traballos presentados.

Os premios consistirán en vales de compra de material escolar e diploma. Para o primeiro será de 100 euros, para o segundo de 55 e para o terceiro de 35 euros.

Paralelamente este ano volve convocarse a segunda edición do outro certame, nesta ocasión de poesía, que ten como obxectivo involucrar aos mozos no coñecemento e recuperación do cultivo tradicional. Deberán ser orixinais e non terse presentados noutros concursos.


O concurso está dirixido a rapaces e rapazas maiores de 18 anos e admitirase un único poema por persoa. O prazo de entrega de orixinais remata tamén o 21 de outubro.

O lescha organiza dous actos vinculados ao PXOM de Vilalba

O Instituto de Estudos Chairegos ou lescha, segue coa súa programación anual e nesta ocasión organiza para os días 22 e 29 de outubro de 2021 senllos actos que teñen como temática común o PXOM e será baixo o título común de *Que sabemos do PXOM?*

Así, o venres 22 de outubro ás 20.30 horas, na casa da cultura de Vilalba, terá lugar unha conferencia a cargo de Fátima López Souto, que leva por título *O Planeamento. Ferramenta para facer cidade*. Este acto estará presentado por Marisa Barreiro.

Xa o venres 29 de outubro ás 20.30 horas e tamén na casa da cultura de Vilalba, levarase a cabo un debate entre representantes de catro partidos políticos vilalbeses: o BNG, o PP, o PSOE e Vilalba Aberta. O debate estará moderado por Baruk Domínguez.



Estas actividades enmárcanse na denominación xenérica de Debates necesarios, e dan comezo a un ciclo co que o lescha pretende ofrecer a maior información posible sobre asuntos de interese.

A entrada é libre ata cubrir o aforo estipulado, téndose en conta sempre as medidas sanitarias estipuladas en cada momento.



CEIP TERRA CHÁ. O centro educativo de Vilalba iniciou un programa de apoio e axuda ás familias damnificadas polo volcán de La Palma, nas illas Canarias. Este plan de axuda están sendo levado a cabo pola dirección do centro de acordo coa Anpa do mesmo e coa colaboración de veciños. Así o centro educativo enviou como donativo a vaixela en desuso do comedor escolar, que foi cambiada debido á renovación da mesma.

CURSOS EN BREVE

COMPETENCIAS. O vindeiro 25 de outubro darán comezo no centro de formación de Cruz Vermella dous cursos de competencias clave de nivel 2 sobre matemática, que se impartirá de 09:00 a 14:00 horas e o segundo sobre lingua castelá, que terá horario de 15:00 a 20:00 horas. A formación está dirixida de xeito prioritario ás persoas en situación de desemprego, é totalmente gratuíta.

COIDADORES. A casa da cultura acollerá en outubro e novembro obradoiros dentro do Servizo de Apoio Integral ás Mulleres Coidadoras, dirixido a mellorar a saúde e a calidade de vida das mulleres coidadoras non profesionais no ámbito familiar mediante un servizo de apoio integral. Os talleres, que son gratuítos, realizaranse na Casa da Cultura os martes entre o 5 de outubro e o 30 de novembro en horario de 10.30 a 12.30 h e as mulleres interesadas poden inscribirse ata o día 30 de setembro chamando ao Centro de Información ás Mulleres no número 982 523 032.

SANTABALLA. A asociación de mulleres de Santaballa iniciará algunhas das actividades tradicionais, que realizarán cumprindo as normas sanitarias. Unha das actividades é de encaixe de boliños, que terá lugar os sábados pola tarde de 16 a 20 horas, impartido por Juani García Madrid. Tamén hai clase de ioga, impartida por María del Mar Seijas para os xoves de 20.00 a 21.30 horas. As persoas interesadas en inscribirse poden facelo no teléfono da asociación (647 441 099) ou no da presidenta (676 351 299).

ARBOL. A Asociación Cultural e Deportiva de Árbol retoma este mes as actividades culturais comezando con dous obradoiros, un de teatro e outro de música tradicional. O de teatro desenvolverase ao longo de todo o ano a cargo do grupo Borguete Teatro. Os interesados en anotarse poden facelo nos teléfonos 610 862 270 (Jesús) e 617 626 003 (Bea). Por outra banda, o obradoiro de música tradicional terá o seu inicio no mes de outubro. Hai prazas limitadas e as clases serán os mércores na escola do Santo, o grupo de infantil de 20.00 a 20.45 horas e os adultos de 21.00 a 23.00 (contando co ensaio xeral).

QUEIXO. Agacal ten previsto celebrar en Vilalba un curso de iniciación á análise sensorial dos queixos galegos con denominación de orixe protexida (DOP). A acción está programada na sede do Consello Regulador da DOP San Simón da Costa o 25 e o 27 de outubro. O obxectivo principal é formar na análise sensorial dos queixos galegos con denominación de orixe protexida. Os interesados en obter información adicional poden chamar ao teléfono 881997279.

XORNADAS MICOLÓXICAS

As Pontes, Terra de Cogomelos 2021

OBRADOIROS

Intoxicación por cogomelos

15 de outubro | 19:00h

ESPECIALISTA:

José Manuel Castro Marcote - Asociación Micolóxica Naturalista Pan de Raposo

Iniciación á micoloxía e paseo micolóxico

23 de outubro | 9:00h

ESPECIALISTA:

Miño Guerreiro - Mesón O Puxigo

LUNS MICOLÓXICOS

Inspección e identificación de cogomelos (escolle a túa data)

18 e 25 de outubro | 8 e 15 de novembro

18:00h

ESPECIALISTAS:

Antonio Díaz
José Luis Cuba

Actividades gratuítas e prazas limitadas.

INSCRÍBETE!

FALADOIROS

Fungos e cogomelos en Galicia. Retos e oportunidades

30 de outubro | 17:30

ESPECIALISTAS:

José Castro - Sociedade Micolóxica Lucus
Chemi Traba - Federación Galega de Micoloxía
Ovidio Queiruga - Comunidade de Montes de Baroña

Xestión sostible do monte e aproveitamentos comerciais dos cogomelos

12 de novembro | 19:00

ESPECIALISTA:

Marisa Castro - MycoGalicia Plantae.
Investigadora e divulgadora na UVigo

XXXI Feira de Fungos e Cogomelos

Do 30 de outubro ao 1 de novembro celébrase unha nova edición da feira

+info e inscricións:

☎ 604 04 73 37

✉ terradecogomelos@gmail.com

🌐 <https://deloga.typeform.com/cogomelos2021>



EN BREVE

MOVA. A asociación de comerciantes Cohempo das Pontes organizará este ano de novo MOVA, o Mercado de Oportunidades Vila das Pontes, que terá lugar os días 30 e 31 de outubro e 1 de novembro coincidindo coa celebración da Feira dos Fungos. Esta é outra das citas que se recupera tralo paso da pandemia. Prevese que o mercado estea aberto, o sábado e o domingo, de forma ininterrompida durante o día e que haxa, entre outros, postos de roupa infantil, moda de muller, deportes, agasallos, calzado, complementos, papelería, perfumería, saúde e produtos agrocomerciais que ofrecerán descontos e promocións especiais nos seus produtos.

ITV. A unidade móbil da ITV está entre os días 29 de outubro e 3 de novembro nas Pontes para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. Estará instalada na rúa 8 de marzo. As revisións faranse de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas agás os días 29 e 3, que será só en horario de mañá.

BIBLIOTECA. A Biblioteca das Pontes mudou o horario de atención ao público co reinicio do curso escolar e trala tempada de verán. Deste xeito, a biblioteca ampliará o seu horario deixando aberto entre as 9 e as 21 horas de luns a venres, mentres que o sábado estará aberta entre as 9.00 e as 13.00 horas. Este horario mantense ata a chegada do verán.

PISCINA. Abriu o período de nas actividades da piscina municipal para o curso 2021-2022. Este ano, as inscricións realizaranse en dúas fases. Así, as persoas interesadas deberá realizar unha preinscrición inicial, de forma telemática a través dun formulario que se publicará na páxina web do Concello e todas aquelas persoas que non dispoñan de medios dixitais, poderán achegarse ata a piscina municipal para realizar a preinscrición, de forma presencial, no horario de apertura de instalación. Este ano, no vaso da piscina, impartiranse cursos de natación para bebés e niveis (de cero a catro) para nenos e nenas desde 3 a 16 anos. Para @s bebés (nen@s nados entre 2019 e 2021) as sesións serán de 30 minutos de duración, e os cursos impartiranse os sábados.

González Formoso disputa a presidencia do PSOE galego

Valentín González Formoso presentou na praza América das Pontes, a súa vila natal e da que é alcalde desde o ano 2007, a súa candidatura ao proceso de Primarias á Secretaría Xeral do PSdeG-PSOE. Un acto no que estivo acompañado de máis 200 persoas, entre as que se atopaba a militancia de base da agrupación local e compañeiros de partido doutras agrupacións, e no que se instou á militancia a “recuperar o orgullo de ser socialistas en Galicia”.

González Formoso anunciou “a súa candidatura, o seu compromiso total co partido socialista e con Galicia” e quixo arrincar nas Pontes “onde hai case 20 anos empezou todo, e onde continúa todo, unha caravana de ilusión que percorrerá Galicia de norte a sur e de este a oeste, un proxecto que quere recuperar o talento do partido socialista, que quere abrir as súas ventás e poñelo a disposición dos galegos e as galegas”.



Valentín González Formoso, na entrega de avais

“Queremos liderar o partido socialista de Galicia e o modelo que nós ofrecemos non se resigna a ser terceira forza política, xamais escoitaredes desta boca que o PSdeG non pode gañar as eleccións autonómicas porque iso sería renunciar á socialdemocracia para Galicia, renunciar a que teña igualdade de oportunidades”, destacou. Valentín González Formoso entre-

gou hoxe en Santiago de Compostela, na sede do PSdeG-PSOE da rúa do Pino, os avais da súa candidatura á Secretaría Xeral do partido e anunciou o seu primeiro compromiso como candidato para que o proceso de Primarias “se faga co tempo suficiente para facilitar a participación da militancia e para que calquera compañeira ou compañeiro que queira presentarse poida facelo”.

As Pontes contará cun servizo de xeolocalización para emerxencias

O Concello das Pontes presentou, ás asociacións veciñais das parroquias da contorna rural, un sistema de xeolocalización de vivendas e outros puntos de interese do municipio co obxectivo de axilizar os tempos de resposta ante calquera incidencia e contribuir a facer máis eficientes os servizos de emerxencias.

Este servizo responde á singularidade da zona rural das Pontes onde existe unha maior dispersión de vivendas, ausencia de rúas con nome e vivendas sen numeración ademais da particularidade do costume da veciñanza de referirse ás vivendas por un alcume, circunstancia que dificulta a localización das vivendas cando se produce a emerxencia.

As Pontes será o primeiro concello da provincia da Coruña no que se implantará a aplicación Isocrona, una app que estará só a disposición dos servizos sanitarios, dos bombeiros, da policía local, da garda civil e dos servizos sociais municipais.

Abre a inscrición nas escolas deportivas para os adultos

Abriu o período de inscrición nas escolas municipais deportivas para persoas adultas. Este ano as inscricións realizaranse en dúas fases. As persoas interesadas deberán facer unha preinscrición inicial (só se admitirá unha solicitude por persoa). O departamento de deportes habilitou tres vías para realizar esta preinscrición; de forma telemática, a través da sede electrónica ou do e-mail do departamento, e de forma presencial, no primeiro piso da casa consistorial.

A admisión nas escolas deportivas virá determinada pola data e hora de presentación das presincricións, ata completar o número de prazas. Unha vez cotexados os rexistros de preinscrición, desde o departamento de deportes confirmarase, por vía telefónica, a praza, quedando deste xeito formalizada a inscrición.

Este ano, as actividades das escolas municipais deportivas para

adultos cambian os seus horarios e ubicación e os grupos quedarán limitados a un máximo de 10 persoas. Impartiranse clases de mantemento físico, os luns e os mércores, en horario de mañá (de 11:00 a 13:00 horas) e de tarde (de 17:00 a 18:00) e os martes en horario de tarde (de 17:00 a 18:00 horas).

As clases de ximnasia de mantemento impartiranse tamén os luns e mércores en horario de mañá (de 09:00 a 11:00 horas) e os martes e xoves en horario de tarde (de 19:00 a 20:00 horas)

As clases de aeróbic impartiranse os martes en horario de mañá (de 11:00 a 13:00 horas) e en horario de tarde (de 18:00 a 19:00 horas) e os luns e os mércores de 18:00 a 21:00 horas. As de pilates serán os martes e xoves, de 09:00 a 11:00 horas e de 20:00 a 22:00 horas. Todas as sesións impartiranse na Caseta do Polbo e terán unha duración de 60 minutos.

Iniciadas as obras de mellora no cemiterio dos Alimpadoiros



Supervisión das obras no cemiterio

Iniciáronse no Concello das Pontes as obras de mellora da accesibilidade e humanización da contorna do cemiterio dos Alimpadoiros.

O desnivel inferior e de menor tamaño eliminarase coa creación de dos ramplas simétricas, en forma de L, deixando dous tramos de escaleiras centrais mentres que, a escalinata curva actual substituirase por unha escaleira central e dous conxuntos de ramplas laterais que seguirán o trazado da escaleira orixinal.

Neste último caso, as ramplas realizaranse con muros de formigón que actuarán como elementos de protección. Así mesmo, o proxecto contempla a instalación de varandas de aceiro inoxidable para garantir a seguridade na zona de tránsito peonil. O proxecto tamén completa a reparación do firme da calzada co fresado das zonas precisas e o aglomerado da contorna do conxunto de ramplas mentres que o acceso central se executará con formigón impreso.

gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baixo
27800 Vilalba (Lugo)
Tel. 982516550

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL
Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba
Tlf 982 523 649 – 982 523 601
619 41 53 56 – 650 61 12 60
ALÉN

Endesa reármase para unha posible volta á produción

Sorpresa nas Pontes ante un cambio de dirección de Endesa. Cando o peche da central parecía estar á porta da esquina a central fixo unha compra de carbón e mobilizou xa aos transportistas para levar a carga ás Pontes.

Segundo explican isto é debido a que Rede Eléctrica prepárase para a parada das centrais nucleares estes próximos meses de novembro e decembro e busca fórmulas para poder garantir a subministración. O xestor técnico do sistema pediu ás compañías eléctricas que aínda non dispoñen das autorizacións de peche das súas centrais de carbón que informen sobre a súa dispoñibilidade. Tras esta petición, Endesa decidiu volver a aprovisionarse para facer fronte á posibilidade de que a súa produción poida ser necesaria para algunha carencia de subministración eléctrica. Parece ser que dende REE aseguran que non se lle fixo esta solicitude á compañía.

Xa está confirmado que Endesa realizou unha compra de preto de 80.000 toneladas de carbón destinados á súa planta de Pontes. A central segue activa no mercado e realizan-



do ofertas a diario, tal e como esixe a normativa, aínda que habitualmente non resulta casada a súa produción. Co actual incremento dos prezos do gas natural, as centrais de carbón volven ser competitivas, malia os prezos das emisións de CO2 que se atopan tamén en niveis récord con máis de 60 euros/Tn.

Ademais, debido a esta situación, os prezos do carbón volveron acadar esta mesma semana un nivel récord pola escaseza global de gas.

Endesa ademais segue tendo licenza para poder operar na central de Litoral, que tamén podería entrar a producir previsiblemente ata o 1 de

xaneiro de 2022.

Pola súa banda, a subdelegada do Goberno na Coruña, María Rivas, reiterou que o Executivo manifesta "con feitos" o seu compromiso inequívoco co futuro industrial da comarca das Pontes, afectada polo peche da central térmica de Endesa. María Rivas lembrou que Goberno acordou a concesión de 111 millóns do Fondo de Transición Xusta para Galicia, que se destinarán ás dúas comarcas afectadas por estes procesos, unha delas As Pontes: "Galicia é a segunda Comunidade que máis contía recibe para este concepto", detallou.

As Pontes lembra a orixe histórica do seu topónimo

Este mes cumpríronse 650 anos do acontecemento que deu orixe ao nome de As Pontes de García Rodríguez.

En setembro de 1371 o rei Henrique II convoca as Cortes na cidade zamorana de Toro. As Cortes son unha asemblea que preside o monarca asistido polo consello real e no que están representados os diferentes grupos sociais da época: nobreza, clero e estamentos cidadáns (cidades e vilas).

As Cortes prolongáronse durante varios días e o 30 de setembro o rei asinou a doazón da Vila das Pontes de Eume ao cabaleiro García Rodríguez de Valcárcel, como recoñecemento á lealdade mostrada.

O contexto desta lealdade hai que situalo no conflito acontecido trala morte temperá de Afonso oncenno, que será sucedido polo seu fillo Don Pedro (Pedro I) e a quen lle disputará o trono o seu irmán Henrique de Trastámara (Henrique II). En apoio de Don Henrique acudirá o nobre García Rodríguez de Valcárcel, que participará na batalla de Nájera. Este é un importante episodio bélico no que participarán ingleses e franceses, que xa estaban enfrontados nun



Graffiti do seu fundador

longo conflito.

Nesta importante batalla Henrique de Trastámara é derrotado, pero consegue escapar, cuestión que será decisiva. García Rodríguez de Valcárcel é preso nesta batalla, polo que ten que pagar unha importante suma de diñeiro para ser liberado. Un par de anos máis tarde, Henrique de Trastámara gañará a guerra contra o seu irmán e farase de forma definitiva co trono de Castela e León. Co novo rei García Rodríguez recibirá a vila das Pontes de Eume e o seu couto, un enclave situado no norte do Condado de Trastámara.

Inviste en Friol

CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol



Acto de presentación do novo colectivo

Nace Terras do Anaris, un grupo para impulsar a comarca

A asociación Terras do Anaris presentouse ante a súa sociedade nun acto no que estivo acompañado por un nutrido grupo de representantes sociais e institucionais, os fins e obxectivos para os que foi concebida. Este colectivo está formado por veciños de diferentes concellos do territorio do Eume.

O acto contou coa presenza de preto de 50 representantes de entidades públicas e privadas da bisbarra do Eume e serviu para expoñer as potenciais do territorio que atravesará o río Eume ao longo dos seus máis de 80 quilómetros, e da necesidade de dotalo dun plan estratéxico que dinamice e asente as bases

do futuro en diferentes áreas.

Terras do Anaris, integrada por membros da sociedade civil da comarca do Eume, iniciará a súa actividade mediante unha rolda de xuntanzas con entidades, empresas e persoas dos diferentes concellos da comarca do Eume, entre os meses de outubro e decembro de 2021, para xa no ano 2022, comezar a traballar de xeito participativo a través de mesas sectoriais, co fin de recoller as inxerencias, necesidades, preocupacións e ideas de cara ao artellamento dun plan estratéxico para o Eume, que sirva de documento de referencia para o desenvolvemento sustentable do territorio.

A vila prepara as xornadas de cogomelos para final de mes

A vila das Pontes porá en marcha, a partir do mes de outubro, unha serie de actividades sobre micoloxía que teñen como obxectivo complementar e fortalecer a Feira de Fungos e Cogomelos, que se celebrará entre o 30 de outubro e o 1 de novembro.

Durante a presentación das xornadas micolóxicas, Elena López, concelleira de Turismo, fixo fincapé en que “se trata dunha iniciativa aberta e gratuita que busca potenciar a actividade micolóxica na comarca. Preténdese, que durante un mes, todas as persoas interesadas na recolla de fungos, poidan atoparse e formarse nas Pontes con actividades que promoven o desenvolvemento rural a través de diversos aproveitamentos ambientais, culturais e económicos destes recursos naturais”.

No programa de actividades inclúese unha serie de obradoiros e faladoiros presentados por persoas destacadas no mundo da micoloxía. A primeira actividade será o venres 15 de outubro cun obradoiro sobre intoxicación por cogomelos a cargo de José Manuel Castro Marcote, presidente asociación micolóxica Pan de Raposo. Tamén, Miño Guerreiro, do Mesón O Puxigo, ofrecerá un obradoiro



Presentación da feira por parte da concelleira Elena López

de iniciación e un paseo de recolección e identificación de especies o 23 de outubro en horario de mañá.

O sábado 30 de outubro, levarase a cabo un faladoiro cos micólogos José Castro da Sociedade Micolóxica Lucus e Chemi Traba, presidente da Federación Galega de Micoloxía, que xunto con Ovidio Queiruga, presidente da Comunidade de Montes de Baroña conversarán co público asistente sobre os retos e oportunidades dos cogomelos en Galicia.

Tamén en formato faladoiro, contarase coa prestixiosa divulgadora e investigadora Marisa Castro, representante de MycoGalicia Plantae e

da Universidade de Vigo, que abordará a xestión sostible do monte e os aproveitamentos comerciais dos cogomelos.

As xornadas tamén contarán co ciclo Luns Micolóxicos onde durante catro luns, o cociñeiro especializado en cogomelos Antonio Díaz, xunto co micólogo José Luis Cuba realizarán a labor de inspección e identificación de fungos recolectados durante a fin de semana por parte do público.

A meirande parte das actividades terán unha duración aproximada de dúas horas, e debido a que as prazas son limitadas, requírese inscrición previa para poder asistir.

Programación cultural de outono

A vila retoma a programación cultural, despois dun breve período de descanso no mes de agosto e setembro, cunha decena de actividades dirixidas a todos os públicos.

Así, o venres 15 de outubro, ás 21:00 horas, no Auditorio Municipal Cine Alovi, a compañía Elefante Elegante representará a obra *Dreaming Juliet*, un espectáculo inspirado na peza *Romeo e Xulieta* de William Shakespeare no que se abordan as cuestións máis esenciais da existencia humana: O amor, a paixón, a familia e a maternidade.

Con motivo do Día das Bibliotecas, que se conmemora o 23 de outubro, desde a concellería de cultura elaborouse un programa que arrinca o mércores, 20 de outubro, ás 20:00 horas, no salón de actos da Casa Dopeso coa conferencia *Apuntes sobre a Ilíada e a Odisea* na que Marcelino López Méndez charlará sobre as principais personaxes da Ilíada e a Odisea e do seu eco e pervivencia dentro do mundo da arte e da literatura.

Ao abeiro desta efeméride, o día 21 de outubro, está programado o conta contos *Dúas heroínas voando van* de Raquel Crespo, no



salón de actos da Casa Dopeso, ás 18:00 horas. Ademais haberá, ás 20:30 horas, no mesmo lugar, un recital poético do Grupo Alalá. Tamén, para conmemorar o Día das Bibliotecas, o día 22 de outubro, no salón de actos da Casa Dopeso, ás 18:00 horas, os nenos e nenas poderán asistir ao espectáculo *Cinema e Música*, no que se musicaliza en directo a película *O moderno Sherlock Holmes* de Buster Keaton. Finalmente, o día 23 de outubro, ás 12:00 horas, proxectarase, no salón de actos da Casa Dopeso o documental *Negro púrpura* de Illa Bufarda.

O día 22 de outubro, Sarabela Teatro chegará ao Auditorio Municipal Cine Alovi, ás 21:00 horas coa obra *A lingua das bolboretas*, na que o público será testemuña do proceso de aprendizaxe que emprende o protagonista da man do mestre da escola e será tamén testemuña do impacto da Guerra Civil.

A programación continuará o xoves, 28 de outubro co espectáculo *A cabaza encantada* de Teatro Calavera, ás 18:00 horas, na Casa Dopeso, co que se celebrará a festividade de Samaín. O venres, 29 de outubro, a compañía Que contas? presentará a partir das 21:00 horas, no Auditorio Municipal Cine Alovi a obra *A voz tomada*.

Xa no mes de novembro, o venres 5, La Quintana Teatro chega coa súa obra *O Premio*, unha comedia ácida que fala da situación das persoas dentro dun futuro próximo. Será no Auditorio Municipal Cine Alovi, ás 21:00 horas.

Finalmente, o sábado, 6 de novembro, ás 19:00 horas, está programado o festival de Outono da Rondalla Vila das Pontes, no Auditorio Municipal Cine Alovi, que estará acompañado do grupo Camerata Piu Bella.

Concurso para o redeseño de prazas no poboado do Barreiro



O Concello das Pontes abriu o prazo para presentar propostas para a reforma integral da praza principal do Poboado do Barreiro e as prazas adxacentes. A finalidade deste concurso, posto en marcha en colaboración coa delegación de Ferrol do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, é recoller ideas para o redeseño deste espazo e a súa controna e convertilo nun lugar para o encontro veciñal e o lecer, sostible e baseado en criterios de eficiencia ambiental e accesibilidade.

Lorena Tenreiro, concelleira de Organización Interna apunta que “o Concello das Pontes convoca este concurso de ideas co obxectivo de seleccionar a mellor proposta desde o punto de vista urbanís-

tico, arquitectónico, patrimonial, funcional, de accesibilidade pero tamén paisaxístico e medioambiental para mellorar calidade de vida da veciñanza e dar resposta ás súas demandas”

Entre as propostas que se presenten, un xurado profesional, seleccionará o proxecto gañador que será premiado con 8.000 euros. Concederáse tamén un segundo premio de 3.000 euros e dous accésitos valorados en 1.500 euros. As propostas deberán presentarse fisicamente no Rexistro Municipal ata o 2 de novembro, e poderán concursar persoas con titulación en arquitectura e enxeñaría de camiños, canles e portos, con plena capacidade de obrar.

Abadín traballa en actuacións por valor de 730.000 euros

O Concello de Abadín está inmerso esta tempada nunha serie de obras que implican un investimento global de 729.437 euros, tal e como explicou o seu alcalde, José María López Rancaño.

Así, continúa co proceso de cambio de contedores en todo o territorio municipal, un total de 111, que se están a realizar nas parroquias de Corvite, Moncelos, Vilarente, Abadín e Fraias. Esta operación ten un importe de 62.778 euros.

No tocante a obras en estradas, estase a realizar o acondicionamento de accesos a Sisalde (Labrada), dende a capela de San Antonio a igrexa de Abeledo, barrio dos Terraxis en Moncelos e camiño desde Super Vigo en Moncelos. Esta obra conta cun orzamento de 108.262 euros. Tamén se está a realizar o acondicionamento de accesos desde o centro médico ata A Corda cun investimento de 98.730 euros.

Realiza o Concello tamén obras



Concello de Abadín

de matemento en Louside (Candía) ata Fanoi e en Gontán de Arriba (Quende) por valor de 84.814 euros. Na mellora do camiño dende Os Couzarros (Fraias) ata a igrexa de Quende destinan 31.432 euros.

Continúa tamén os traballos de acondicionamento de accesos a Currovedo e Tarandeiras en Labrada e camiños en Roma-

riz (Norte e Sur) por importe de 78.892 euros.

Tamén se realiza o acondicionamento do camiño que chega á capela de San Antonio en Abeledo; en Moncelos dende o cemiterio ata Valado, Terraxis (Norte e Sur) e no camiño de Cabaza en Vilarente. Todo isto ten un presupuesto de 75.974 euros.

Seguindo co acondicionamento de camiños, continúan as obras na antiga estrada en Corvite, Carracedos; nos camiños en Castromaior: Billetes (Este), Billetes (Oeste), Roma (Norte), Roma (Sur), Fontefeal, Egoeiras e Egoeiras de Abaixo; en Baroncelle no camiño de Vilatán e en Moncelos, Cañoteira. Ten un orzamento de 98.892 euros.

Completa a listaxe de obras en activo o acondicionamento do camiño Real en Abadín e o acceso ao Grupo Escolar, dende a estrada de Labrada ata a escola de Fanoi e camiño e ramal nos Beos (Fanoi). Todo por valor de 89.663 euros.

Licitan as obras do CEIP Aquilino Iglesias Alvariño

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade rematou o proceso de licitación de obras en numerosos centros de ensino da provincia de Lugo, entre os que se atopa o Ceip Aquilino Iglesias Alvariño de Abadín, no que se farán obras de mellora e reforma das instalacións cun orzamento que de preto de 260.000 euros (259.992,24 euros). Os traballos consisten nunha mellora xeral da carpintería do centro. Principalmente centranse na substitución de portas e ventás, por unha carpintería de aluminio con rotura de ponte térmica e vidros de dobre acristalamento, baixo emisivos, acústicos e de seguridade e cámara de aire intermedia. A apertura será oscilobatente.

Inclúese tamén a substitución das caixas de persianas e capialzados, así como a substitución debaixantes en mal estado, illamento de forxado horizontal de cuberta con lá mineral.

Tamén traballarase en diferentes estancias coa colocación de falso teito acústico en aulas, biblioteca,



corredores e comedor de placas de 60x60 cm. Colocación de falso teito en aseos e cocinas de placa vinílica normal con placas de 60x60 cm. Substitución de luminarias por equipos LED, con regulación lumínica e detectores de presenza.

Rematarán as obras co pintado de paramentos interiores sobre os que se actúa pola substitución de carpintería.

Finalmente, inclúen a reparación de cuberta de voadizo sobre entrada principal do centro.

O prazo de execución destes traballos é de dous meses e esperan que as obras comecen antes de que finalice o ano.

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS 2021 / 2022

Concello de Guitiriz

ACTIVIDADES:

- *Ximnasia Rehabilitación*
- *Actividades Aeróbicas: aerobic, step, zumba*
- *"Zumba" Infantil*
- *Campo a Través /Atletismo*
- *Pilates*
- *Ioga*
- *Ximnasia Rítmica*
- *Baloncesto*
- *Tenis de Mesa*
- *Patinaxe*
- *Fútbol Sala*



ORGANIZA:



CONCELLO DE GUITIRIZ

COLABORAN:



rábade

200 persoas anotáronse nas escolas deportivas

O Concello de Rábade comezaron as escolas deportivas con 200 persoas inscritas, a metade delas nas de persoas adultas.

Este ano en nenos, onde se engloban os que teñen entre 4 e 16 anos, recuperan o fútbol sala e terán tamén tenis de mesa, zumba infantil, xadrez e patinaxe. O resto de actividades, baloncesto, tenis, voleibol, ximnasia rítmica, atletismo, balonmán e rugby no tiveron demanda para facer grupo polo que este ano non se celebrarán. En adultos celebrábase ximnasia de rehabilitación, máis

orientados ás doenzas dos maiores, así como zumba, pilates, tenis de mesa, fútbol sala e ioga. Quedan sen grupo por falta de solicitudes patinaxe, atletismo e xadrez.

As clases de nenos xa se iniciaron e a intención é que den comezo as de adultos o 18 de outubro.

O Concello lembra que a inscrición, tanto para adultos como para nenos, segue aberta durante todo o ano. Os interesados en anotarse ás escolas poden facelo no departamento de Cultura e Deportes do Concello.

Organizan talleres de teatro e de memoria

Os veciños do termo municipal poderán sumarse a algunhas das actividades que organiza o Concello, como un taller de teatro. Desenvolverase en sesións de dúas horas semanais os xoves, en horario de mañá, de 11.00 hs a 13.00 horas. Comezarán o 7 de outubro e se prolongarán ata xuño.

A través deste taller, os participantes atoparán un espazo de esparcemento cultural e creativo no que poder dar renda solta a súa creatividade e a súa orixinalidade.

Tamén organiza en outubro un taller de memoria. Desenvolverase en sesións de unha hora e cuarto semanais, os luns a partir das 16.30 horas.



As sesións comezarán o 4 de outubro e se prolongarán ata xuño de 2022.

O obxectivo fundamental é a estimulación de capacidades cognitivas de orientación espacial, temporal e de linguaxe, traballando os dous tipos de memoria, a curto e longo prazo.

Convenio de colaboración para reformar o centro de saúde

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, e a concelleira de Cultura do Concello de Friol, Ángeles Buján Burgo, asinaron un acordo bilateral no que se establecen as bases para o financiamento das obras de reforma do centro de saúde da localidade. Na sinatura, que tivo lugar na Delegación Territorial da Xunta, estiveron presentes, así mesmo, o delegado territorial da Xunta, Javier Arias Fouz, e o xerente da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte, Ramón Ares Rico.

O investimento deste proxecto de mellora ascende a 24.113 euros, partida económica que será cofinanciada a partes iguais pola Xunta e o concello. O consellei-



A concelleira María Ángeles Buján

ro de Sanidade agradeceu a boa disposición do alcalde e o papel de intermediación do delegado territorial para poder asinar este

convenio, con tempo suficiente para que se poida licitar a obra e executarse en prazo. Deste xeito, o persoal e os pacientes do centro de saúde desa localidade contarán, a partir do ano que vén, cun centro de saúde mellor e máis confortable, ademais de mellorar a eficiencia enerxética do edificio e aforrar no consumo.

As obras, logo do informe dos técnicos do Sergas, consistirán na renovación da carpintería exterior, a mellora do acceso ás consultas de pediatría e ampliación da sala de espera, a reparación de revestimentos vinílicos e da pintura, e a substitución das persianas.

Recuperan as clases de baile e ximnasia

O Concello de Friol organiza, como viña facendo dende hai anos, clases de baile latino e de salón para os veciños e veciñas que desexen anotarse. E tamén ximnasia de mantemento para todas as mulleres do municipio que estean interesadas.

Para as clases de baile poden apuntarse os veciños e veciñas que lles apeteza aprender a bailar, e aqueles que xa saiban pero queiran perfeccionar os seus pasos, ou incluso aqueles que queiran pasar a tarde/noite dos luns diferente e divertida.

Ás clases de ximnasia de mantemento poden apuntarse todas as veciñas do municipio que queiran



facer algo de exercicio e divertirse nas tardes/noites dos martes e dos xoves.

Estas dúas actividades darán comezo na segunda quincena de outubro, e as inscricións poderán facerse a partir do martes día 5, nas oficinas do Concello de Friol ou a través do correo electrónico

info@concellodefriol.es.

As clases de baile realizaranse os luns en horario de 21:00 a 22:30 horas.

A ximnasia será os martes e os xoves en horario de 21:00 a 22:00 horas.

Ámbalas dúas actividades levaranse a cabo no pavillón de deportes do Concello de Friol.

“Dende o Equipo de Goberno animamos a todas as persoas que o desexen, a participar en estas actividades, coas que se pretende que os habitantes do municipio estean activos e fagan exercicio, moi importante para a saúde física e mental” indica o alcalde popular Jose Ángel Santos.

PROXECTOS DE MOBLES MODULARES



Adaptados as necesidades e dimensións de cada dormitorio, tanto xuvenís coma de matrimonio



Tamén Vestidores e incluso Espazos de teletraballo

ASESÓRATE CON NÓS!

PLAmoble

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

CARTA MENÚ DO DÍA BANQUETES

CASA MARAGATA
PENSIÓN + RESTAURANTE

TORRE - VILALBA Tel.: 982 511 201

O MAPA outorga un premio á innovación para mulleres rurais a unha iniciativa friolense



O alcalde de Friol durante a inauguración de Traloagro

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación concedeu os Premios de Excelencia á Innovación para Mulleres Rurais que, na súa decimosegunda edición, distinguen os traballos de 12 iniciativas para a posta en valor das mulleres no medio rural.

Nesta edición de 2021 concedéronse tres premios por cada unha das catro categorías convocadas: Excelencia á innovación na actividade agraria, Excelencia á innovación na actividade pesqueira e acuícola, Excelencia á innovación na diversificación da actividade económica do medio rural ou zonas costeiras rurais e Excelencia á comunicación. O recoñecemento honorífico concedeu a Pilar Carboeiro Zalduegui, a primeira muller membro da Real Academia de Enxeñaría.

O MAPA convoca anualmente estes premios desde 2010 co obxectivo de dar visibilidade ao labor das mulleres rurais na diversificación da actividade económica e as actuacións emprendedoras no territorio. Desta forma, o ministerio mostra o seu compromiso coas políticas que

impulsan a igualdade de xénero plena, favorecen o acceso ás mozas á actividade agraria e fomentan a diversificación económica no medio rural, o que contribúe a frear o despoboamento das contornas rurais.

A relación de premiados na categoría de excelencia á innovación na actividade agraria abriuse cunha empresa de Castelló e o segundo premio correspondeu a Traloagro, empresa familiar situada en Friol que produce, transforma, elabora e comercializa carnes ecolóxicas certificadas bovina e avícola de produción propia. Conta cun biocentro cárnico e slow food, para o despezamento, almacenamento, elaboración e maduración da carne, e unha ecotienda que ofrece máis de 1.200 variedades de produtos ecolóxicos frescos, envasados e a granel, propios e doutros produtores de proximidade.

O alcalde de Friol, José Ángel Santos afirmou que "Friol debe de sentirse orgulloso" e enviou os seus parabéns "a toda a familia, un orgullo contar con emprendedores deste tipo no noso municipio, o traballo ben feito comeza a obter resultados".

Abre o Centro de Día Terapéutico de Afalu

Contará con 14 prazas públicas para a atención dos enfermos de Alzheimer da comarca



Dúas imaxes da xornada inaugural

A Xunta creará 14 prazas públicas de atención ao Alzheimer no novo centro de día de Afalu no concello de Friol que abrirá as súas portas nas vindeiras semanas. A conselleira de Política Social, Fabiola García, visitou as instalacións en conmemoración do Día Internacional do Alzheimer, que se celebra hoxe, e aproveitou para incidir na importancia dun diagnóstico precoz e dunha rede ampla de coidados para facer fronte a esta doenza. Nesta xornada deuse así por inaugurado este novo edificio, o Centro de Día Terapéutico. Fabiola García agradeceu a Afalu o seu traballo no coidado das persoas con Alzheimer e sinalou que o Goberno galego seguirá traballando da man das entidades que conforman a Fe-

deración de Alzheimer Galicia (Fagal) para levar máis servizos de calidade por toda Galicia. Afalu reforza a súa presenza en Friol coa creación deste centro de día xa que neste concello conta cunha unidade de atención terapéutica.

A Xunta destinará 170.000 euros ao ano para a prestación de servizos de atención e transporte neste centro. Así mesmo, tamén colabora con Afalu na posta en marcha dos centros de día que esta asociación ten en Lugo e Ourense, así como noutros programas de prevención e estimulación cognitiva. Para o alcalde da localidade, José Ángel Santos, trátase "dun proxecto ilusionante de gran necesidade para o concello e para as súas xentes".

EN BREVE

EXPOSICIÓN. A Casa da Galbana de Friol acolle a exposición Mentres soe a música, dos pintores Luis Montero e Anusca. A exposición, que abriu as súas portas de forma gratuíta o pasado 17 de setembro, permanecerá aberta ao público ata o 17 de outubro.

MENTRES
SOE A
MÚSICA



ITV MÓBIL. A unidade móbil da ITV está entre os días 19 de novembro e 9 de decembro en Friol para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. Estará instalada no mercado gandeiro. As revisións faranse de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas agás os venres, que será só en horario de mañá. Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

CURSO. O centro social acolle este sábado, 16 de outubro, unha charla co título Normas básicas e comportamentos como peóns e condutores nas vías públicas. Esta charla está organizada polo Concello de Friol en colaboración coa Dirección Xeral de Tráfico e nela haberá chalecos reflectantes para todos os asistentes. A charla terá lugar de 11.00 a 12.00 horas.

Poñémoste a 1.000

Fibra GRATIS ata 2022

Chama gratis ao **900 651 679**
www.adamo.es

Promoción válida para contratacións web ou por teléfono

FIBRA
1.000 Mb
GRATIS

MÓBIL
25 GB
8€ Chamadas ilimitadas

+

3 meses GRATIS

NETFLIX

Fibra · Móbil · Fixo

Gana 40€ por cada amigo ao que lle recomendes a fibra máis rápida

<https://adamo.es/conectandoamigos>

2
amigos
80€

5
amigos
200€

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contrataran Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre o 24/09/2021 e o 18/11/2021, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST+MÓBIL ilimitado 25GB coa promoción, durante os primeiros 4 meses, 10 pagados 90€/mes, despois 10€/mes. Ademais, 3 meses de Netflix básico. O agasallo enviarase despois de segunda factura pagada. Prezo final con IVE e cota de liña incluídos. Promoción suxeita a permanencia dos servizos de Adamo durante 12 meses. Cota de activación 12.10€ (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. No caso de que un cliente solicite a cancelación do servizo e se deuse de baixa antes dos 12 meses, terá un recargo da parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia.

Parganonsedivide esixe a repartura do centro de saúde

Dende a asociación #Parganonsedivide solicitan da Xerencia da Área integrada de Lugo-Mariña que, unha vez superado o peor da pandemia da covid-19, se proceda á reapertura total do centro médico de Parga, pechado dende marzo do ano pasado. “Tiñamos o compromiso reiterado tanto da dirección de primaria coma da xerencia de que o consultorio reabrira as súas portas unha vez superada a pandemia. Ese momento xa chegou, non pode haber mais excusas” din dende #Parganonsedivide.

Para a Plataforma veciñal, que a reapertura coincidise co comezo da campaña de vacinación da gripe, prevista para os vindeiros días sería unha fenomenal noticia para as 1700 persoas que teñen cartilla en Parga e dos cales, unha parte fundamental son persoas de idade avanzada, prioritarios na vacina da gripe e que evitarían ter que desprazarse a Guitiriz.

Dende a plataforma lembran que a situación evolucionou moi posi-

tivamente nos últimos meses, coa poboación diana practicamente vacinada na súa totalidade, cunha incidencia mínima e coa reapertura practicamente total e volta á normalidade na maioría dos ámbitos, dende o lecer de masas ata a mellora substancial das condicións na hostalería, por poñer dous exemplos. “Non se sostén que dende o Sergas manteñan centros de saúde coma o de Parga pechados mentres nos campos de fútbol poden xuntarse ducias de milleiros de persoas ou o feiral do San Froilán está ateigado de cidadáns disfrutando de novo das súas festas. Recuperar o lecer é moi importante, mais recuperar a atención sanitaria para nós, é vital” inciden dende a plataforma veciñal.

A plataforma veciñal lamenta ademais que dende a dimisión do director de Primaria Rafael Sánchez, non volveron a ter ningunha nova da Xerencia a pesar de ter concertada con el unha reunión para uns días despois da súa dimisión.

O Pleno aproba un paquete de obras viarias de 738.000 euros

O goberno local do Concello de Guitiriz aprobou en pleno, coa abstención do grupo do PP e do BNG, un suplemento de crédito valorado en 738.000 euros no que se inclúen unha serie de obras de mellora de equipamentos e da seguridade viaria.

Este plan de actuacións inclúe a adecuación dos antigos vestiarios do ximnasio do CEIP Lagostelle para destinar ese espazo a outros usos (40.000 euros); a mellora das instalacións da piscina municipal Sete Muíños, instalando un novo vaso para o seu uso polos menores e ampliando a súa contorna para aumentar o aforo (25.000 euros); a obra civil para levar a cabo a canalización da liña eléctrica que agora está soportada polo transformador existente na rúa Mercado (70.000 euros); a ampliación da zona común do Centro de Día para poder aumentar as prazas deste a 20 usuarios e usuarias (64.000 euros); adquisición dunha nave no polígono para dar servizo ao persoal de ofi-



cios do Concello (279.000 euros), e o asfaltado de vías de titularidade municipal (260.000 euros). Ademais, aprobouse por unanimidade unha enmenda para incluír o CEIP Santo Estevo de Parga nestas actuacións. Na sesión plenaria tamén se realizou a aprobación definitiva por unanimidade o estudo de detalle para reaxustar a alifación e rasantes na avenida da Coruña e na rúa Fonte de San Blas e se aprobou a conta xeral do ano 2020, con votos a favor de

PSOE e PP e abstención do BNG. Ademais, a moción do BNG sobre o proxecto eólico Santuario nos concellos de As Pontes, Xermade, Vilalba e Guitiriz foi aprobada con votos do PSOE e BNG e abstención do PP. Foron rexeitadas dúas mocións, a do PP sobre a Casa da Botica, con votos en contra do PSOE e BNG, e a favor do PP, e a do PP en relación á factura eléctrica, que foi rexeitada cos votos en contra do PSOE, a abstención do BNG e a favor do PP.

EN BREVE

CAMPO DE TIRO DE PARGA. O Campo de Manobras e Tiro de Parga (Guitiriz) acollerá unha vez máis unha serie de marchas topográficas levadas a cabo polas Unidades do Exército de Terra. Devanditas accións requiren o desprazamento polo exterior da propiedade militar. Estas marchas levaranse a cabo polo termo municipal do Concello entre o 17 e o 18 de outubro por parte do Batallón de Zapadores VII e o 25 deste mesmo mes polo batallón do Cuartel Xeral da Brigada Galicia VII.

UNED SÉNIOR. O Concello de Guitiriz amplía a oferta formativa da UNED Sénior coa asignatura de inglés. As clases impartiranse na Aula CeMIT, todos os venres de outubro a maio, en horario de 18:30 a 20:30 horas. O prazo de inscrición estará aberto desde hoxe, 6 de outubro e ata o 15 de outubro. As persoas interesadas poderán formalizar a inscrición no Concello ou chamando ao 982 370 109.

O PP pide a devolución dos cartos da compra da Casa da Botica



Estado no que quedou o solar tralo derrubamento da Casa da Botica

Grupo Municipal Popular condena “o silencio” do goberno local sobre a construción da residencia de maiores ao non ser convocada a reunión entre os tres grupos para abordar o futuro da infraestrutura.

O voceiro, Xosé María Teixido, asegura tamén que “non permitiremos que a demolición da Casa da Botica quede no esquecemento” e, polo tanto, “esiximos responsabilidades”,

incluso pola vía xudicial, ante o que consideran “unha desfeita”. Polo tanto, o Grupo Popular tamén propón pedir á Deputación que devolva ao Concello os cartos investidos no proxecto dirixidos á compra da Casa da Botica que foi cedida á institución provincial. Igualmente, recollen na súa iniciativa, a presentación dunha querrela ante o xulgado para pedir responsabilidades.

Educando en Familia deu comezo este mes en Guitiriz, Buriz e Parga

O programa Educando en Familia deu comezo este mes en Guitiriz, Buriz e Parga, as sedes onde se levará a cabo este ano.

Programáronse reunións para formalizar a inscrición, presentar o programa e dar inicio ao curso. Este programa está dirixido especialmente a familias con nenos e nenas de entre 0 e 6 anos, a mulleres xestantes e lactantes, a mulleres inmigrantes en risco de

exclusión social e tamén a escolas infantís, proporcionando orientación familiar no seu ámbito.

Entre as actividades que se levan a cabo nas diferentes sesións están: charlas divulgativas; participación en programas de radio; obradoiros; biblioteca itinerante; colaboración con traballadoras sociais, centros educativos, escolas infantís, centros de atención temperá; excursións...



ENTREGA DO TRAPEIRO DE HONRA. Este mes, a AC Xermolos, a Asociación socio-cultural Lareira de soños e o grupo poético NPG Nova Poesía Guitirica coa colaboración do Concello de Guitiriz, organizaron a homenaxe ao poeta dos Vilares Xosé María Díaz Castro polo 31 cabodano do seu pasamento. Ao remate da ofrenda ao poeta, na Igrexa Vella de Guitiriz, tivo lugar a entrega do VI Premio Trapeiro de Honra ao xornalista de peixes vilaregas Germán Castro Tomé.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13, 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138




Repartirán axudas entre os estudantes de todos os ciclos

O Concello de Guitiriz destina un orzamento de 20.000 euros para financiar as súas liñas de axudas para a compra de material, transporte e redución da fenda dixital dirixidas a escolares para o curso 2021-2022.

Unha das principais novidades é a incorporación dunha liña específica de axudas para compensar o gasto en transporte que tivo o alumnado empadroado na parroquia de Pígaro matriculado no IES Poeta Díaz Castro ao non ter habilitada unha conexión de transporte público por parte da Xunta.

A liña de axudas ao material escolar; dirixida ao alumnado de educación infantil (2ª etapa de 3 a 5 anos), e bacharelato (residentes en Guitiriz matriculados en centros municipais ou de fóra); co obxectivo de cubrir as necesidades de material didáctico, librería e/ou reprografía así como dispositivos adaptados a nenos e nenas con necesidades educativas especiais.

Para os rapaces e rapazas universitarios ou que cursen ciclos formativos habilitase unha liña para financiar as súas necesidades de



desprazamento, tanto ao lugar onde realizan a formación como de transporte interurbano se fose o caso.

Co obxectivo de salvar a fenda dixital existente no rural habilitanse dúas liñas. Por unha banda, axudas para a mellora da conexión dixital para que o alumnado de 5º e 6º de primaria e o da ESO poida acceder a contratos de liñas WIFI, de subministro de datos ou doutros dispositivos existentes no mercado. Pola outra, para a adquisición de dispositivos tecnolóxicos dirixida ao alumnado de 4º da ESO e bacharelato empadroado en Guitiriz.

Homenaxe á científica Jimena Fernández de la Vega na vila

Dende o paado venres día 8, Día da Ciencia en Galicia, e durante un mes Guitiriz está a honrar a Jimena Fernández de la Vega, científica galega do ano, que foi médica do Balneario de Guitiriz, arredor de 1945.

Este recoñecemento vai dirixido por ser unha gran investigadora na xenética e na hidroloxía, que loitou contra a discriminación da muller na universidade converténdose na primeira licenciada en medicina da Universidade de Santiago.

O luns 18, no IES Díaz Castro, Ana Jesús López Díaz, coordinadora da Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas en Galicia e profesora da Universidade de A Coruña vai falar sobre As mulleres tamén facemos



Jimena Fernández de la Vega

ciencia. Unha visión dende Galicia. O día 30, Susana Bayo Besteiro, física e investigadora na Facultade de Ciencias de Vigo sobre auga, medio ambiente e sustentabilidade vai intervir na Casa Habanera de Guitiriz.

Unhas 320 persoas están inscritas nas escolas deportivas

Guitiriz xa conta con máis de 320 persoas, entre adultos e rapazada, inscritos nas dez escolas deportivas do municipio. A oferta deportiva abrangue desde o fútbol sala, ximnasia rítmica, patinaxe de grupo en Guitiriz e Parga, tenis de mesa, ximnasia de rehabilitación en Guitiriz e Parga, actividades aeróbicas, zumba infantil, baloncesto, atletismo e campo a través, pilates e ioga.

As escolas deportivas deron comezo o pasado 1 de outubro e durarán ata o 30 de maio, agás a escola de fútbol sala que empezou en setembro e durará ata xuño. Ademais, este ano como novidade inclúese zumba infantil, que está a ter bastante demanda entre a veciñanza. As instalacións onde se desenvolven son o IES Poeta Díaz

Castro, os colexios Lagostelle e San Estevo de Parga, a Casa Barxa, a escola de Parga e o pavillón.

O pago da matrícula por cada actividade e participante será ata o venres 8 de outubro. Se algunha persoa quere darse de baixa antes de empezar a actividade correspondente, ten de prazo ata o día 5 de outubro, incluído.

A alcaldesa, Marisol Morandeira, destacou que “con este abanico tan amplo e completo de disciplinas deportivas, Guitiriz aposta en firme polo deporte e polos hábitos de vida saudables”.

Morandeira tamén agradeceu “a gran labor realizada polo equipo de goberno e persoal técnico municipal para poñer a dispor da veciñanza unha oferta deportiva de tanta calidade”.

Celebran este mes un curso de iniciación ao mundo dos fungos

O sábado, 30 de outubro, de 9:30 a 13:30 horas, terá lugar o Curso de iniciación ao mundo dos fungos. A parte teórica será na Casa Habanera e a parte práctica no AR San Xoán Lagostelle.

O prazo de inscrición será do do 11 ao 21 de outubro e a actividade está recomendada para todos os públicos.

A actividade está centrada nun curso teórico-práctico sobre o mundo dos fungos, pautas para recollelas, aprender a diferenciarlas e o papel dos fungos no bosque. A actividade seguirá en todo momento a normativa covid 19.



As persoas interesadas poderán formalizar a inscrición no Concello ou no 982 370 109.

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIÓNS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

constru fer

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y BARRIAMENTO
PABLO RABADE PAREDES

Saneamietos, construción e ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200

Realizan o proxecto de reforma da casa consistorial de Muras

O Concello de Muras iniciou os traballos de mellora de eficiencia enerxética da casa consistorial, obras que están a realizarse dende hai uns días con cargo ao fondo de compensación ambiental, ou canon eólico.

O alcalde da localidade, Manuel Requeijo, avanzou que as obras teñen un orzamento de 60.000 euros e unha data de finalización antes de finais de outubro.

O obxecto dos traballos consiste na mellora do tellado e das baixantes do inmoble.

Segundo explica Requeijo, a cuberta actual é do ano 89 e a intención é substituír o cemento que hai debaixo das lousas por un enrexado de ferro ao que se botará formigón para facelo máis compacto "e que non haxa filtracións". Tamén se renovarán



A casa consistorial de Muras, en obras

as baixantes de todo o inmoble. O edificio tiña problemas de humidades polo que esperan que quedan solventados con estas actuacións.

Tamén está prevista a construción na planta principal dun baño adaptado para mellorar a

accesibilidade do edificio, que xa fixo obras nas últimas datas sobre este particular como foi a colocación dun ascensor ou mesmo a construción dunha rampla na entrada.

Aproveitarase tamén para adecuar outro local como oficina.

Celebrarán a Feira do Mel e impulsarán a aldea de Carelle

O concelleiro socialista Mario Rouco anunciou que este ano volverá celebrarse a Feira do Mel de Muras que seguirá aumentando a súa programación, sempre en función da situación sanitaria de cada momento, para celebrar cursos e xornadas. Así mesmo, tamén impulsárase a micoloxía con distintas formacións durante este outono.

O concelleiro avanzou que investirán na aldea etnográfica de Carelle, "xa que agora ai resolución dos xulgados" para impulsar este sector. Como explica Rouco, a intención é traballar sobre o noso mel "para facelo máis competitivo". Para elo están investigado sobre un mel experimental xunto á Casa do Mel de Goente. O obxectivo é realizar novos cursos e criar raíñas para ser factibles o desenvolvemento na zona.

Os pais e nais acondicionan a biblioteca do CEIP Antía Cal



Remataron antes do comezo do curso os traballos de remodelación e acondicionamento da biblioteca do no CEIP Antía Cal de Muras.

Estes traballos foron impulsados grazas á implicación da directora do centro, Raquel Blanco López e estiveron ao

cargo principalmente dos pais e nais do centro, que aportaron o tempo para facer esta pequena mellora.

O principal arranxo foi con a pintura pero tamén se fixeron outras melloras neste espazo, adaptados a rapaces de todas as idades

Rematan as obras do Fondo de Compensación

Están a rematar as últimas obras do Fondo de Compensación Ambiental, que teñen data de fin durante o próximo mes, aínda que moitas delas tamén están finalizadas e un orzamento de preto de 600.000 euros.

Este grupo de obras engloban actuacións de todo tipo. Así en 15 días estarán en funcionamento os puntos de recarga eléctrica situados en Muras e no Viveiro, "unha obra que supón un punto de diferenciación para o Concello de Muras", explica o socio de Goberno socialista Mario Rouco.

Entre as obras executadas neste grupo está o cambio da caldeira de gasoil a unha de biomasa no colexio, dentro do programa que están a realizar de mellora da eficiencia enerxética. Dentro do capítulo de eficiencia enerxética tamén figura o cambio das luminarias a tecnoloxía LED na zona da Veiga.

Tamén entre no grupo as obras

de construción dunha depuradora para o núcleo urbano do Viveiro, "unha das obras que requeria de urxencia ao tratarse dun servizo básico", explica o concelleiro. Ademais de levar o abastecemento a tres lugares máis, O Porto, O Cal do Viveiro e Pío Corto.

Outras das obras foi a renovación da área recreativa da Veiga, concretamente na zona da estatua do peregrino e o chiringuito, "coa intención de facer unha reforma para facer máis atractivo e cómodo este lugar", subliña.

Con estes cartos do fondo de compensación comprouse unha máquina hidrolimpiadora para a limpeza e mantemento de rúas e estradas do termo municipal e séguense sumando novos contedores para o sistema de recollida de lixo.

Así mesmo, están en curso as obras de pavimentación do Plan de Camiños de Agader, que se reparten por todas as parroquias.

Muras compartirá un obradoiro de emprego



Clausura do anterior obradoiro de emprego Terras do Sor IV

Entrou en funcionamento un Obradoiro de Emprego conxunto para os concellos de Ourel, Muras e O Vicedo denominado Terras do Sor V. Os participantes recibirán formación que poderán acreditar cun certificado de profesionalidade nas especialidades que se impartan, ao tempo que terán acceso a un contrato de traballo durante a súa participación na actividade.

A duración do obradoiro é de 9 meses e o número de alumnos participantes é de 20, correspondendo 6 a este Concello distribuídos nas especialidades de traballos de carpintería e moble e de atención socio sanitaria a persoas no domicilio, en ambos serán 3

alumnos por curso.

Para participar neste obradoiro as persoas interesadas terán que estar inscritas na Oficina de Emprego de Viveiro como desempregados e carecer de ocupación nese momento, ademais doutros requisitos que se establecerán nas bases da convocatoria respectivas. Para a especialidade de atención socio sanitaria a persoas no domicilio requirírase ter unha titulación mínima: ESO, Competencias Clave ou equivalente.

Está previsto ademais a contratación de persoal directivo e docente de apoio consistente nun director/a, tres monitores/as e un administrativo/a.

MESÓN O MARTÍNEZ

C/ Celso Emilio Ferreiro, 55 Baixo. 15320 As Pontes (A Coruña)
Tel.: 981 452 363 - Móvil 649 458 522
mesonmartinez@hotmail.com

POLÍGONOS DAS PONTES



A innovación de Huso 29 Construcciones

A empresa desenvolve a súa actividade en base a dous eixes, a topografía e a obra civil

Huso 29 Estudios y Construcciones S.L. ten a súa sede no polígono dos Airios, concretamente no sector 2, parcela 8. José Otero Pena é o seu xerente.



Cando e como se decidiu formar a empresa?

Huso 29 Estudios y Construcciones S.L. constitúese no ano 2005 coa intención de crear unha visión de traballo nova e tamén innovadora.

E a empresa sempre estivo na localización actual, ou esta modificouse?

A empresa estivo domiciliada nas Somozas durante 12 anos, e leva outros catro xa nesta localización nas Pontes de García Rodríguez.

Cales son as principais áreas de traballo que realiza a empresa, e dicir, están centrados nalgunha das partes concretas dun proxecto construtivo, ou ben poden levar a cabo todo o deseño, xestión de obra e construción ata entregala contrata ao cliente?

As liñas principais de negocio da empresa son a topografía, construción e obra civil. A filosofía de traballo da empresa é maximizar a calidade

durante o desenvolvemento dos nosos proxectos, garantindo o respecto polo medio ambiente e a seguridade e saúde no traballo. A empresa ten un sistema de xestión integrado, certificado segundo as normas ISO 9001, ISO 14001 e ISO 45001.

Traballades con clientes privados ou tamén levades a cabo proxectos para entidades públicas?

A empresa conta cunha carteira de clientes consolidada, tanto do sector público como do privado. Podemos afirmar que o sector industrial é no que se desenvolven a maior parte dos proxectos nos que participamos.

Para levar a cabo a súa labor no eido da construción, fan falla crear moitos postos de traballo?

Actualmente a empresa conta con 43 traballadores e traballadoras. Dispoñemos dun cadro de persoal cunha experiencia consolidada no sector



Como vedes o sector a raíz da Covid, afectouvos?

A actividade da empresa viuse paralizada, en gran medida, nas primeiras semanas tras desatarse a crise da covid-19. Pasados os primeiros meses, pode dicirse que se operaba con certa "normalidade" dentro da situación, evidentemente aplicando toda a nova normativa e protocolos no relativo á seguridade e saúde no traballo.

Cara onde quere levar a empresa nun futuro? Ten previsto

investir nalgún campo concreto ou facer melloras?

Os obxectivos da empresa céntranse en seguir co noso compromiso de mellora continua, atendendo todas as necesidades e expectativas das nosas Partes Interesadas e así poder seguir ofrecendo os nosos servizos coa máxima calidade e nas mellores condicións de seguridade e saúde e de respecto polo medio ambiente. Está previsto a curto prazo investir en novas tecnoloxías, tanto no ámbito técnico como no de execución.

"A empresa conta cunha carteira de clientes consolidada, tanto do sector público como do privado"

Ingeniería y Topografía

Construcción industrial

Obra civil

Huso 29 CONSTRUCCIONES

Polígono Industrial Os Airios, Sect. 2, parcela 8
15320 (As Pontes)

**A TÚA WEB
TEN MAL ASPECTO?
FALAMOS?
WWW.EUMENET.ES**

Fego Atlántico, un referente en construcción

Son grandes especialistas en obra tradicional, civil e viaria así como en enerxías renovables

Facemos fronte aos problemas e necesidades dos nosos clientes e tendémoslles unha ponte á súa solución

Jose Luis Vilasuso é o representante de Fego Atlántico, unha empresa con moita experiencia dentro do sector da construción, onde toca todas as especialidades construtivas como a obra civil e a viaria, sen esquecer a construción tradicional. Esta empresa é xa un referente tanto no sector a nivel comarcal e galego e valora deste xeito a súa experiencia.

Cando comezou a actividade de Fego Atlántico?

Fego Atlántico SL creouse no ano 2012. Os propietarios son tres socios con ampla experiencia no sector que decidíronse a montar o seu propio negocio.

Onde se atopan e canto tempo levan?

A nosa dirección social está situada no polígono Industrial Penapurreira no edificio Seara número 1, que é onde temos as nosas oficinas. E no Lugar de Saa contamos cunha parcela na que temos instalada unha nave que nos serve de almacén de construción.

Contan con moito equipo?

Somos unha empresa de construción tradicional e que contamos con 23 empregados, entre administrativos, técnicos, peóns,

etc. E somos todos da zona das Pontes ou dos concellos anexos.

Facen todo tipo de construcións?

Si. Baixo os conceptos de obra civil, edificación, rehabilitación, reformas e mantemento pódese englobar a gran maioría das obras que constitúen o noso principal campo de actividade empresarial.

Algunha obra en concreto que destaque?

Agora mesmo dedicámonos moito ás enerxías renovables, así como aos parques eólicos e ás subestacions eléctricas. Neste senso, unha das maiores e máis importantes obras que fixemos foi a subestación eléctrica Sur en Zaragoza. Tamén levamos o mantemento dalgúns parques eólicos da Coruña e de Lugo.

Cales son os puntos fortes da empresa?

Contamos con persoal técnico e persoal de obra con ampla experiencia en construción, dispoñendo ademais de equipos de traballos propios.

Como foi a progresión do sector nos últimos anos?

Nacimos nun contexto complicado, inmersos na grave crise da construción que afectou ao país. Pero unha vez superada esta fase, puidemos consolidar a nosa empresa no sector da construción. E cremos que se nos presenta un futuro esperanzador a curto prazo onde esperamos poder seguir crescendo sempre baixo os nosos principios básicos de seriedade e calidade na exe-

cución das obras.

Como ve o futuro do sector ou do seu negocio?

Non me atrevo a predicir o futuro dentro do sector. Creemos que a curto prazo pode ser bo pero hai unha gran incerteza a medio e longo prazo.

Como ven ao cliente, trae a idea clara ou déixase asesorar?

Hai todo tipo de clientes, xente coas ideas moi claras aínda que

xeralmente todo o mundo deixase asesorar un pouco. Facemos fronte aos problemas e necesidades dos nosos clientes e tendémoslles unha ponte á súa solución.

De onde proceden os seus clientes fundamentalmente?

Inicialmente traballamos moito para a Administración, como son os concellos, Deputacións, Xunta de Galicia ou o Ministerio de Defensa. Pero tamén temos clientes privados e particulares.



PONTESA

MARMOLES Y GRANITOS

Polígono Industrial Os Airios, sector 2 parcela 11B
As Pontes de García Rodríguez - A Coruña
Tlf.: 981 450 899 / email: info@pontesa.es

CONSTRUCCIONES

FEGO

ATLÁNTICO

La unión de la construcción tradicional con la ingeniería actual

ASESORAMIENTO TÉCNICO
OBRA CIVIL Y EDIFICACIÓN
MANTENIMIENTO DE SERVICIOS
INSTALACIONES

Pol. Ind. de Penapurreira, parcela 1 - Edificio Seara
15320 As Pontes (A CORUÑA)
Tfnos: 687 469 345 - 692 928 613
fegoatlantico@fegoatlantico.com / www.fegoatlantico.com

Novo almacén loxístico agrocomercial

En decembro cumprírase un ano da posta en marcha do novo centro de máis de 5.000 metros cadrados en Penapurreira

Severiano Agrocomercial finalizaba o ano 2020 coa posta en marcha dun novo almacén loxístico. A entrada en funcionamento deste centro no Polígono de Penapurreira supuxo un salto de calidade no servizo aos clientes: “significou un importante cambio integral nos procedementos loxísticos e de almacenamento”, explica Miguel Ángel García, Director Xeral de Severiano Agrocomercial.

O traslado do antigo almacén ás novas instalacións da compañía serviu para centralizar todas as referencias que traballa na actualidade a empresa. Ademais, permitirá albergar o crecemento da compañía durante os próximos anos. “Dotouse á instalación de todos os medios necesarios para o procesado do amplo abanico de produtos que traballamos, incluíndo un novo Software de Xestión de Almacén”.

Severiano Agrocomercial conta na actualidade con 50 traballadores e traballadoras e move ao redor de 14.000 referencias de produtos: alimentación animal e subministracións de todo tipo de produtos para o sector agrogandeiro (farmacia e parafarmacia animal, fertilizantes, sementes e fitosanitarios), xardinería e maquinaria forestal e de xardín.

A empresa conta cun equipo de veterinarios, enxeñeiros técnicos agrícolas e agrónomos para reforzar os servizos de asesoramento técnico para produción de forraxes, alimentación animal, agronomía, rendemento de cultivos e veterinario.



NOVAS LIÑAS DE NEGOCIO

“Una das liñas nas que estamos a poñer especial atención é a de animais de compañía”, explica Miguel Ángel García, “a nosa empresa ten neste tipo de produtos unha importante área de negocio que queremos seguir potenciando. Buscamos unha expansión territorial e tamén na canle e-commerce”, engade.

Ademais, desde Severiano Agrocomercial suman novos servizos relacionados co medio ambiente: “contamos cun servizo de asesoramento e control sanitario de cultivos”, explica Miguel Ángel, “buscamos continuar avanzando na especialización en protección de cultivos con ferramentas de Biocontrol”.

SEVERIANO AGROCOMERCIAL

A empresa reforzou a súa presenza en Viveiro coa reforma das súas instalacións. Realizouse unha remodelación integral do antigo Agricentro de Viveiro para convertelo nun referente na zona no ámbito da xardine-

ría, o campo e os animais de compañía. A reforma finalizaba a comezos deste ano e con ela dotouse á tenda dunha imaxe totalmente renovada. Ademais da tenda de Viveiro, Severiano Agrocomercial está presente nas Pontes e Vilalba.



Reúnen
miles de
produtos de
xardinería,
gandaría,
apicultura,
animais de
compañía e
ferraxería



Eumenet, un estudo gráfico

Un estudo experto de diseño web e gráfico comprometido coas marcas e co comercio pontés

Javier Balseiro Corbelle atópase ao fronte de Eumenet, un estudo de publicidade pontés experto en proxectos dixitais que conta cun amplo abano de servizos creativos e de deseño.

Cando comezou a actividade de Eumenet?

Eumenet comezou a súa actividade no ano 2009.

Onde se atopan e canto tempo levan?

Fai 12 anos que a empresa se atopa ubicada nas Pontes no centro de empresas Seara do polígono industrial de Penapurreira.

Son unha axencia de publicidade, en que destacan?

Desde o principio ofrecemos solucións profesionais, confiables e completas en deseño web, como poden ser as tendas online, as

cales están moi solicitadas polos tempos que corre. Facemos deseño gráfico, marketing, axudamos coas redes sociais, posicionamiento web, etc. Un pouco todo o que engloba o mundo da publicidade

Facedes todo tipo de publicidade?

Facemos todo o que os nosos clientes demandan, e sobre todo deseños, logotipos, cortes de radio, maquetacións de folletos de libros, etc. Eumenet fai principalmente deseño web e gráfico.

Cales son os puntos fortes da empresa?

Facemos un estudo individualizado das necesidades de cada cliente para así poñer a súa disposición toda a experiencia e creatividade para dar forma as súas

ideas e os seus pensamentos, xa sexa en accións de comunicación gráfica, web ou marketing online. Como ou cal é a fonte de ideas, ben sexa como inspiración ou o proceso creativo?

Realmente depende do anterior e do que desexe comunicar o cliente en cada momento. Non todos os procesos son iguais, depende moito do que desexe ou teña en mente o cliente.

Como cambiaron as demandas dos clientes nestes anos? É dicir, houbo unha evolución nas súas necesidades?

Estes últimos anos está a verse unha gran demanda do comercio en liña, xa que é unha necesidade para o pequeno comercio que lle permite poder competir e poñer á venda os seus produtos nun mercado global. Ademais a pandemia favoreceu este tipo de comercio.

Como ven ao cliente, trae a idea clara ou déixase asesorar?

A maioría dos clientes veñen cunha idea clara do proxecto que queren realizar. O asesoramento no noso traballo é fundamental xa que aconsellarlles desde a



experiencia e tendencias actuais fará que ese proxecto sexa máis visible.

Como son os pasos a seguir na creación dende que o cliente se pon en contacto?

Desde que un cliente se pon en contacto con nos fixamos unha reunión para coñecer as súas necesidades e a partir de aquí comezamos co proceso creativo xa sexa unha web ou deseño gráfico. Dependendo do proxecto este pode requirir un constante contacto co responsable da área para seguir os avances ata lograr o resultado final.

Cales son as ideas/produtos dixitais máis demandados?

Por orde serían deseño web, imaxes corporativas, cartelerías, e flyers.

E unha mala imaxe que conse-

cuencias podería conlevar?

Unha mala imaxe tanto nunha web como nos deseños gráficos da empresa fai que a visualización e imaxe dela por moi importante que sexa degradese. É mellor que non teña web.

Como afectou a covid ao sector? Notan moitos cambios?

Afectou sobre todo o sector do comercio e hostalaría, solicitando tendas en liña para poder comercializar os seus produtos e no tocante ao sector restauración pediron moitas cartas mediante o códigos QR.

De onde proceden os seus clientes fundamentalmente?

Do sector industrial, de servizos e comercio. Son empresas que queren renovar a súa imaxe ou que queren modernizar as súas webs ou implantalas.



M Grupo
Servicio Móvil

“Seguimos traballando para promover o desenvolvemento industrial da vila”

Ana Pena Purriños, concelleira de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Como é a situación actual dos polígonos?

Entre os dous polígonos e o asentamento industrial Cruz das Cabezas hai 77 empresas, o que supón ao redor de 1.500 postos de traballo para unha poboación dez mil habitantes, o que deixa claro que ten unha tendencia positiva. Sempre temos a aspiración e a tendencia, e así traballamos diariamente, para que continúe mellorando e as empresas sigan desenvolvendo a súa actividade sen problema. Dende o Concello rematamos estes días os encontros habituais que facemos cos empresarios e despois dunha situación tan complicada como a que vivimos e estamos vivindo vemos que hai visos de optimismo e de recuperación que vai pouco a pouco, progreso que se palpa xa na parte empresarial e industrial o que non deixa de ser un revulsivo para seguir traballando e mellorando.

En que se percibe esa melloría?

Actualmente temos 74 empresas que prevén que o seu persoal continúe aumentando nos próximos anos e iso é un indicador moi positivo de que a situación mellora e avanza.

Cales son os sectores dominantes?

Agora mesmo nos polígonos temos empresas moi punteiras. O sector do metal domina gran parte da actividade industrial e fomento de postos de traballo agora mesmo. Son punteiras cada unha no seu sector, a maioría exportadoras e con grandes capacidades e grandes posibilidades de desenvolvemento nos seus sectores.

Dende o Concello como se apoia a este empresario?

Habitualmente temos unha liña de axudas, que sae estes días do programa As Pontes Emprende, que están enfocadas a apoiar e incentivar o emprendurismo. Si é certo que dende o ámbito municipal e a administración local a capacidade para axudar é para pequenas e medianas empresas, loxicamente. Pero temos tamén en perspectiva os grandes proxectos industriais que podan desenvolverse agora a raíz deste boom das enerxías renovables. Somos conscientes de que temos o potencial e os recursos

“Por fin imos conseguir ampliar esa oferta de solo industrial que necesitamos e seguiremos buscando ubicacións”

necesarios para que se implanten nas Pontes. Desde hai anos temos unha liña de transporte aos polígonos, promovida desde o Concello, que renovamos todos os anos o mes de decembro. Participan todas as empresas e que se puxo en marcha pensando na redución de emisións pero tamén e sobre todo en contribuír e botar unha man na economía das familias que dependen dos seus postos de traballo no polígono. Implica un aforro no desplazamento e a posibilidade de prescindir dun segundo vehículo para ir ao traballo.

E aínda sen desenvolver, pero están previstas, na mesma liña que o ano pasado, axudas e distintas liñas de apoio pola pandemia. Este ano sacaremos tamén esas axudas pero estamos a enfocalas doutra forma. Como a situación está mellorando e non se prevé necesario o peche de negocios, a reserva feita nos presupostos adaptáramola para contribuír a esa reactivación que estamos vendo día a día.

Que necesidades ten o polígono?

Todos os anos reunímonos ao principio de ano coa asociación de industriais Seara e recolleemos as necesidades e melloras que vemos que se poden poñer en marcha nos polígonos, que van por facilitar os accesos e axudar ás empresas a estar nun entorno máis favorable tanto das xa implantadas como para atraer novos proxectos. Imos ano a ano deseñando distintas liñas, este ano en Penapurreira veñen de arranxarse unha parte dos viais e se continuará cos que quedan pendentes, o mesmo que o alumeadado e o plan de seguridade e antiincendios. Imos implementando e corrixindo dende as demandas que nos expoñen dende o tecido empresarial.

É suficiente para o volume de negocio o espazo industrial?

Agora mesmo está en tramitación o plan de áreas empresariais de Galicia, empezou o ano pasado e nós desde a demanda histórica da necesidade de solo industrial, chegamos a un acordo coa Xunta e temos dúas novas áreas incluídas no plan. Actualmente non temos chan dispoñible, é unha boa noticia por unha banda, pero se ben é certo



que os anos de crise podíanse ver distintas naves abandonadas hoxe están todas recuperadas. Levamos tempo traballando nelo e por fin imos conseguir ampliar esa oferta de chan que necesitamos, pero seguiremos buscando ubicacións para poñer a disposición da industria.

Que supón para a vila a noticia do cambio de dirección de Endesa?

A nós o que nos trasladan é que Endesa está facendo provisión de carbón, vendo a situación do prezo da electricidade e a situación tan conflictiva con respecto ao mercado do gas. Sabemos que hai barcos de viaxe e o que nos din é que están facendo acopio de carbón porque teñen a obriga legal de ter a central térmica dispoñible por si fose necesario poñela en marcha pero non teñen intención de que isto suceda. Endesa sobre esa central plantexou un proxecto de xeración de enerxía con biocombustibles que nós seguimos tendo presente. Esa aposta que nos plantexou Endesa non supliría ou non sería capaz de absorber todo o impacto que provoca o peche da central pero aportaría desenvolvemento e unha nova actividade á zona. Unido a isto tamén está prevista unha planta de hidróxeno que para nós é importante empezar a pensar no futuro e que eses

futuros proxectos se desenvolvan e o fagan no municipio para absorber o impacto socioeconómico e laboral que ao final provoca o cese da actividade na central. Dende o Concello pedimos a convocatoria da mesa de transición para que se nos aclare a situación de Endesa e dos fondos de transición.

Manteñen o proxecto de seguir traballando na formación?

Desde o Concello, o noso proxecto para o futuro é continuar coas liñas de axudas a emprendedores, contribuíndo tamén a que os veciños estean situados o mellor posible no mercado laboral para acceder aos novos postos de traballo que se creen na contorna a través de acordos formativos para poder enfocalo nas necesidades reais que nos trasladan. Intentamos que eses fondos que invertimos en formación de veciños en situación de desemprego cumpran o obxectivo que perseguimos de que atopen un posto de traballo. Seguiremos traballando e solicitando ao resto de administracións que se vinculen e que apoiem o desenvolvemento industrial das Pontes que foi e é un motor industrial dentro da comarca e a provincia e ten que seguir séndoo porque temos que ser capaces de aproveitar o impulso e as oportunidades que se nos presenten.

80.000 euros para a creación de empresas

O Concello das Pontes destinará 80.000 euros ás achegas para a creación de empresas, a través dunha nova edición do programa As Pontes Emprende.

A sétima edición deste programa ten como obxectivo prioritario fomentar a actividade económica, incentivar a creación de novos proxectos empresariais e dinamizar a pequena e media empresa e ás persoas autónomas, ofrecéndolles un apoio para que poidan afrontar o reto de establecerse como traballadores/as por conta propia ou o da posta en marcha dun proxecto empresarial. Esta achega súmase aos 219.077 euros destinados nas edicións anteriores e que permitiron apoiar a 84 novos/as emprendedores/as e xerar máis dun centenar

postos de traballo en sectores como o da agricultura ecolóxica, o comercio, a hostalaría, a construción, a carpintería metálica ou servizos profesionais.

Ana Pena, responsable de Industria e Emprego no Concello das Pontes, apunta que “con esta nova convocatoria, amosamos, unha vez máis, o compromiso do goberno local coa actividade emprendedora do municipio, adoptando, dentro das nosas competencias, todas as medidas oportunas para fomentar a capacidade creativa e emprendedora dos nosos veciños e veciñas. Este ano ademais, ante a complicada situación que estamos vivindo debido á covid-19, optamos por modificar as bases do programa para, deste xeito, poder dar cobertura a un maior

número de iniciativas emprendedoras”.

Así mesmo, a concelleira fixo fincapé na importancia das persoas emprendedoras na economía local: “son unha fonte de riqueza e un elemento esencial para o crecemento, a competitividade e a modernización do tecido empresarial local. Contribúen ao sostemento da economía local e son xeradores de centos de postos de traballo”.

O programa As Pontes Emprende contempla dúas liñas de actuación, ambas cun importe máximo de 2.000 euros. A liña Impúlsate está destinada a sufragar os gastos de alugueiro mentres que a través da liña Instálata cubriranse os gastos de inmovilizado material e inversión na adecuación de locais para a posta en marcha

da actividade.

Estas axudas están destinadas as persoas físicas ou xurídicas, cun novo proxecto empresarial, que iniciasen a súa actividade a partir que tivesen iniciado a súa actividade tivesen iniciado a súa actividade dende o 1 de novembro do ano 2020.

Para acceder a estas achegas é necesario presentar a solicitude a través da sede electrónica do Concello <https://sede.aspontes.com/es/index.html>, mediante certificado electrónico, xunto coa documentación esixida na convocatoria. As solicitudes poderán presentarse desde o día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da provincia da Coruña e ata o 31 de outubro de 2021.



Excelente comunicación para a industria local

As Pontes conta con dous polígonos industriais, Penapurreira e Airíos, aos que hai que engadir dous asentamentos industriais, os cales dinamizan a zona e xeran arredor de 1.500 postos de traballo ademais de contar cunha ubicación excelente e de estar ben comunicados pois teñen acceso directo á autovía AG-64, que une o Porto Exterior de Ferrol coa A-6 e a A-8, así como estar a uns 60 quilómetros do aeroporto da Coruña. O primeiro, o parque empresarial de Penapurreira, dispón dunha superficie total de 822.267 metros cadrados, que o converte no polígono industrial máis grande das Pontes, en relación á superficie total.

A creación deste polígono industrial foi impulsada desde o Plan de Desenvolvemento Económico-Industrial para As Pontes, que estivo financiado por Endesa, a Xunta de Galicia, e o Instituto para a Reestruturación da Minería do Carbón e o Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras.

O proxecto de urbanización realizouse por fases en función das dispoñibilidades económicas e das necesidades reais do chan industrial.

Conta con 23 parcelas industriais



das cales 5 están segregadas en subparcelas e nel están asentadas 23 empresas.

Establecéronse principalmente empresas con instalacións de tamaño mediano e grande que engloban diferentes sectores produtivos como son a transformación do metal, alimentación, fabricación de pellets, distribución agrogandeira, fabricación de encapsulantes fotovoltaicos, transformación da madeira, impresión e tecnoloxía... Estes sectores garanten unha diversidade e un futuro máis promete-

do ao municipio.

No tocante ao equipamento, na zona I atópase o Centro de Dinamización Empresarial Seara, con oito oficinas e dúas naves como viveiro de empresas.

O segundo, Os Airíos é un polígono situado a un quilómetro do centro urbano da vila das Pontes. Foi creado polo Concello nos anos 80, debido á gran demanda de chan industrial que existía. Naqueles tempos había moitas empresas que se instalaron pola súa conta en terreos que non estaban cualifi-

cados como solo industrial e coa construción deste parque tentouse solucionar esta situación.

A parte máis antiga ten unha superficie de 232.508,2 metros cadrados, dos cales 33.607 corresponden á infraestrutura viaria e 198.901,2 é a superficie industrial. Os Airíos está dividido en 67 parcelas, das cales 63 están ocupadas, dúas están baixo á titularidade do Concello e as outras dúas corresponden a unha escavación arqueolóxica. Os empresarios que se instalaron nos Airíos tiñan a

cesión das parcelas por parte do Concello por un prazo de tempo de 75 anos. A característica principal destas empresas é que se trata de Pemes, xa que o tamaño das parcelas oscila entre os 900 e 5.000 metros cadrados. En xuño do ano 2006 O Concello saca a concurso as parcelas do polígono industrial. Anos despois, tivo que facerse unha ampliación que conta cunha superficie de 229.700 metros cadrados da cal a superficie industrial é de 139.795.

Esta fase II conta cun total de 19 parcelas empresariais, das cales 4 están segregadas para as diferentes ubicacións de empresas, contando con 3 empresas con máis dunha parcela. A Fase II dos Airíos presenta en propiedade de parcelas un total de 20 empresas.

Ademais, o asentamento industrial da Cruz das Cabezas ten unha superficie de 123.250 m² e nel están asentadas 6 empresas adicadas maioritariamente á automoción e transportes, construción e materiais químicos.

O asentamento industrial da Balsa ten unha superficie de 491.240 m², nel ocupan unha pequena superficie tres naves de venda e distribución de produtos agro-comerciais e de construción.

No polígono de Penapurreira está o edificio Seara, un viveiro de empresas



Maciñeira
CARPINTERÍA CONSTRUCCIÓN

CARPINTERÍA DE MADERA EN GALICIA

Polígono Industrial Os Airíos, parc. 85-86
As Pontes - A Coruña / Tel.: 981 450 887
macineira@macineira.com / www.macineira.com

build

Pontesa Mármoles y Granitos

53 anos dedicados ás elaboracións de pedra e mármore natural

Realizan traballos a medida con gran variedade de acabados e materiais

En Pontesa Mármoles y Granitos elaboran e comercializan unha ampla variedade de mármore, nacionais e de importación, granitos, pedra de cachotería, compactos, etc adaptados a todas as necesidades e a tendencia actual do mercado.

Dispoñen dunhas amplas instalacións nas que o cliente pode ver as mostras dos distintos materiais e ademais asesoran persoalmente de cales son as alternativas máis adecuadas en cada caso para mellorar as cocinas, baños ou calquera outra estancia do fogar.

Pontesa é un referente na vila xa que foi fundada no ano 1968 por Jesús Docampo Sanmartín sendo este a segunda xeración de verdadeiros artesáns da pedra. A empresa dedicouse desde os seus inicios á elaboración de pedra e mármore natural en todas as variables, como encimeiras de cocíña e baño, pasando por chans, aplacados, fachadas, escaleiras, lápidas e panteóns.

A día de hoxe, a parte da pedra e mármore natural, elabóranse modernos materiais compactos de cuarzo como o Silestone e Compac, ou de moda como os porcelánicos de marcas variadas como Dekton, Neolith, Coverlam, etc.

Os cambios e adaptacións ao mercado de cada momento poñen de manifesto a eficacia e profesionalidade deste equipo, e a confianza dos clientes, que fixeron que durante estes 40 anos, a empresa quedase asentada no mercado de maneira sobresaínte.

En Pontesa Mármoles y Granitos realizan traballos a medida, con gran variedade de acabados, de materiais nacionais e de importación cun amplo stock á disposición do cliente.

“Reformulamos e instalamos os nosos materiais, elaborándoos coas máquinas máis actualizadas, para conseguir así afrontar con éxito a competitividade con outras empresas do mesmo sector”, explican dende a empresa.

Defeito, dispoñen dunha infraestrutura con técnicas modernas en cortes, pulidoras, gravados e inscricións de lápidas de mármore e granito que distingue o seu traballo. Ademais ofrécenlle



ao cliente un servizo e atención completa, detallada e acorde á medida das súas necesidades, asesorándoo na decisión do ma-

terial máis adecuado para cada caso e no referente á instalación, informándolle das diferentes técnicas e sistemas de colocación.

Carpintería Maciñeira

Unha aposta polo futuro e a innovación coa construcións de casas de madeira

Realizan todo tipo de proxectos para empresas, administracións e particulares

Carpintería Maciñeira é unha empresa de fonda tradición pontesa, xa que tivo a súa orixe no 63, abrindo co nome de José María Alonso López, aínda que na década seguinte cambiaría de nome ao actual.

Ao longo destes anos a empresa fixo un traballo de adaptación ás necesidades do mercado avalados polo traballo dun equipo de profesionais cualificado.

Coa madeira como eixe do traballo realizan todo tipo de proxectos, como tarimas, portas, ventás, escaleiras, armarios, entre outros moitos, para cubrir a demanda que se lles plantexa tanto polas empresas, administracións como particulares.

Non só realizan carpintería de nova

construción, tanto interior como exterior, senón que tamén traballan na rehabilitación para o sector do comercio e hostalaría.

O seu traballo xa trascendeu a contorna das Pontes e agora traballan moito comarcas limítrofes como Ferrolterra, Eume, Ortegá, Terrachá, Coruña, Lugo, etc, sen deixar de realizar outros proxectos máis puntuais onde se demande a súa cualificación.

Ao ter taller propio, poden realizar calquera tipo de proxecto construtivo o que lles dá unha vantaxe engadida á súa experiencia.

En Carpintería Maciñeira tamén souberon adaptarse aos novos tempos e por iso desde fai un tempo están traballando coa empresa Ubuild para facer casas de madeira como fabricantes. Trátase dun sistema construtivo modular cun número de posibilidades infinitas en forma e tamaño e que permite facer todo tipo de construcións, dende un garaxe a unha vivenda de varias plantas.

É esta unha das últimas tenden-



cias do mercado que está tendo unha importante demanda e onde Carpintería Maciñeira destaca en Galicia. Fan as casas e tamén poden

montalas se así o demanda o cliente. Neste sector estanse movendo por Galicia pero xa están traballando nun proxecto fóra de España.

A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS



Rehabilitación da estrada LU-P-2204 no concello de Xermade para dar servizo a Momán.

A Deputación inviste 251.000€ para arranxar case quilómetro e medio desta vía, entre os puntos kilométricos 7,000 e 8,340.

Con esta actuación, a Deputación mellorará máis de 8 quilómetros dos 9,7 que ten de lonxitude da vía, co que só restaría pouco máis dun quilómetro para o seu acondicionamento integral.

Esta estrada vertebra o concello de Xermade e toda esta parte da provincia, dando servizo aos veciños e veciñas de Momán e comunicando con As Pontes. Ademais, este é o camiño máis curto para os desprazamentos da veciñanza a Santiago de Compostela e aos aeroportos.

MELLORANDO OS SERVIZOS E A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DA PROVINCIA

HERMANOS PICO YÁÑEZ é unha empresa creada non ano 1992 dedicada á escavación, demolición, preparación de todo tipo de terreos, asfaltado de chairas, perforacións, sondaxes, transporte de áridos... tanto en obras civís ou públicas en xeral.

Temos unha ampla maquinaria como: retroexcavadoras, palas mixtas, cargadoras, rodetes, camiões guindastre, miniexcavadora, camión de rego asfáltico, camión dumper, dumper compactos, cabezas tractoras con semirremolque...

Hermanos Pico Yáñez



En Irmáns Pico Yáñez ofrecémoslle o mellor servizo de demolicións e escavacións para construcións de todo tipo, utilizando as mellores ferramentas e o noso coñecemento achegado pola experiencia que temos no sector.

Podemos ofrecerlle todos os servizos relacionados con movementos de terras, realizados polo noso gran equipo de traballo altamente cualificado e cun gran percorrido. O noso trato sempre é personalizado.

OS NOSOS SERVIZOS

- Demolicións
- Derribas
- Extraccións
- Consolidación e preparación de terreos
- Sondaxes
- Perforacións
- Captación de augas
- Pozos
- Minas



ACHÉGUESE E COMPROBE OS NOSOS PREZOS COMPETITIVOS E A MELLOR CALIDADE EN CADA UN DOS TRABALLOS REALIZADOS

Santa Cristina, 10 – baixo Crta. LU-111 KM 11 - 27377 A Feira do Monte, Cospeito Lugo / Tels: 982 503 057 - 629 329 795 - 629 858 010
hermanospico@gmail.com / www.picoyañez.com

O museo do Castro de Viladonga retoma os obradoiros artesanais este mes

O Museo de Viladonga retoma este mes as súas actividades trimestrais con distintos obradoiros que se desenvolverán a partir do 23 de outubro, así como outras actividades culturais, que teñen programadas para o mes de decembro.

A programación iníciase a fin de semana do 23-24 de outubro cun obradoiro experimental de cestería tradicional que estará ao cargo da artesá local Lola Tourón e que se desenvolverá no Conxunto Etnográfico das pallozas do Cebreiro. A seguinte fin de semana será a vez doutro obradoiro, neste caso de cerámica castrexa, que dirixirá a artesá oleira Sandra Obarrio dentro das instalacións de museo de Castro.

Xa en novembro, a fin de semana do 6 e 7 volverá celebrarse o obradoiro de cestería de Lola Tourón pero no museo de Viladonga mentres que o 13 están citados para unha formación experimental de textiles na antigüidade, a cargo de Miriam Fernández.

A programación continuará en decembro con senllas actividades culturais. A primeira será de maxia, a fin de semana do 13 e 14, a cargo de Fani Triana e o 15 e 16 haberá contacontos de Paula Carballeira.

Adxudican a colocación de céspede no campo de adestramento



Imaxe do campo de adestramento antes de poñer o céspede

O Concello de Castro de Rei vén de adxudicar a última fase das obras de acondicionamento do campo de adestramento de fútbol a Calfensa por un valor de 131.164,00 euros e un prazo de execución de dous meses.

Os traballos contemplan a cubrición do campo de fútbol con céspede artificial de 105,00 x 64,00 metros colocado sobre as bases, ocupando unha área total, incluídas as zonas perimetrais de protección de 6.720 m².

As necesidades do novo terreno de xogo que se proxecta, en canto ó pavimento de herba artificial do campo de fútbol implica a

colocación sobre a capa elástica existente dunha manta de céspede artificial lastrada mediante capa de area seleccionada de sílice redondeada e gránulos de caucho reciclado.

Esta actuación atópase incluída no Convenio de Cooperación entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Castro de Rei para realizar cun orzamento total de 159.983,77 euros, dos cales o organismo autonómico financia 100.112 euros e o concello aporta 59.871,77. O compromiso era de que esta obra esté executada antes do 2 de novembro.

Convocarán as axudas a hostaleiros estes días



O alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, anunciou que o Concello tramitará nun prazo de quince días as axudas aos hostaleiros afectados pola pandemia da covid-19, unha vez que liberaron a partida orzamentaria que se destinará ao mesmo. Castro súmase así á lista de Concellos que ofrecerán unha aportación para intentar paliar os efectos económicos que tivo a crise sanitaria sobre este colectivo. Segundo explicou, o Concello

xa ten consignada as axudas no orzamento e este entrou en vigor polo que o proceso iníciase nos próximos días.

Balado avanzou que as axudas, directas, consistirán en 1.000 euros por local hostaleiro afectado polos peches entre os meses de novembro de 2020 e marzo deste.

O obxectivo é que respectando os prazos de solicitude as axudas podan estar todas entregadas antes de final de ano.

Reclaman a reactivación do centro de saúde local



Concentración dos veciños de Castro ante o centro de saúde

A veciñanza uniune novamente nunha concentración diante do centro de saúde de Castro Ribeiras de Lea co motivo da defensa da sanidade pública e a reactivación dos centros de saúde do concello.

A concelleira e voceira do BNG en Castro de Rei, Digna Lagarón, explicou que “a veciñanza de Castro de Rei demostrou que está farta dos recortes na atención primaria xa que este concello chairego está acarreado graves demoras na atención ás pacientes e falta de persoal sanitario temos o centro de Castro de Rei pechado e sen novas de apertura, e o centro sanitario de Castro Ribeiras de Lea sen suficiente persoal para

atender á veciñanza”.

Os concentrados esixiron a reactivación plena dos centros afirmando “basta das mentiras do Partido Popular tanto na Xunta como no goberno municipal sobre a situación na atención primaria”.

Neste senso, o BNG defende que a mellor maneira de saír da crise sanitaria é reforzando o sistema público de saúde. Por conseguinte, o BNG propón un plan de choque cun investimento de 200 millóns de euros, a contratación de profesionais para os centros de saúde e aumentar o orzamento á atención primaria. Tamén recolleu sinaturas da veciñanza para dirixirse ao Sergas.

Alumnos de Veterinaria amplían formación na Granxa Gayoso

Os 120 estudantes de novo ingreso matriculados no primeiro curso do grao en Veterinaria están a coñecer a Granxa Experimental do Campus Terra, unhas instalacións nas que os futuros veterinarios desenvolverán diversas prácticas de formación e investigación ao longo da titulación, segundo indicou o decano Gonzalo Fernández.

As visitas realizadas polos novos estudantes á granxa financiada pola Deputación Provincial de Lugo nunha parcela da súa propiedade en Castro de Ribeiras de Lea es-

tán a resultar moi atractivas para os novos universitarios, ao tempo que supoñen para algúns deles un primeiro achegamento aos animais de produción, comentou Gonzalo Fernández, quen sinalou que boa parte dos futuros veterinarios inician a súa formación de grao coa idea de dedicarse á clínica de pequenos animais ou incluso especializarse en exóticos, na actualidade, o mercado está a demandar profesionais veterinarios no eido dos animais de produción. Neste senso, o decano da Faculta-

de de Veterinaria do Campus de Lugo salientou a importancia que supón para o centro universitario ter á disposición do alumnado, así como dos docentes e investigadores unha granxa de vacún de leite, tal e como é o caso da instalación promovida pola Deputación de Lugo. “Esta dotación é moi importante e reporta beneficios para toda a comunidade universitaria, tanto en docencia como en I+D, ao tempo que posibilita achegar unha formación mellor e de máis calidade ao alumnado”, relatou.



- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

**URXENCIAS
24
HORAS**

Chega o momento do saneamento

Inician o proceso para a rehabilitación do servizo no Campo da Feira e no Empalme, ademais doutras melloras

O Concello de Xermade está inmerso estes días en varios proxectos vinculados á xestión do abastecemento da auga, proxectos que lle coinciden no tempo.

Así, a CHMS investirá máis de 320.000 euros en mellorar o saneamento e a depuración do Concello de Xermade, para a execución do proxecto de rehabilitación do sistema de saneamento e depuración do núcleo do Campo da Feira.

O presente convenio ten por obxecto determinar as condicións para a colaboración entre ambas as partes para o financiamento e execución das obras; así mesmo, tamén establece o réxime da posterior entrega das obras executadas para o seu mantemento e conservación.

O núcleo do Campo da Feira da parroquia de Momán dispón dunha rede de saneamento e sistema de depuración nun deficiente estado de funcionamento e conservación, producíndose filtracións de augas residuais a través do terreo nas inmediacións da fosa séptica actual. O proxecto consistirá na construción dun sistema de tratamento de augas residuais baseado en gabias

drenantes, formado por un pretratamiento e pequeno tanque de tormentas, un tratamento primario e varias gabias de infiltración, todo iso condicionado ao correspondente estudo hidrolóxico e de caudais que se realice en fase de proxecto. O investimento necesario estímase en 320.000 euros, que serán sufragados en porcentaxe 80% e 20%, CHMS e Concello, respectivamente.

De feito, A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil tamén traballou no Concello na reparación dun tramo de dique da marxe esquerda do río Trimaz, debaixo da ponte da AG-63, km 43, ao seu paso polo municipio lucense de Xermade.

O obxectivo das actuacións é a estabilización da ribeira do río a través da reconstrución e estabilización do muro do dique actual, para evitar que a erosión, en momentos de intenso caudal, termine por afectar á estrada paralela.

Para a reconstrución do dique reutilizáronse as pedras desprendidas ademais de achega de novas pedras de dique e o trasdós encherase con material granular.

CABREIROS. O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde de Xermade e deputado de Participación Cidadá, Roberto García Pernas, asinaron un convenio de colaboración a través do que a institución provincial achega ao Concello de Xermade 46.000€ para a construción dunha depuradora ecolóxica no barrio do Empalme, en Cabreiros. José Tomé subliñou que a achega provincial mellorará o día a día da veciñanza dunha ducia de vivendas do rural, onde o pico máximo de poboación que se acadará é de 25 persoas. Terá capacidade para filtrar 4.256m³ ao día.

Vaise instalar ao aire libre nunha finca que se denomina como Prado Vello de 272 m², ocupando a depuradora arredor de 100 m². “Este barrio aínda non tiña depuración de augas, e é moi necesaria. Trátase dunha demanda histórica que agora se ve cumprida grazas a este convenio, que é froito dun compromiso do alcalde coa veciñanza”.

A previsión é que a depuradora xa empece a traballar neste 2021.



Obras no dique do río Trimaz e firma do convenio coa Deputación

Realizarán obras de reforma no colexio antes de final de ano



A obras no CEIP de Xermade, no que se farán traballos de mellora e reforma das instalacións cun orzamento que de preto de 214.000 euros (13.883,25 euros) adxudicáronse estes días.

Os traballos consisten na substitución das ventás existentes no edificio principal, as das aulas e dúas dos baños do edificio secundario (comedor) por carpintería de aluminio con rotura de ponte térmica e vidros de dobre acristalamento, baixo emisivos, acústicos e de seguridade e cámara de aire intermedia. A apertura será oscilobatente.

Tamén se realizará a reparación

da fachada interior do patio do edificio principal, así como substitución de canlóns e baixantes neste patio. Instalación de pérgola de conexión entre o edificio principal de aulas e secundario de comedor para favorecer a saída dos alumnos e a protección das inclemencias meteorolóxicas.

Finalmente, reformaranse os baños do edificio de comedores.

O prazo de execución destes traballos é de dous meses e o período para que as empresas presenten as súas ofertas xa rematou polo que se espera que se adxudiquen en breve e podan empezar as obras antes de que finalice o ano.

Convocan as Xornadas micolóxicas para o 23

A fin de semana do 23 e 24 de outubro volverán as xornadas micolóxicas. A programación dividirase en dúas sesións, comezando o sábado cunha saída ao monte, entre 8.30 e 17.00 horas para a recollida de setas. Estará guiada polo micólogo Jose Luis Cuba con saída diante do Concello.

O domingo será o tempo dos obradoiros, que se celebrarán na casa do Sindicato, en Xermade entre as

12.30 e as 14.00 horas. Este estará a cargo de Antonio Díaz e consistirá nunha análise e coñecemento dos cogomelos comestibles máis comúns en Galicia, os seus métodos de conservación e receitas básicas. Os interesados en anotarse poden facelo no teléfono 982 501 001. A participación ten un custe de 15 euros por persoa e as actividades terán un aforo máximo de 20 persoas.

EN BREVE

CEMITERIO. Abriu o proceso de concesión dos novos nichos do cemiterio de Roupar. As concesións outorgaranse por rigorosa orde de solicitude. A concesión é de 99 anos e a cota ascende a 1.500 euros por un niño de 4 prazas sen adosar. As solicitudes poden facerse no Rexistro.

MONÓLOGO. Co gallo do Día da Muller Rural Rural celebrarase un monólogo de Arantxa Treus que leva por título *Sexo débil? O Carallo*. Esta sesión terá lugar o venres, 15 de outubro, ás 20.00 horas na Casa Habanera de Roupar. O aforo será limitado e asignado pola orde de chegada.



EN BREVE

UKELELE E GUITARRA. Volven as tardes dos martes con guitarra e ukelele ao Hábitat cultural Fogar de Maeloc da Pastoriza, dous fermosos instrumentos que poden aprenderse a tocar co profesor Manu Fandiño. As clases darán comezo en outubro tanto para o nivel de iniciación como para o de perfeccionamento. Os interesados en anotarse ou informarse poden facelo no teléfono 622 913 968 ou no correo fogardemaeloc@gmail.com.

AERÓBIC E ZUMBA. O local social de Reigosa, na Pastoriza, acollerá un ano máis a celebración de diferentes cursos dirixidos á veciñanza. Así, todos os luns e mercores impartiranse clases de zumba entre as 21.00 e as 22.00 horas e as clases iniciaranse este mes. A inscrición pode facerse a través do teléfono 628 422 803 preguntando por Rocío. Os mesmos días, pero de 22.00 a 23.00 horas haberá clases de aeróbic. Ao igual que a zumba as clases comezan este mes e a inscrición pode facerse no mesmo número de teléfono.

MULLER RURAL. Por tecer ano consecutivo, co gallo do Día Internacional da Muller Rural, dende a Área de Muller e Igualdade do Concello da Pastoriza, apóstase por visibilizar a través da fotografía as mulleres rurais, as deste concello, polo que volve a convocar o concurso Muller Rural da Pastoriza. Aínda que o prazo de presentación de fotografías xa rematou, pódese votar nas redes sociais ata o día 15.

Asapa reclama a Medio Rural a recuperación do servizo veterinario



A Asapa (asociación de empresarios de A Pastoriza) remitiu un escrito á Consellería de Medio Rural para facerlle coñecer dos transtornos económicos que supón para a localidade a perda do servizo de veterinario.

Afirman que a falta deste servizo implica que teñen que desprazarse a outros concellos (a máis de 30 km) para poder realizar calquera tipo de trámite relacionado coa actividade gandeira, “e isto repercute unha perda de ingresos no noso Concello”.

Explican os comerciantes que A Pastoriza é un Concello de castres mil habitantes, cunha superficie de 175 km cadrados, onde

a principal actividade e fonte de ingresos é a gandería agrícola de leite e de carne que conta con máis de 14.500 cabezas de gando, sendo o segundo concello de Galicia de maior número, xustificando coas estadísticas públicas.

Os comerciantes engaden que “o noso propósito é botar unha man os nosos veciños, xa que é un problema que afecta a todos” e invitan ao conselleiro a que veña coñecer a situación actual e así poida valorar en primeira persoa o asunto”. “Pola contra, si reflexiona sobre isto e ve posíbel que poidamos voltar á gozar deste servizo, estaríamos moi agraecidos”, conclúen.

Rematan os traballos de mellora no sistema de auga de Saldanxe



O estado da unidade de captación de auga en Saldanxe tras as melloras

Remataron estes días no Concello os labores de arranxo e melloras do acondicionamento da captación da auga na parroquia de Saldanxe. Realizáronse tarefas de desbroce e acondicionamento do lugar, así como arranxos no peche do mesmo. Tamén se limpou o edificio e se supervisou o sistema de traballo da captación de auga.

Esta obra englobase dentro do proceso de melloras dos depósitos de auga do termo municipal. Recientemente actuaron nas fontes e depósito de auga de Bretoña, no de Fitoiro, camiño e depósito de auga de Úbeda, na estación de bombeo de Vián, fontes e depósito de Loboso e Marful, depósito das Curuxeiras na Rigueira, fontes e depósito da Pastoriza e depósito de Toucido en Úbeda.

Ademais, tamén se realizaron outros traballos de mantemento como a limpeza e roza do Castro de Saa, campo de fútbol de Vián e Bretoña e o amaño de beirarrúas.

PONTE SOBRE O MIÑOTELO. O Concello deu por rematadas as obras de arranxo da varanda da ponte sobre o río de Miñotelo, situado na estrada entre A Pastoriza e Aguarda. Así, mesmo, o persola municipal tamén se ocupa estes días de amañar a baranda da ponte da parroquia de Baltar, que tamén estaba en mal estado. O persoal municipal realizou os labores de mantemento das instalacións exteriores do IES Fonmiñá antes do inicio do curso. e limpáronse e desbrozáronse as zonas verdes do complexo e da contorna.

Licitan as obras dos colexios

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade iniciou o proceso de licitación de obras en numerosos centros de ensino da provincia de Lugo, entre os que se atopan os dous centros de infantil e primeira da Pastoriza, O Salvador e o de Bretoña, nos que se farán obras de mellora e reforma das instalacións cun orzamento que de preto de 236.215,93 no primeiro caso e de 214.576,35 no segundo.

No CEIP O Salvador os traballos consistirán na substitución de portas e ventás, por unha carpintería de aluminio con rotura de ponte térmico e vidros de dobre acristalamento, baixo emisivos, acústicos e de seguridade e cámara de aire intermedia. A apertura será oscilobatente. Inclúese tamén a substitución das caixas de persianas e capialzados e substitución de baixantes en mal estado.

No orzamento figura o illamento de forxado horizontal de cuberta con lá



CEIP de Bretoña

mineral (e:10 cm) e a colocación de falso teito acústico en aulas, biblioteca, comedor e corredor de planta primeira de placas de 60x60 cm, ademais de en aseos, almacenes e cociñas de placa vinílica normal con placas de 60x60 cm.

Completan o presuposto coa substitución de luminarias por equipos LED, con regulación lumínica e detectores de presenza, ademais do

pintado de paramentos interiores sobre os que se actúa pola substitución de carpintería. Finalmente faranse traballos de mellora de accesibilidade para acceder ao centro. No de Bretoña os traballos faranse os mesmos traballos de substitucións de portas e ventás, así como de illamento de forxado da cuberta, mellora de luminarias e colocación de falso teito nas mesmas estancias. Tamén se fará a substitución de carpintería interior (portas de paso) e o pintado de paramentos interiores sobre os que se actúa pola substitución de carpintería.

Finalmente inclúese a creación dunha zona cortaventos e se mellorará a accesibilidade.

O prazo de execución destes traballos é de dous meses nos dous casos e o período para que as empresas presenten as súas ofertas aínda estará aberto ata o 4 de outubro, polo que as obras é probable que empecen antes de que finalice o ano.

Imparten tres obradoiros para persoas coidadoras

O Concello da Pastoriza impartirá entre outubro e novembro tres obradoiros dirixidos principalmente ás persoas coidadoras. O primeiro deles leva por título Coidando ao Coidador, e terá lugar o luns 25 de outubro, entre as 16.30 e as 20.30 horas. O obxectivo do mesmo é formar os coidadores e familiares en habilidades que lles axuden a mellorar a calidade dos cuidados que proporcionan así como o uso de técnicas que lles faciliten o labor.

O seguinte será o 28 de outubro, de 16.30 a 20.30 horas e versará sobre o manexo do estrés e da ansiedade co obxectivo de aprender a xestionar as emocións e conseguir un manexo axeitado do estrés e da ansiedade para lograr unha adaptación óptima a calquera situación de cambio ou de transición vital.

Rematarán este ciclo formativo co curso Mobilización e cuidados de



persoas dependentes, que se impartirá o 19 de novembro, de 16.30 a 30.30 horas.

A formación busca dotar de habilidades aos coidadores de maiores en mobilización, cambios posturais e hixiene postural así como crear un foro onde coidadores e profesionais sanitarios poida intercambiar experiencias sobre cuidados de saúde.

Os cursos terán lugar no salón de actos da casa da cultura da Pastoriza e a inscrición debe realizarse nos teléfonos 982 332 197 e 629 534 793.

O Pleno aproba as bases das axudas covid para a hostalaría

O Concello de Cospeito viviu dous plenos en semanas consecutivas, o segundo deles extraordinario, para dar para diante finalmente ás axudas ao empresariado local con motivo da covid e polas que o partido socialista preguntou nos plenos anteriores. Finalmente quedaron aprobadas as bases que outorgarán as axudas. As bases xa están e en breve saíran publicadas no BOP para abrirse o prazo de solicitude. A intención é que estean cobradas todas antes de que finalice o ano.

As axudas non serán por concorrencia competitiva polo que poderán solicitálas todos os negocios afectados. Consistirán nun único pago de mil euros por negocio para que o Concello destina 10.000 euros. Os socialistas solicitaron que quedara reflectido na acta que “de non ser suficiente esa partida, que se fixera outra partida”.

“Alegrámonos que a nosa iniciativa saíra adiante, aínda que os mil euros non lle van solucionar a vida a ninguén é unha mostra de solida-

riedade e tamén o feito de que estivesemos todos os grupos de acordo é importante porque é así como se avanza nun concello”, explica Morán.

MOCIÓN SOCIALISTA. No primeiro pleno houbo tamén acordo unánime de todas as partes para o arranxo da consulta do centro de saúde. Pedían os socialistas que se arranxase “canto antes” a que se atopa na planta soto, pero que é usada a diario como consulta habitual. Segundo indicaban “atópase nun estado tercermundista con humidades e óxidos, que parece ser que se olvidaron de reparala co resto das estancias”.

O alcalde anunciou que se vai dar solución en breve, que hai compromiso da Consellería, a este problema e incluso prevese trasladar a consulta á parte de arriba. Rosa Morán, voceira socialista, indicou que espera que se fagan as melloras tal e como dicen “que nós seguiremos insistindo se non é así”.

Sobre o Plan Xeral o concello informou aos socialistas, que se sacou a

concurso, que se presentou unha empresa e que está en trámite agora mesmo. Aínda así, o PSOE asegurou que intentarán por todos os medios que se abra un novo período de alegacións, porque houbo xente que quedou sen presentar alegacións porque a empresa anterior non cumpriu”.

Ademais, tamén preguntaron pola desaparición do servizo de recollida de cartón polos comercios “xa que a día de hoxe só se recollen os contedores e non polos negocios como se facía antes”. Explican que échense os contedores de material ao non ir a empresa polos locais como facía antes e recibiron como resposta que o Concello está a negociar para que se volva ao sistema anterior. Tamén piden concienciación aos veciños para que dobren o cartón “e no os enchan con tres caixas”.

O Concello comunicou que a ponte que quedou sen arranxar na pista de Momán a Roás farase en breve e que as pistas en mal estado en Pino están traballando nelas.

San Martiño de Pino inicia este mes clases de ioga e música e fará o I Magosto de Caldaloba

A asociación San Martiño de Pino iniciará este mes os cursos anuais, nos que se seguirán cumprindo coas medidas hixiénico-sanitarias vixentes en cada momento. Así, todos os luns terá lugar un curso de ioga, que se desenvolverá entre as 21.00 e as 22.00 horas a partir do 4 de outubro. Os interesados en anotarse, que teñen xa o prazo aberto, terán que abonar 20 euros ao mes se son socios e 30 se non o son.

Tamén impartirase clases de iniciación á música, canto e baile tradicional, que terán lugar os mércores de 17.30 a 18.30 horas con data de inicio o 6 de outubro. O prezo desta actividade será de 15 euros para socios e 17 para os que non o son.

MAGOSTO. O próximo 23 de outubro terá lugar o I Magosto Cal da Loba, o cal se tivo que pospoñer o pasado ano.

Este magosto contará cun amplo programa de actividades que se iniciarán ás 11.00 horas e que comezarán cunha andanina dende a escola



do Mato ata o castelo de Caldaloba coa vestimenta de época.

O pregón estará a cargo de Martiño Maseda e farase entrega do título honorífico Constanza de Caldaloba a Xesús Rábade Paredes.

Non haberá comida pero pola tarde, a partir das 15.30 horas, haberá recitais poéticos, contos a cargo de José Manuel Pena Regueiro e un xogo de busca do tesouro para rematar coa celebración do magosto, que estará amenizado por música tradicional. Será preciso inscribirse antes.

Os alumnos do CEIP Poeta Avelino Díaz gozarán en Lugo de actividades filatélicas

A Sociedad Filatélica Lucen publicou os tres centros escolares que foron seleccionados pola organización da Exfilna para as súas actividades escolares. Estes serán o CEIP Álvaro Cunqueiro Moura de Mondoñedo, o CEIP Plurilingüe Poeta Avelino Díaz de Meira e o CEIP Paradai de Lugo.

O resto das solicitudes teranse como lista de espera por se algunha incidencia impide levar a cabo as actividades nos elixidos. Os tres centros reúnen a un total de 519 alumnos de primaria, que son os destinatarios destas actividades, en que un monitor da organización desenvolverá charlas e talleres, que se enfocan tanto á redacción e formato da carta tradicional (un mundo que hoxe día apenas coñecen xa que o habitual é acudir ao correo electrónico) como do coleccionismo filatélico.

Todo isto ten un custo cero para o centro educativo xa que a ac-



tividade finánciase a cargo dos orzamentos de Fesofi (a Federación de Sociedades Filatélicas) co apoio de Correos, polo que é unha ocasión extraordinaria de ter unha actividade adicional sen custo.

As actividades programaranse para este mes de outubro, cando terá lugar a Exfilna na cidade das murallas..

Ademais destas actividades, tanto os centros seleccionados como os demais poden concertar coa organización visitas guiadas ás tres sedes da Exfilna, que terá lugar entre os días 21 e 24 de outubro.

Adxudican a prestación básica dos servizos da residencia

A voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto, informou dos asuntos aprobados na Xunta de Goberno, na que se deron novos pasos para abrir nas vindeiras semanas o Centro de Atención a Maiores de Meira, coa adxudicación por preto de 624.000€ do contrato de prestacións básicas. O contrato inclúe o servizo de cociña, limpeza e asistencia para o centro.

Resultou adxudicatario a empresa

Troncoso Casares SL ata o 20 de xuño do 2022, con posibilidade de prórroga ata o 17 de abril do ano 2023, segundo explicou Pilar García Porto, quen lembrou que este paso “permitiranos cumprir coas previsións e poñer en funcionamento a residencia de Meira entre finais deste mes de setembro e principios de outubro”. Este será o cuarto centro de maiores que abre o Goberno no que vai deste mandato, e a sétima da rede

provincial, pois xa están en marcha Pol, Trabada, Ribadeo, Castroverde, Pedrafita e A Fonsagrada.

O CAM contará con 30 prazas de residencia -ampliábles a 38- e 20 de centro de día. Os veciños e veciñas de Meira terán prioridade de acceso á residencia, logo os dos municipios limítrofes e, seguidamente, os do resto da provincia. Do mesmo xeito, o custe da praza adaptárase á capacidade económica de cada persoa.



Rematan as obras dos parques infantís

Déronse por concluídas as obras de mellora realizadas nos parques infantís dos lugares de Illán e Baamonde, no concello de Begonte, que contaron cun investimento de preto de 35.000 euros. As obras tiveron como obxectivo mellorar os espazos de ocio dos nenos que foran construídos hai anos e que se atopaban en mal estado de conservación. Con esa finalidade, colocouse unha soleira e pavimentouse a zona de xogos, ademais de substituír os elementos e delimitar o recinto cun peche de seguridade. Con esta actuación dotouse ao concello dun servizo público para o lecer dos máis pequenos, o que contribúe a mellorar a calidade de vida dos cativos de Begonte e da súa veciñanza en xeral.

O PSOE pregunta polo uso e o transporte do CEIP de Baamonde

O colexio de Baamonde segue levantando críticas. Os socialistas rexistraron unha batería de iniciativas parlamentarias para reclamar ao Goberno de Feijóo que demande do Concello de Begonte a remisión de xeito inmediato do proxecto e planificación dos usos que lle pretende dar ás instalacións do CEIP de Baamonde.

Así o anuncio o voceiro de Educación Luís Álvarez, quen lembra que “houbo unha intensa mobilización social no concello de Begonte tras a unificación por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade dos CEIP de Baamonde e CEIP Virxe do Corpiño nun único centro, trasladando o alumnado do CEIP de Baamonde ao CEIP Virxe do Corpiño. Alegando que ían empregar as instalacións do CEIP de Baamonde para un futuro conservatorio de música de incerta titularidade”.

Así as cousas advirte que “este asunto tamén foi obxecto de preocupación polo Grupo Parlamentario Socialista, que defendeu diversas iniciativas, tanto preguntas ao con-



Unha das concentracións realizadas polo peche do centro escolar

selleiro como de proposicións non de lei, nas que se demandou a Consellería de Cultura, Educación e Universidade que mantivese en funcionamento o CEIP de Baamonde, desbotando calquera posibilidade de desafectar este centro. Xa que hai que lembrar que o número de alumnos situase seis veces por enriba do criterio establecido para pechar un centro educativo na Comunidade Autónoma”, remarca.

TRANSPORTE. Para os socialistas, o PP “veta o uso de transporte escolar” ao alumnado de Baamonde escolarizado no CEIP Santo Estevo de Parga. Así o declararon trala Comisión de Educación do Parlamento logo de votar en contra dunha proposición non de lei do Grupo Socialista para urxir á Consellería de Educación que permita a estes alumnos e alumnas o uso dun autobús que xa pasa polo municipio. Despois de que a Xunta pechase o

CEIP de Baamonde, cuestión denunciada en diversas ocasións polo PSdeG, o seu alumnado foi trasladado ao centro CEIP Virxe do Corpiño. Neste contexto, un colectivo de nais e pais de alumnos optaron por matricular aos seus fillos e fillas no CEIP Santo Estevo de Parga, situado no concello de Guitiriz, a 9 quilómetros de Baamonde, distancia practicamente idéntica á existente a Begonte, pero onde non teñen dereito a un dos servizos complementarios establecidos pola Consellería, como o transporte escolar.

Ante esta circunstancia e tendo en conta que por Baamonde circula unha liña de transporte escolar para o alumnado da parroquia de Pígaro, que pertence ao concello de Guitiriz, cara ao CEIP Santo Estevo de Parga, Álvarez pediu ao goberno galego que “garanta este curso o transporte a calquera dos centros de Guitiriz ou Begonte” para o alumnado reubicado do CEIP Baamonde, xa que “non se trataría de ofertar un novo servizo nin suporía un incremento do custe” para a Xunta.

Absorbida pola maleza

A Ruta dos Caneiros de Begonte ten tramos en moi mal estado actualmente

Un dos roteiros de Begonte máis destacados para sendeiristas é a Ruta dos Caneiros, un percorrido lineal de practicamente 14 quilómetros que leva obstentando o distintivo desde hai máis dunha década. Ao ser un percorrido de dificultade baixa fíxose sempre apropiada para públicos de todas as idades.

Hoxe, este camiño atópase nun estado lamentable, tal e como veñen denunciando veciños e usuarios. Aínda así, non toda igual xa que o tramo mellor son os case catro quilómetros que van dende Riocaldo ao club fluvial de Begonte. O resto do percorrido, ata o club fluvial de Baamonde, ofrece un profundo abandono que impide a moitos usuarios completar o percorrido, especialmente en época de chuvias. Hoxe está totalmente absorbida pola maleza.

Este roteiro discorre en territorio protexido incluído dentro da Reserva da Biosfera Terras do Miño e encadrado tamén dentro do Lugar de Interese Comunitario Parga, Ladra e Támoga, no medio duns bosques espectaculares e case virxes.

Partindo do club fluvial de Begonte, o roteiro transcorre por carreiros

pegados aos ríos Ladra e Parga, atravesando bosques salvaxes e con abundante vexetación, podendo contemplar distintos elementos etnográficos vinculados ao auga como muíños ou os típicos caneiros, que podían ser construcións para reter e desviar a auga dos ríos para conducirla ao propio muíño, ou tamén presas construídas en forma de V para a pesca da anguía ou lamprea. Tras pasar polo club fluvial de Baamonde, chega ao límite co municipio de Guitiriz para terminar na capela gótica de Santo Alberte e a súa ponte medieval, situados nun bonito lugar. Pasa ao lado dun enclave magnífico, a lagoa de Riocaldo, unha paraxe natural que gozan diferentes aves acuáticas entras as que se atopan garzas reais, corvos mariños, diferentes tipos de patos, aves migratorias, como alavancos, as gallinolas negras, as cercetas reais, as píllaras douradas grandes, os patos culler, o asubiño, o ánsar cincento, ou pato cincento, e o rabilargo, entre outras.

Malia esta beleza natural sobre este roteiro figuran críticas especialmente negativas como as publicadas nas aplicacións para sendeiristas.

Así, pode leerse “O roteiro é espectacular e moi belo, con bosques salvaxes e enmarañados, pero é difícil describir o grao de abandono do mesmo, que tería que estar en perfecto estado ao ser un roteiro oficial do municipio de Begonte. Abundante vexetación, pontes e pasarelas rotas, áreas recreativas abandonadas e invadidas pola vexetación, e apenas sinais, son a tónica dominante na mesma. Unha auténtica vergoña que as infraestruturas para o goce do camiñante déixense abandonar así”. Pero esta non é a única crítica que se pode ler sobre este roteiro. Recentemente un grupo de sendeiristas tiveron serias dificultades en completar o roteiro, no que se perderon en varias ocasións debido á escaseza de sinais e quixeron facer públicas as súas protestas a través do BNG municipal.

INVESTIMENTOS NO ROTEIRO. As queixas sobre este roteiro fanse máis intensas dende o BNG, que fai referencia aos elevados investimentos que se destinaron á creación e mantemento deste camiño natural. A militante do BNG lembra que o Concello recibiu cartos polo menos



Dous puntos en moi mal estado do roteiro

en dúas ocasións, a primeira durante o Goberno bipartito da Xunta e a segunda na etapa de Raquel Arias como delegada do Goberno.

As pontes fóra do sitio, as mesas e papeleiras inaccesibles, a sinalización desaparecida son algúns dos feitos que subliñan ademais de afirmar que está situación se mantén así

dende hai varios anos e, ante a falta de arranxo, empeora de forma rápida, facendo imposible completar a ruta en especial despois das chuvias. Pola súa banda, dende o Cercud de Baamonde afirman que arranxarán unha pasarela desa ruta cunha axuda da Reserva da Biosfera Terras do Miño a través da Deputación.



Os rapaces, na súa visita á Fundación CEL

Catorce mozos realizaron prácticas en empresas

Durante cinco días catorce mozos e mozas de Outeiro de Rei puideron aproximarse ao mundo laboral a través da realización de estadias en varias empresas do municipio, concretamente as empresas acolledoras foron 9 empresas, entre as que figura unha estación de servizo, un almacén de papelería, o zoolóxico Avifauna, un centro deportivo ou mesmo unha panadería. Tamén ofreceron os seus servizos outras catro.

Todas estas empresas foron un pilar fundamental desta iniciativa; o outro o foron os 14 mozos participantes na mesma que responderon con entusiasmo a este compromiso. As prácticas realizadas durante cinco días en xornadas diarias de 4 horas representaron un primeiro contacto co mundo laboral, unha

experiencia que foi valorada positivamente e que lles permitiu coñecer o traballo diario na empresa escollida por eles e colaborar realizando diferentes actividades.

Para completar o programa, realizouse unha visita ao Viveiro Empresarial da Fundación CEL en Lugo onde foron recibidos polo seu xerente, Rodolfo Ojea, que tratou entre outros aspectos, dos servizos que ofrece esta entidade aos emprendedores, ademais de realizar un percorrido polas instalacións e de completar esta visita cun encontro con promotores de interesantes iniciativas empresariais.

Finalmente, as persoas participantes na iniciativa foron recibidas no Concello de Outeiro de Rei.

O Concello realiza obras de mellora na ruta Miradoiro da Terra Chá



Pena de Rodas, un dos puntos polos que pasa o roteiro

Na actualidade o Concello de Outeiro de Rei está a realizar varias actuacións de mellora na ruta de sendeirismo Miradoiro da Terra Chá. Esta ruta une as parroquias de Gaioso e Francos nunha zona catalogada como Reserva da Biosfera.

As actuacións consisten, por unha banda, na mellora do firme nalgún dos tramos da ruta que non se atopan en bo estado de conservación dificultando así o tránsito peonil. Colócase unha valla cubrecontenedores no núcleo tradicional de Susavila e un conxunto formado por mesa e bancos de madeira tratada.

Doutra banda, as actuacións inclúen a mellora na sinalización da

propia ruta, reparando as sinais deterioradas, repoñendo as sinais ausentes, colocando frechas e un novo sinal indicativo do inicio da ruta no tramo modificado no seu inicio e eliminando as sinais existentes no tramo que se modifica. Ademais, dispónse de sinalización mediante paneis interpretativos situados en puntos representativos da ruta nos que se inclúe información da ruta, dos espazos naturais, cartografía de elaboración propia, fotografías e un vínculo mediante código QR con vídeos aéreos elaborados exclusivamente para este traballo e que serán aloxados en webs propias do Concello orientadas a este contido.

EN BREVE

ESPAGO AUTORREPARACIÓN. Outeiro de Rei contará cun espazo de autorreparación e intercambio de obxectos. Este lugar é un espazo concibido para o intercambio, autorreparación e reutilización de obxectos para alargar a vida útil dos mesmos. Estará situado na parcela do Punto Limpo no parque empresarial de Outeiro de Rei e funcionará en horario de 9.00 a 13.00 e de 16.00 a 19.30 horas. Así, ofrece ás persoas a posibilidade de recuperar enseres procedentes do Punto Limpo ou depositados por outras persoas neste espazo e igualmente ofrece a posibilidade de chegar ao mesmo aqueles obxectos polos que xa non teñan interese, contribuindo á recuperación de obxectos que poden resultar útiles para os demais. Ademais este lugar estará dotado de ferramentas básicas que permitirán realizar pequenos arranxos.

TOPONOMÍZATE. O Concello de Outeiro de Rei acollerá o venres 15 de outubro, no salón de actos da Casa da Cultura ás 19:00 horas, unha sesión da campaña Toponimizate. Con este proxecto pretendese acadar unha información moi valiosa sobre a historia do galego falado nas diferentes contornas e sobre os modos de vida dos nosos antepasados, os feitos históricos que foron relevantes para eles e as características da paisaxe no momento en que se bautizou cada anaco da súa terra. Esta charla será impartida polo responsable de Toponimia da RAG, Vicente Feijoo Ares.

Outeiro, bandeira verde á conservación da paisaxe

A Xunta vén de fallar a concesión dunha bandeira verde aos concellos lugueses de Alfoz, Mondoñedo, Outeiro de Rei e Sober, co fin de recoñecer o seu esforzo e a súa implicación, así como dos seus veciños, na protección dos elementos máis representativos da Comunidade galega: a paisaxe e o patrimonio natural.

Deste xeito, distínguese ás entidades locais máis dinámicas neste eido, desenvolvendo boas prácticas para o coidado da súa contorna, o respecto á paisaxe, a redución das súas emisións de CO₂, o fomento da correcta xestión do lixo, a adopción de medidas para garantir a integridade e limpeza de espazos de interese, a posta en valor de monumentos naturais ou a redución do consumo enerxético.

Son un xeito de poñer en valor a rica e extensa diversidade paisaxística de Galicia e de apuntalar a idea de Galicia verde.

O BNG local oponse ao desvío dunha estrada para ampliar o circuío

O BNG de Outeiro opúxose á proposta do alcalde para desviar unha estrada, introducíndolle unha curva nun tramo que agora é completamente recto, co obxectivo de ampliar outra vez o circuío de velocidade de Outeiro, "parece ser que esta vez para construír unhas novas bancadas".

O BNG argumentouno dicindo que o concello non podía seguir a investir cartos nese circuío sen antes ter feito un plan de viabilidade para el, así como ter elaborado e publicado o sistema de control de todo o que alí acontece, incluídos os movementos de cartos que se producen.

"Un negocio onde se move tanto diñeiro non pode estar funcionando sen ningún tipo de control, máxime

cando alí se levan investido varios centos de miles de euros. O circuío xa leva tempo funcionando pero o concello practicamente non ten nada recadado. Iso terán que xustificalo de forma detallada...", manifestou o voceiro do BNG.

Hai que ter en conta que se acaban de aprobar uns orzamentos onde quedaron patentes os problemas económicos do concello, pois todo o investimento deste ano vai a cargo dun crédito bancario e hai facturas que se pagan con máis dun ano de retraso debido á falta de liquidez do concello. "Con esa situación, hai luxos que non nos podemos permitir. Non se poden subir as taxas municipais ata un 40% para logo dilapidar os cartos desta forma", rematou o edil do BNG.

Este mes comezan cursos de reciclaxe de mobles e de xoguetes

O Concello de Outeiro de Rei está organizando dous cursos, o primeiro é de reciclaxe de mobles que se prolongará do 21 de outubro ao 12 de novembro en horario de xoces e venres de 16:15 a 19:15 horas. Haberá 10 prazas e será de balde.

Esta actividade está dirixida á reciclaxe e á restauración de mobles.

Tamén se realizará un curso de reparación de xoguetes entre o 16 de outubro e o 13 de novembro, os sábados de 10:00 a 13:00 horas, tamén para dez persoas e gratuíto.

Este curso permitirá ás persoas participantes reparar xoguetes actuais (por exemplo, coches teledirixidos e outros moitos con



mecanismos máis sinxelos) e tamén restaurar xoguetes antigos. As persoas interesadas en participar poden realizar a súa solicitude na Casa da Cultura de Outeiro de Rei ou no 982 393 408.

Imparten dous talleres sobre violencia de xénero e autoestima



O Concello de Riotorto acollerá en novembro dous talleres dirixidos a mulleres. O primeiro deles, de dúas horas de duración falará sobre violencia de xénero e o segundo, coa mesma duración, será sobre autoestima e motivación.

Aínda están sen concretar os días e o horario da formación pero si está establecido que se realizarán talleres gratuítos.

Os interesados en inscribirse poden facelo no departamento de Servizos Sociais do Concello ou no teléfono 982 346 222.

O curso estará ao cargo da Asociación Mujeres en Igualdad Provincial de LUGO-Bumei.

Os veciños logran cambiar a ubicación da planta de transferencia de Aldurfe

A presión veciñal conseguiu que Sogama e a Xunta cambiaran de idade sobre a ubicación da planta de transferencia de residuos de Riotorto que ía levantarse no núcleo gandeiro de Aldurfe, a apenas uns metros das casas, o que motivou unha tractorada dos veciños o día que se presenta ao público o proxecto, así como numerosas protestas doutros partidos políticos.

Sogama, a Xunta e o alcalde da localidade mostraron o acordo ao que chegaron para suspender de forma definitiva a nova localización. Así Sogama cancelou a licitación da planta e o concello revocou o acordo de cesión da parcela, que é de propiedade municipal. Así mesmo, aínda se descoñece a parroquia na que se situará a planta, aínda que si será en Riotorto.

O alcalde de Riotorto xa trasladou aos veciños algunhas propostas para situar a nova planta de transferencia de residuos que dará servizo a outros concellos como A Pastoriza, A Pontenova, Pol, Ribeira de Piquín e Meira, aínda que poderían unirse

outros como A Fonsagrada, Baleira, Cospeito e Vilalba.

Asegura o alcalde de Riotorto que non quere “deixar escapar esta oportunidade de inversión no Concello de Riotorto, que xerará empregos locais e unha actividade económica no termo municipal”.

Aseguran nun comunicado que “en ningún momento a administración local quixo prexudicar a ningún veciño de Aldurfe con esta instalación, “soamente se pensaba que a ubicación era a idónea, o que xeraría postos de traballo na zona e diversas melloras no barrio”.

A día de hoxe, aseguran en Sogama que a microplanta de Riotorto leva operando sen problema dende o ano 2007 pero a decisión de transformala nunha de maior capacidade e mellores prestacións están condicionada coa normativa que entrará en vigor en decembro de 2023 polo que os concellos galegos deberán implantar a recollida selectiva do contedor marrón.

O obxectivo da compañía é que ademais da bolsa negra, nesta instala-



Concentración dos veciños en Aldurfe o día da presentación da planta

ción se poida transferir a bolsa amarela e no seu momento os residuos procedentes do contedor marrón.

As mobilizacións veciñais iniciáronse na mesma xornada na que esta instalación foi presentada cunha tractorada improvisada. Os veciños aseguran que non é o lugar ideal, xa que está demasiado preto das súas vivendas e das súas explotacións gandeiras, polo tanto dificultaría o seu traballo diario e tamén conta con peores accesos para esta planta. “Polo tanto

botamos en falta máis diálogo cos veciños, e máis sentido común por parte da administración autonómica e o Concello de Riotorto para esta ubicación”, dixeron.

Os partidos políticos da oposición, BNG e PSOE manifestaron a súa intención de chegar ata o Parlamento para pedir o cambio, algo que finalmente non seguirá para adiante debido a que os organismos responsables deron marchar atrás co proxecto.

Instalan un sistema de control de caudal dos depósitos de auga

Finalizou a segunda fase de mellora da rede de abastecemento de auga. Os traballos, que acometeu Kastel Enxeñería, consistiron na instalación de 8 contadores entre o depósito de Muxeira e Aldurfe co fin de controlar o caudal de entrada e saída dos depósitos. Con esta operación cumprense as directrices marcadas por Augas de Galicia para a mellora do sistema de abastecemento.

Esta actuación permite aumentar a eficiencia da rede e evitar desabastecemento en épocas de seca; en liña coas políticas de desenvolvemento sostible que buscan o equilibrio ambiental. Esta segunda fase supón a continuación dunha primeira intervención na que xa se instalaron un telecontrol e contadores á saída dos depósitos de Teixeira e Penela.

Así, o Concello de Riotorto poderá controlar o caudal de entrada e saída para detectar fugas e evitar desabastecemento en épocas de seca a través da detección precoz de fugas na rede de abastecemento que poidan ocasionar cortes na subministración; o control de caudais mínimos noc-



turnos para axudar na procura de fugas nos distintos sectores; o control de nivel dos depósitos para garantir a subministración de auga potable —no caso de chegar a un nivel mínimo, o telecontrol envía alertas ao móbil—, e a lectura en tempo real da turbidez de entrada nos depósitos. Esta instalación, subvencionada pola Xunta de Galicia, busca un equilibrio e mellor aproveitamento dos recursos da localidade, fomentando tamén o uso racional e eficiente da auga xa desde o punto de partida e distribución da mesma.

O PAI aplica a gratuidade do pago para o segundo fillo



O Concello de Pol informa de que no BOP da provincia de Lugo aparece recollida a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora dos prezos públicos do servizo do Punto de Atención á Infancia, co obxectivo de incluír a bonificación do 100% das cantidades correspondentes á matrícula do segundo fillo ou filla e sucesivos pertencentes á mesma unidade familiar.

Esta bonificación regúlase segundo o establecido na Disposición adicional novena da Lei 7/2019, de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, sendo o

seu establecemento e aplicación voluntarios no caso das escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais.

Dende o goberno municipal considérase que esta bonificación, para a matrícula gratuita do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade infantil na escola infantil de 0-3 anos, supón unha importante axuda para as familias de cara á conciliación.

Todas aquelas persoas que cumpran este requisito poderán solicitarlo no departamento de Servizos Sociais do Concello de Pol, a través da traballadora social.

pol

Por un puñado de grelos estará o día 16 en Mosteiro



O sábado 16 de outubro ás 18:00 horas no centro cultural de Mosteiro, Pol, dentro do Circuito de Teatro Afeccionado da Deputación de Lugo o Grupo de Teatro Os Trocos de Castro de Rei, presenta Por un puñado de Grelos de Guillermo Cancelo.

A acción transcorre na Terra Cha tendo como límite xeográfico o Río Torro por unha beira e Xustas Town pola outra. Coméntase en Xustas Town, que nun lugar chamado A Escrita, por onde pasa o Río Azumara, e que está controlado polo pobo dos Valuros, está aparecendo ouro. A Escrita é a única paraxe natural onde se dá a planta sagrada Os Grelos, e un pobo como os Valuros, respetuoso ca natureza e os seus ancestros, non consentirá unha nova invasión por parte do pobo branco.

TERRA CHÁ

Unión contra os eólicos

Concellos incentivaron ou presentaron as alegacións contra os novos parques

Foron moitos os concellos que se puxeron mans á obra durante o mes pasado contra os distintos parques eólicos que Greenalia ten proxectados para toda a provincia. Ademais, unha petición popular por internet pide a retirada do proxecto.

A PASTORIZA. O Pleno da Pastoriza celebrou unha sesión extraordinaria para mostrar o seu rexeitamento a dous dos parques eólicos no tempo de exposición pública e que afectan ao termo municipal. A corporación municipal aprobou por unanimidade o seu rexeitamento á instalación dos parques eólicos e vías de evacuación. Trátase concretamente dos de Boura e Monzón que afectan tamén aos concellos de Meira e Pol a cargo da empresa Greenalia.

Este proxecto publicouse o día 18 de agosto no BOE. Ata preto da data de peche de alegacións os concellos non tiveron coñecemento deste proxecto polo que estas non se presentaron ata o último momento. De feito, o propio concello da Pastoriza alegou que supoñen un grave prexuízo para a paisaxe e a agricultura.

GUITIRIZ. O Concello de Guitiriz pola súa conta habilitou unha oficina para guiar e axudar a presentar as alegacións aos veciños e veciñas afectados polo proxecto do parque eólico Santuario. O persoal municipal axudou



a cumprimentar debidamente un modelo tipo de alegacións e tamén a tramitar a súa presentación.

MEIRA. O Sindicato Labrego Galego tamén celebrou unha reunión informativa aos veciños sobre o macro-parque. Ademais o Concello colgou na súa web municipal os accesos e explicacións necesarias para realizar as alegacións.

Por outra banda, o Bloque Nacionalista Galego organizou un acto público dentro da campaña *Nin Espolio, Nin Depredación. Enerxía eólica sustentábel, xusta e galega* na Casa da Cultura de Meira. Recolléronse impresións coa veciñanza da bisbarra sobre o espolio enerxético e o inzamento de proxectos de novos

parques eólicos na comarca de Meira e arredores.

ABADÍN. O voceiro Socialista de Abadín, Pablo Díaz denunciou como un “novo atropello político” do Goberno de Rancaño, tras coñecer que se van instalar 11 aerogeradores no Concello, “e non hai un só veciño ou veciña informada sobre este asunto”. “Tampouco coñecemos si o Concello presentou alegación algunha a este proxecto”, dixo.

“O Concello de Abadín esta afectado neste novo proxecto de instalacións de aerogeradores polo Parque Eólico Boura, que trala publicación no BOE deste anuncio, nada sabemos da postura do Concello sobre este proxecto eólico”.



A comarca superou a quinta vaga e só ten casos residuais

A comarca da Terra Chá mantense fóra de perigo na evolución do virus con só dous concellos con algún caso, pero de forma residual. Sperado na Mariña o gromo de Foz e o de Monforte no Sur, a provincia está en mínimos históricos da incidencia do virus chegando xa á situación de normalidade.

A situación é boa con pouca hospitalización e un control importante dos enfermos que aparecen día a día e que están por debaixo de 5. A vida social e cultural retomouse con bastante normalidade e cada semana aumentan algo máis os aforos. De feito, na última circular de Sanidade, ampliáanse os aforos do 75 ao 90% no locais de diferentes eidos sociais, agás no lecer nocturno. Este será o caso dos interiores dos comercios, academias, lugares de culto, instalacións deportivas e actividades culturais. Nestes ámbitos tamén se eliminará o número

máximo de persoas que poden realizar actividades en grupo.

No caso dos espectáculos musicais e artísticos con público sentados -tanto en recintos interiores como ao aire libre- poderán ampliar a capacidade de público do 75 ao 90% de aforo. No caso de desenvolverse estas actividades con público de pé, establécese un máximo do 50% para o interior, e ampliase do 33 ao 66% se teñen lugar ao aire libre.

No caso da hostalería, ampliase o número máximo do grupo de persoas en interior que pasa de 8 a 10 persoas, e de 15 a 20 nas terrazas. Os aforos dos locais de hostalería, en nivel dunha cunchiña, quedan fixados no 75% interior e incrementáanse ao 90% no exterior. No caso dos locais encadrados no nivel de dúas cunchiñas ampliase ao 90% no interior e permanece o 100% nas terrazas.

Concellos chairegos reciben unha achega para instalar un punto limpo móbil

Un total de 17 concellos da provincia recibirán axudas para a adquisición de puntos limpos móbiles. Deste xeito, os municipios chairegos de Begonte, Abadín e a agrupación de A Pontenova, Pastoriza, Meira, Riotorto, Pol e Ribeira de Piquín recibirán unha subvención para a adquisición deste tipo de vehículos.

Os concellos teñen a posibilidade de escoller entre catro modelos de vehículos: un contedor/caixa metálica de gran volume —modelo que poderá ser elixido só se a entidade local dispón de camión adaptado con equipo de gancho para a súa carga e trasladado—; un remolque e contedor metálico de gran volume —sempre que dispoña de camión adaptado—; un camión con caixa e chasis; ou unha furgoneta adaptada con diferentes contedores ou compartimentos.

Solidariedade coa natureza

Colectivos por municipios limparon os ríos nunha xornada de ecoloxistas

Houbo grupos grandes e pequenos, de nenos e de maiores. Limpáronse grandes ríos e tamén pequenos regatos, pero todas e todos os que se presentaron tiñan o mesmo obxectivo: coidar os ríos e concienciar á sociedade da necesidade de que estean ben conservados.

O domingo 26 de setembro de 2021 realizouse a XIV Limpeza Simultánea de Ríos en 51 concellos de toda Galiza. En cada localidade a actividade foi coordinada por diferentes entidades, dende asociacións ecoloxistas, culturais... até fundacións, centros de ensino e concellos, chegando ás 67 entidades. Houbo concellos nos que participaron varias asociacións limpando diferentes ríos. Este ano fíxose a limpeza en 50 treitos de río e participaron 793 persoas.

Na provincia de Lugo os participan-



O colectivo que limpou no Cercud de Baamonde

tes foron o Cercud de Baamonde no río Parga, Amigos do Miño no río do mesmo nome, concello de Foz no río Alemparte, Adegas e a Uned de Lugo, Irmandade Navega de Navia, a anpa do CEIP Insua Bermúdez e a Asociación EuroEume das Pontes.

Desta volta recolléronse refugallos moi variados, e coma sempre abundaron os plásticos e agora toallíñas húmidas e máscaras. No reconto, o cálculo é de que os residuos de tódolos concellos suman máis de 13 toneladas.

De Vacas actúa en Rábade e As Pontes

O grupo Devacas fará parada na súa xira de outubro en Rábade e As Pontes. O grupo de versións en galego estará na vila do Miño o venres 22, ás 20.00 horas no centro sociocultural da vila. A cita no Eume será á mesma hora pero o día 30, no Auditorio Cine Alovi.

De Vacas son a Marela, a Pinta, a Morena e a Rubia, tamén coñecidas como Inés Salvado, Faia Díaz, Paula Romero e Guillermo Fernández.

“Harmonías cálidas e guitarra colorida, unidas ao son do matraquillo cando é preciso, luces e coidada posta en escena. Seguen amosando a súa querenza polas autoras galegas como Marta Sánchez, Rosalía de Castro ou Enrique Igrexas, e profundizan nas temáticas de corte social como é o caso da canción Esmegma ou a composición propia Tetas ao ar María del Mar. As grandes referencias da adolescencia latesan ao fondo”.

DEPUTACIÓN

Formarán en linguaxe de signos ao persoal dos concellos e da institución provincial

A Deputación impartirá formación en linguaxe de signos para o persoal dos concellos e da propia institución co obxectivo de mellorar a atención á cidadanía e presentar un servizo máis inclusivo e igualitario. Unha medida que anunciou a Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, na andaina que organizou Asorlu pola Muralla para reclamar unha inclusión real das persoas xordas no ámbito educativo.

“Queremos que as persoas con discapacidade auditiva sexan atendidas en igualdade de condicións que calquera cidadán e que sexan totalmente independentes, acceder en igualdade de condicións a actos, actividades e servizos imprescindibles como a sanidade, os servizos sociais, a educación, o traballo ou a cultura”, explica a Deputada. Esta formación servirá para aumentar as capacidades do cadro de persoal para establecer unha comunicación fluída con persoas xordas e polo tanto prestar un mellor servizo público.

A Deputación ten un convenio de colaboración coa Asociación de Persoas Xordas (Asorlu) por un importe de 23.000€. A achega da institución axuda á Asorlu para a contratación dunha intérprete de lingua de signos a xornada completa -40 horas semanais- durante o ano 2021.

Vestas, a residencia de Pantón e o transporte escolar centran o Pleno

O Pleno acordou pedir á Xunta medidas de apoio para os traballadores de Vestas e un plan de reindustrialización para A Mariña ao mesmo tempo que aproba unha proposta do PSdeG na que se insta ao Executivo galego contratar profesorado de reforzo polas necesidades da pandemia, que se resolvan os concursos do transporte escolar, e que se garantan os servizos educativos no rural. Finalmente foi para adiante o convenio para construír o Centro de Atención a Maiores de Pantón por 1,7M€.

Deste modo, pedirase á Xunta de Galicia que exerza as súas competencias e que impulse medidas de apoio para os traballadores e traballadoras afectados polo anuncio de Vestas de pechar a planta de Viveiro, así como un plan de reindustrialización para a comarca da Mariña con medidas concretas, achega orzamentaria, proxectos definidos e un calendario de execución e avaliación de resultados. A proposta foi plantexada polo PSdeG, e recibiu o apoio do BNG, mentres que o PP se abstivo.

MELLORAS EN EDUCACIÓN. O Pleno tamén aprobou unha proposta socialista para instar á Xunta melloras no ámbito educativo que garantan un servizo público acorde á situación sanitaria e que sexa igualitario no rural galego. Unha iniciativa que saíu



O equipo de Goberno entrando ao Pleno

adiante cos votos a favor de PSdeG e BNG, e en contra do PPdeG.

A voceira provincial socialista, Pilar García Porto, afirmou que o presente curso comezou coas declaracións do Conselleiro de Educación comparando os datos de contratación do profesorado cos do 2019/2020. “Vergoña que esteamos nunha pandemia e que a Xunta reduza o número de profesorado con respecto ao ano pasado; vergoña que os colexios do rural sufran máis pola falta de docentes; vergoña que se volva a atacar aos servizos públicos no rural, discriminando aos nenos e nenas galegas polo seu lugar de residencia”, indicou.

“Hoxe hai 625 docentes menos que no curso anterior, o que prexudica

á educación pública, mentres que outras comunidades autónomas aumentaron ata o 68% o número de docentes”, subliñou García Porto.

“No IES de Becerreá, a Xunta quere suprimir aquelas materias que teñen unha matrícula baixa, como é o caso de Francés; no CEIP das Nogais, todo o alumnado de Educación Primaria está integrado nunha única aula de 13 alumnos e alumnas; ou o que acontece no IES Lamas das Quendas de Chantada, onde a veciñanza ten iniciada unha mobilización pola redución de sete docentes”, dixo. Con respecto ao colexio de Baamonde, a deputada lembrou a situación das familias de Begonte que non teñen transporte escolar nas paradas que tiñan solicitado.

Aprobada a reforma do polígono de Cospeito e melloras na Granxa Gayoso

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a modificación do proxecto de urbanización do polígono industrial de Cospeito, que está acometendo cun investimento próximo aos 1,3M€. Trátase dunha modificación que non varía este orzamento inicial e que consiste, por unha banda, na substitución das luminarias por unidades LED e por outra, na dotación dunha conexión directa coa glorieta existente na entrada da localidade de Feira do Monte, co que se mellorará a accesibilidade ó polígono.

“Quero recordar que o presidente da Deputación, José Tomé Roca, decidiu reactivar as obras para a creación deste parque empresarial, cumprindo así co compromiso adquirido pola institución provincial cos veciños e veciñas de Cospeito para crear unha infraestrutura demandada polo tecido empresarial e que contribuirá a dinamizar a economía deste concello”, apuntou a voceira socialista.

GRANXA GAYOSO CASTRO. A sesión provincial aprobou tamén a adxudicación do contrato para o subministro de medicamentos, material sanitario e outros produtos de uso veterinario para a xestión sanitaria da Granxa Gayoso Castro, por un importe de 26.800€ e un prazo de un ano, prorrogable por outro.

En marcha un proxecto ao redor do acordeón diatónico

A Deputación pon en marcha un proxecto audiovisual para difundir os contidos do Cancioneiro Galego para Acordeón Diatónico. De Botóns e poñer en valor os espazos xestionados pola institución provincial como son a Rede Museística, o Centro de Artesanía e Deseño e o propio Pazo de San Marcos como espazos culturais e abertos á cidadanía.

Ugía Pedreira, Davide Salvado, Noemí Basanta, Germán Díaz, Brais Monjardín e Vazmin Yukhnevich están a gravar vídeos musicais interpretando algunhas pezas recollidas na publicación nos emprazamentos citados, acompañados polos seus autores, e músicos, Carlos Quintá e Pedro Pascual. O traballo de rodaxe estivo a desenvolver no Museo do Mar de San Cibrao, no xardín do Pazo de San Marcos e en San Paio



Presentación do proxecto

de Narla. E continuará no Museo de Lugo, no Centro de Artesanía e Deseño e no Pazo de Tor.

Ugía Pedreira interpreta no Museo do Mar de San Cibrao unha composición de Dorothe Schubart mentres que o xardín da Deputación de Lugo será o escenario no que Davide Salvado achegue unha peza de recollida popular, *Manolo mio*.

Estreado o programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia

Estreouse en Lugo o programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, do que, nesta primeira tempada, se beneficiarán máis de 1.200 persoas de 62 colectivos ata o vindeiro 10 de novembro.

As primeiras entidades beneficiarias, a Asociación de Veciños de Ombreiro Río Miño e a Asociación Carpe Diem de Lugo, coñeceron a costa de Barreiros e Ribadeo, e os concellos de Lourenzá e Mondoñedo, respectivamente. As actividades inclúen tamén unha visita a instalacións provinciais que se converten en puntos de partida das viaxes. Na primeira xornada, as asociacións coñeceron a historia do Pazo de San Marcos e o funcionamento da Granxa Gayoso Castro, en Castro de Rei.

O presidente recibiu no Salón de Actos á primeira asociación que visitou

a sede da institución provincial, onde destacou a gran acollida do Coñece a túa Provincia, que recibiu 143 solicitudes para 62 viaxes dispoñibles, unha alta demanda que “demostra que acertamos con esta proposta e que debe ter continuidade”.

Neste sentido, José Tomé lembrou que Coñece a túa provincia é unha das medidas do Plan de Impulso da Economía da Provincia que ten en marcha a institución, froito do compromiso do Goberno de “axudar na recuperación dos sectores máis afectados polo impacto da pandemia, como son o turismo, a hostalería e o comercio local”. Sen embargo, esta iniciativa naceu tamén cun obxectivo máis a longo prazo, “para seguir consolidando o modelo de turismo polo que apostamos, un turismo de calidade, sostible, non masificado,

que pon en valor o patrimonio e que crea emprego, sobre todo no rural”. As viaxes realizaranse dende este martes, 14 de setembro, ata o 10 de novembro en días laborables. Os itinerarios deseñados percorren o patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico da provincia de Lugo. A primeira parada realizarase sempre nun espazo de titularidade provincial, como pode ser o Pazo de San Marcos, o Centro de Producción Audiovisual, a Granxa Gayoso Castro, o Centro de Interpretación Terras do Miño ou o Mazo de Santa Comba.

O programa Coñece a túa Provincia inclúe, de balde, o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia.

AGRO

Comunidades de montes poden pedir axudas para actividades de pastoreo

Foi presentado na Deputación o programa O que non arde, dirixido a contribuír á prevención e defensa contra os incendios forestais e a apoiar a xestión integral dos montes. Na anualidade 2021, o plan oríentase ao fomento das actividades de silvicultura nas comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) a fin de reducir a elevada cantidade de biomasa existente nos montes e aminorar o risco de lumes asociado.

Así, ponse en marcha unha convocatoria dirixida ás comunidades de montes veciñais en man común, que poden solicitar a axudas en dous ámbitos, para a promoción de actividades silvopastoris con gandeiría extensiva no ámbito de influencia das redes secundarias de faixas de

xestión de biomasa, e para a elaboración, por parte dun técnico competente, dun plan de aproveitamento silvopastoril, para a regulación de dito aproveitamento e a inscrición no rexistro público de terreos forestais de pastoreo, ou para a súa inclusión dentro dun proxecto de ordenación. Ademais, aqueles solicitantes de axudas enmarcadas nalgunhas das actuacións incluídas nos dous eixos anteriores poderán solicitar axudas destinadas á investigación da propiedade, resolución de discrepancias catastrais, e outras de natureza semellante que repercutan na mellora organizativa e estrutural da CMVMC, no senso de contribuír á elaboración exacta da planimetría destinada á determinación dos límites do monte comunal.

Poderán ser beneficiarias das ditas axudas as CMVMC da provincia de Lugo cuxos montes estean inscritos no Rexistro Xeral, e que velen pola defensa contra os incendios forestais mediante o aproveitamento do monte con pastoreo en extensivo.

No caso de arrendamento total ou parcial do monte, ou cesión parcial do mesmo para o seu aproveitamento individual por parte dalgúns comuneiros, para a realización dun aproveitamento de pastos por gando en extensivo, os arrendatarios e comuneiros poderán acollerse ao programa.

As axudas, convocadas en réxime de concorrencia competitiva e cun orzamento total de 60.000 euros, poden solicitarse ata o vindeiro 28 de outubro.

ELISARDO BARCALA



Convocan as axudas para fomento da maquinaria agrícola en réxime asociativo

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde da Consellería do Medio Rural pola que se convocan as axudas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as cooperativas agrarias, as cooperativas de utilización de maquinaria agrícola (CUMA), as cooperativas de explotación comunitaria da terra ou as sociedades agrarias de transformación.

O obxectivo destas subvencións é promover o uso de maquinaria e equipamentos de carácter agropecuario en réxime asociativo, impulsar a introdución de novas tecnoloxías no seu emprego e racionalizar os custos de mecanización. Outras finalidades pasan por incrementar os mecanismos de seguridade no traballo, reducir as emisións contaminantes e promover o aforro enerxético, na procura dunha mellora da calidade de vida no rural galego.

As axudas apoian, en concreto, os custos de adquisición de maquinaria agrícola e os estudos técnicos-económicos de viabilidade daquelas entidades asociativas do sector agrario que queiran dar servizo aos seus socios a través deste sistema que permite compartir a maquinaria.

Os interesados nestas axudas contan cun mes de prazo para solicitarlas.

PSOE e BNG demandan á Xunta intervención na loita contra o lobo



Concentración contra o lobo

Os socialistas sumáronse á protesta convocada por UUAA, para esixir á Xunta de Galicia que interveña diante da ameaza que supoñen os ataques do lobo na Mariña Lucense.

“Nestes intres existe un grave problema de convivencia persoal co lobo na comarca da Mariña, e en determinados municipios é preocupante, por iso debemos traballar dende todas as institucións para impulsar unha solución que permita a conservación do lobo, pero tamén o respecto ás familias e ás explotacións desta comarca”, dixo Otero.

“Entendemos que a nova normativa que inclúe o lobo na lista de especies protexidas debe ter en conta a poboación de lobos por te-

rritorios, pero para iso, a Xunta e o Goberno de Feijóo teñen que asumir dunha vez por todas as súas competencias e legislar e incluír un censo de lobos”, insiste.

Por outra banda, os deputados do grupo parlamentario do BNG presentaron a proposición non de lei que levaron ao Parlamento para achegar solucións aos problemas orixinados na gandaría de montaña pola fauna salvaxe e que será debatida este venres. Na presentación estiveron tamén concelleiras e concelleiros do BNG na Mariña e membros da dirección comarcal. Desde a organización nacionalista afirman que a Xunta reacciona tarde e mal diante dos problemas que está sufrindo a gandaría polos ataques da fauna salvaxe.

Ameaza dos gandeiros con volver sacar os tractores á rúa ante a subida da produción do leite



A asociación de gandeiros e gandeiras Agromuralla, que reúne a centos de gandeiros das provincias de Lugo e A Coruña, ameaza con saír cos tractores á rúa ante a “situación insostible” que viven os produtores de leite como consecuencia da “suba desmesurada” dos custos de produción. “Este ano, desde o mes de xaneiro, o que nos custa producir disparouse, coas subas actuais no recibo da luz e o gasóleo e o incremento que se está danto nos pensos e as materias primas, pero o que nos pagan polo leite non se moveu e non nos dá para pagar os gastos, polo que estamos perdendo cartos todos os meses”, asegura o presidente de Agromuralla, José Luis Pérez Barreiro, que esixe ás Administracións “medidas urxentes inmediatas para garantir un prezo digno e xusto aos produtores de leite que evite o pe-

che das explotacións”.

O novo presidente de Agromuralla vén de solicitar unha reunión coa subdelegada do Goberno para que traslade cal é a situación ao Ministerio e advirte de que “se non se toman medidas os tractores saíran á rúa porque a situación é insostible”.

PREZO DO LEITE. A asociación Agromuralla, que xurdiu a raíz das tractoradas arredor da Muralla de Lugo levadas a cabo a finais de 2015 en protesta polos baixos prezos do leite, explica que “o prezo do leite leva anos conxelado mentras os custos de produción non deixaron de medrar, especialmente neste último ano” e lembra que “a Ley da Cadea Alimentaria aprobada polo Ministerio de Agricultura obriga a que os prezos en orixe dos alimentos se adapten ao que custa producilos”.

DEPORTES

Xermade rende homenaxe a unha moza de Cazás polos seus logros en doma clásica



Recepción a Carolina Yumey no Concello de Xermade

O Concello de Xermade rendeu unha homenaxe a Carolina Yumey Graña, veciña de Cazás, que quedou terceira no primeiro campionato autonómico de doma clásica ao que se presentaba.

A deportista foi recibida, acompañada polos seus pais, polo alcalde e membros da Corporación que a felicitaron polos seus logros e animaron a seguir traballando nesta disciplina.

Carolina conta con 15 anos e a súa mira está posta agora no Campionato de España, ao que espera poder presentarse o ano que vén.

Comezou na equitación con menos de dez anos e de seguido interesouse pola doma. Malia que aprendeu con outros cabalos agora xa conta con montura propia e adestra con regularidade toda as semanas.



VOLANTE DEPUTACIÓN. Jairo Fernández Espín foi o vencedor do premio Volante Deputación, que se disputou ao longo da fin de semana no circuíto da Pastoriza e no que se puxo en xogo unha praza para competir no vindeiro Rallye de San Froilán, do 22 ao 24 de outubro. Jairo Fernández Espín, de Pedrafita do Cebreiro, foi o primeiro en cruzar a liña de meta na proba final (1.50.244), por diante de Pablo López Blanco (1.52.289), David García González (1.55.954) e Julio Díez Ramos (2.06.932), que completaron o cadro de finalistas tras dúas xornadas.

MAESTRO IMAN
VIDENTE AFRICANO
ALTA EXPERIENCIA

Puede resolver todo tipo de problemas.
 Especialista de vida Amorosa,
 Recuperación de pareja,
 Impotencia Sexual, Familiares,
 Mal de Ojo, Hechizos...

SU TRABAJO ES SERIO 100% Garantizado y Rápido

651 44 11 86

Primeiro varado na liga de Billarda

A liga de Billarda da conferencia Nor-Leste seguiu co X Aberto do Ferro da Pontenova correspondente á segunda xornada da Liga Nacional.

Desta volta ata un total de 86 palanadores xuntáronse en busca das afamadas navallas de José Rodil. Non faltaron á cita algúns compañeiros da conferencia NorOeste.

Feito o sorteo e antes de que as billardas comenzasen a voar, rendiuse un momento de silencio en rocardo do compañeiro recentemente falecido, Suso Coedo, do equipo Billardeiros Musicais de Ribadeo.

Nun escenario perfectamente axeitado polos anfitrións Troitas Bravas, acadaron altas puntuacións nos postos do podio, os Carabullos, Manu Caldeiro e Isma lograron 24 puntos para eles e disputaron o 1º posto nun desempate no que a xuventude do Mini Chousa impúxose á veteranía do de Outeiro. O terceiro posto foi para Basilio dos Billardeiros Musicais con 23 puntos.

Na categoría de donas, trocou o conto, pois a seriedade e firmeza de Carme das Troitas Bravas puido coa impulsiva xuventude de Aroa dos Billardeiros Musicais, e ambas as dúas acadaron 16 puntos; terceira e sempre rondando os primeiros postos tamén, foi Paula de Chainzos-Cadaval.

Aroa repetiu o podio en categoría infantil xa que desta volta ocupou o



Unha imaxe da segunda xornada

primeiro posto seguida de Mateu e de Diego, os dous de Madia Leva.

En canto a equipos, os Carabullo de Ponte de Outeiro chegaron dispostos a confirmar que merecidamente son posuidores do título de campións da derradeira e incompleta tempada xogada e foron donos do encontro gañando cunha diferenza de once puntos sobre Troitas Bravas e de catorce sobre Billardeiros Musicais, segundo e terceiro respectivamente. Non é doado facer un tiro directo e que traspase o varal, sen embargo no campo das Minas unha billarda impulsada polo poderoso brazo de Sachas acadou tal fazaña, cruzou como un lóstrego o varal para anotar o primeiro varado da tempada.

CALENDARIO

- 3ª xornada – Lugo – domingo 14 de novembro – organiza Madia Leva
- FÓRA DE LIGA: Copa Cantábrica entre Galicia e Asturias – Piedras Blancas – sábado 20 de novembro
- 4ª xornada – Ribadeo – domingo 12 de decembro – organiza Billardeiros Musicais
- 5ª xornada – Castro Ribeiros de Lea – sábado 15 de xaneiro – organiza Chainzos Cadaval
- 6ª xornada – Mondoñedo – sábado 12 de febreiro
- 7ª xornada – San Miguel – sábado 5 de marzo – organiza Flores
- 8ª xornada – Begonte – domingo 20 de abril – organiza Castiñeiro Milenario
- FÓRA DE LIGA: XII O Varal encontro billardeiro entre as tres conferencias
- 9ª xornada – Ponte de Outeiro – domingo 24 de abril – organiza Carabullo
- 10ª xornada – Remourelle – sábado 14 de maio – organiza Remourelle Bulls
- Finais en Santiago de Compostela – domingo 29 de maio.

O Rallye de San Froilán correrase os días 22, 23 e 24 de outubro

O Rallye de San Froilán volve un ano máis os días 22, 23 e 24 de outubro. Este ano chega a súa 43 edición e constará dun percorrido total de 455,61 quilómetros, dos cales 116,16 quilómetros corresponden a 10 treitos cronometrados por estradas asfaltadas pechadas ó tráfico.

Esta proba é puntuable para o Campionato Galego de Rallyes e estará dividida en dúas etapas e catro seccións. O Rallye terá tres parques de traballo, ademais do parque de traballo da noite do venres ao sábado. Os premios e trofeos que se entregarán serán aos 6 primeiros da xeral, piloto e copiloto, sendo 1.800 euros o agasallo para os primeiros, 1.350 para os segundos, 1.000 para os terceiros, 750 euros para os cuartos, 600 para os quintos e 500 euros para os sextos. Os primeiros de cada agrupación levarán 250 euros, 130 e 100 euros respectivamente.

O sábado 23 será a xornada na que se disputará o rallye, o cal comezará



ás 8.00 horas coa saída do primeiro participante da primeira das seccións dende o polígono de Outeiro de Rei. Ás 9.41 horas sairá o primeiro da segunda dende a praza Andón Cebreiro de Friol e ás 14.14 horas terá lugar a saída do primeiro participante da terceira sección dende o aparcadoiro do auditorio de Lugo. Ás 19.03 horas o primeiro participante da cuarta sección tomará a saída desde o aparcadoiro do auditorio lucense. Ás 01.30 horas publicaranse os resultados da proba.

Rubén Pena López dirixirá o CD Xermade esta tempada



Rubén Pena López será o novo adestrador do CD Xermade para a temporada 2021/2022 segundo informou a súa directiva.

O que foi o gran capitán do equipo sénior, que milita na Segunda Galicia volve así ao club tras retirarse como xogador ao finalizar a campaña 2018/2019, despois de toda unha vida marcando goles para o Xermade.

O club expresou os maiores desexos para o adestrados, “na que será a súa primeira experiencia nos banquillos e nunha temporada que tamén suporá o regreso do fútbol ao Municipal”.

Novo salto adiante do Vilalba FS

O club creou dous novos equipos sénior e realizou numerosos cambios internos ademais do seu patrocinador principal, que pasa a ser Forma-T

O Vilalba FS está a vivir este ano un importante salto cara adiante producido de moitos cambios no seo interno. Como equipo referencia do fútbol sala en Vilalba, este ano presentou dous novos equipos sénior, en masculino e feminino, respectivamente, o que lle permite ter presenza en varias categorías máis.

Ademais, vén de facer un cambio de patrocinador, lugar que ocupa agora o Grupo Forma-T, empresa vilalbesa que progresou en poucos anos ata ser actualmente unha das líderes no ámbito de formación no sector eólico e de prevención.

Explica todo este cambio Joaquín Martínez, Quini, que tras 3 anos no club, é agora o director deportivo e adestrador dos dous primeiros equipos.

Este ano contan cun novo patrocinador. Que supón para o club?

Tranquilidade económica para poder traballar, resolver e afrontar os novos proxectos nos que estamos implicados na dirección e no corpo técnico para seguir medrando como club, desde a canteira ata as categorías superiores.

Tamén contan con máis equipos. Como se produce isto?

Prodúcese dado que queremos que o Vilalba FS siga crescendo, entón creáronse dous equipos filiais para

os dous equipos sénior co fin de dar saída aos rapaces e rapazas que acaban a etapa xuvenil, levan moitos anos no club e queremos que así siga sendo.

Houbo máis cambios?

Si, dado que o club quere seguir medrando e ten ganas de traballar, pois fixemos bastantes cambios, sobre todo na estrutura de traballo. Eu paso a ocupar a ser director deportivo e Miguel, que é o coordinador das escolas ademais de segundo adestrador do sénior masculino e feminino. Por outro lado, temos a Ismael Vazquez, que ademais de ser de Vilalba, é xogador e capitán do equipo sénior, adestrador do filial masculino, e encárgase tamén de levar as redes sociais do club. Xunto con todo isto, temos tamén os adestradores do club e da base, como son; Nuno, Antón, Aitor e Ledín. Por último, indicar que na Xunta Directiva están Alvaro Fraga como presidente, vicepresidente é Manuel Caaveiro, Secretario Julio Guntín e tesorero Lexos.

De cara á tempada que obxectivos hai para os primeiros equipos?

Aquí temos unha filosofía de traballo, que para nos é sempre a mesma. Temos ganas de moitas cousas, pero tamén temos os pés no chan, entón o que máis nos gusta é traballar

ben, que se vexa reflectido en todo momento o traballo que se fai e ir medrando día tras día. Despois, con respecto ás competicións, máis do mesmo, traballar, mellorar e intentar sempre quedar o máis arriba posible nas clasificacións pero sempre e cando se vexa reflectido todo o dito anteriormente.

E para a base?

Máis do mesmo, aínda que na base, centrámonos moito máis en formar xogadores e á súa vez que se esteñan divertindo mentras aprenden. Organización, saber estar, respetar, ser educados e si conseguimos todo isto, despois tanto a nivel persoal como deportivo, as cousas saen solas.

Como é a afección do Vilalba FS?

Aquí si que me vou a estender un pouco máis, dado que me podo permitir o luxo de dicir, que temos unha das mellores afeccións de toda Galicia. Esta afección chamada Frente Smoking, sempre está con nós, nas boas e nas malas, así dá gusto porque sentímonos moi arroupados sempre por todos eles.

Contan con axuda para manter o club activo, un club tan grande?

Si, recibimos axudas das administracións. Pero se é certo que a nivel local e tendo tantos equipos na división Nacional que levan o nome de Vilalba en toda Galicia, o tratamento



Quini é o novo director deportivo do club

podería ser moito mellor, nun nivel preferente no uso das instalacións, o que deixa moito que desexar a nivel organizativo, ao que estou afeito e como se fai en todas as cidades e clubs nos que estiven, tanto na primeira, segunda e terceira división, como no resto das categorías nas que participei. Agardamos que se corrixa polo ben do fútbol sala en Vilalba e das máis de 200 persoas que o practican no noso club e as súas familias, que o fan chegar así e non o entenden.

Que necesidades se lles plantexan?

As necesidades cando queres medrar como club nun Concello no que o fútbol sala é un deporte maioritario e con gran arraigo son moitas, pero hai tres aspectos fundamentais. O primeiro son as instalacións, non pode ser que en Vilalba soamente haxa unha instalación municipal para adestrar e competir varios deportes, hai outras dúas instalacións que non reúnen as condicións para xogar

aínda que adestramos nelas porque non nos queda outra. A segunda é que necesitamos ser un club desde a base para poder ter xente da casa e non ter que andar a buscar por fóra, é dicir, os equipos da base teñen que ser do club como pasa na gran maioría dos clubs e non das escolas municipais como ven pasando desde sempre, no fútbol sala, en Vilalba.

E o terceiro aspecto é que habendo deficiencias de instalacións, debería-se adestrar e competir por nivel de categoría, como pasa en todos os concellos de Galicia, non pode ser que un equipo como o feminino que compite na terceira categoría de fútbol sala nacional teña que adestrar nunha instalación impropia da súa categoría e xogar os seus partidos en horarios que non son os máis adecuados porque outros equipos doutras disciplinas de inferior categoría ou que soamente adestran e non compiten ocupan o Pavillón Municipal de Deportes.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN Concello: 982 50 80 21 Garda Civil: 982 50 80 11 Centro de Saúde: 982 50 81 22	COspeito Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57 Garda Civil: 982 52 00 17 Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20 Feira do Monte: 982 50 34 69 Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57	MEIRA Concello: 982 33 01 02 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 35 69 27 Cita previa: 982 33 02 40	POL Concello: 982 34 50 29 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76
A PASTORIZA Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60 Garda Civil: 982 34 90 20 Centro de Saúde: 982 33 21 41	FRIOL Concello: 982 37 50 01 Garda Civil: 982 37 50 02 Centro de Saúde: 982 37 10 98 Cita Previa: 982 37 10 05	MURAS Concello: 982 50 00 01 Garda Civil: 982 50 00 20 Centro de Saúde: 982 50 01 23	RÁBADA Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52 Garda Civil: 982 39 00 05 Centro de Saúde: 982 39 01 01
AS PONTES Concello: 981 45 31 16 Policía Local: 981 45 31 91 Garda Civil: 981 45 00 05 Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51	GUITIRIZ Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00 Garda Civil: 982 37 00 01 Centro de Saúde: 982 37 21 10 Parga P.A.C.: 982 37 05 00	OUTEIRO DE REI Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55 Garda Civil: 982 39 00 05 Ambulancia: 982 23 16 13 Centro de Saúde: 982 39 25 98 Cita previa: 982 39 32 67 P.A.C.: 982 39 34 00	RIORTORTO Concello: 982 34 62 22 Garda Civil: 982 34 22 22 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63
BEGONTE Concello: 982 39 61 43 Garda Civil: 982 39 80 08 Centro de Saúde: 982 39 69 02			VILALBA Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16 Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50 Garda Civil: 982 51 03 07 Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11
CASTRO DE REI Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32 Garda Civil: 982 31 40 02 Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18 Castro de Rei: 982 31 42 11 Ribeiras de Lea: 982 31 11 14			XERMADE Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27 Garda Civil: 982 50 10 08 Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



+ Teléfonos: www.terrachaxa.com

TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

COLABORACIÓNS

Unha asalariada

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Unha asalariada... do pobo alemán. Foi esa a definición coa que a todo poderosa Angela Dorothea Merkel se refería a si mesma, a cal, despois de dezaseis anos, deixará o poder, sendo a partir das eleccións lexislativas do último domingo de setembro un novo parlamento quen escolla a persoa que lidere o xigante europeo, Alemaña, nos vindeiros tempos.

Nesta columna, o habitual é que se faga referencia a aspectos, historias e personaxes propios ou próximos ao noso entorno, buscando a relación directa ou indirecta coa

Chaira. Mais nesta ocasión, permítaseme dedicarlle o artigo a unha das políticas europeas máis significativas e que deixan unha pegada que ninguén pode obviar.

Merkel criouse na coñecida como R.D.A., a Alemaña comunista que quedou baixo a órbita soviética tra-la segunda guerra mundial, afacéndose e adaptándose á rigurosidade do réxime. Unha vez caído o Muro de Berlín e a raíz da posterior unificación do Oeste e Leste nun só estado, comezaría a súa carreira política, primeiro como ministra e logo de vencer nas eleccións do ano dous mil cinco, como xefa do goberno.

Como todo personaxe dedicado á cousa pública e despois dun período de tempo tan longo, existen valoracións para tódolos gustos, pero en xeral o seu legado está a



ser loucado e recoñecido. Ela destacou entre o resto de mandatarios, sendo quen —na maior parte das ocasións— de levar a iniciativa. Sempre estivo en primeira liña, sen esconderse en crises importantes como a dos refuxiados chegados de Siria, Iraque e doutros lugares onde se estaban a cometer autén-

ticas atrocidades. Merkel, a diferenza doutros estados membros da Unión Europea, incluído o noso, si deu un paso á fronte e abriu a man para que varios centos de miles deses homes, mulleres e nenos se asentasen en Alemaña, a pesares da controversia xerada e do desafío que esa decisión levaba consigo. Distinguiuse de moitos dos seus colegas, onde a escaseza de visión de futuro dificultáballe mirar máis aló de catro anos vista, porque sabía moi ben que Alemaña precisará de man de obra traballadora para facer viable unha sociedade que tamén acusa o fenómeno do envelentamento. Soubo como ninguén marcar territorio contra actitudes xenófobas e racistas, cortando de raíz calquera aproximación a posturas intransixentes daqueles grupos que anhelan voltar a un

pasado que se caracterizou pola intolerancia e que tan só causou dolor e destrución. Tampouco dúbido en botarlle un pulso a ese excéntrico que había de presidente nos Estados Unidos; aquela famosa fotografía dos líderes mundiais entorno a unha mesa, onde era ela quen tratava de convecer a Trump pasará á Historia. E foi capaz de gobernar cos seus rivais directos. Angela Merkel predicou co exemplo no seu estilo de vida. A imaxe que transmitía coa súa vestimenta, facendo ela mesma a compra no supermercado e vivindo no seu propio domicilio, contribuíu a consolidar ese liderazgo no conxunto de Europa. Moitos dirixentes, actuais e futuros, das diversas ideoloxías, teñen un espello no que mirarse. Abofé que se botará en falta a esta asalariada do pobo alemán

Próxima estación... Manuel María

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

A Manuel María gustáballe o outono. De feito, naceu un 6 de outubro en Outeiro de Rei e a estación das follas marelas inspirou boa parte das súas composicións poéticas. Até o seu pasamento en 2004, mantivo un histórico vencello coa capital da Terra Chá, que levou dentro do corazón no decurso da súa vida e de cuxas festas foi pregoeiro aló por 1977, sendo alcalde Francisco Roca Agras. Como colaborador habitual nos programas de San Ramón e Santa María, escribiu e cantou á nosa bisbarra en múltiples ocasións, aproveitando unhas celebracións que sempre marcaron a fronteira anímica dos chairegos, pois simbolizan o remate do verán e anuncian o comezo do outono.

Por iso non foi casualidade que a escultura de granito coa súa figura, situada fronte á Casa da Cultura de Vilalba, fose inaugurada o pasado 4 de setembro, a piques de rematar as festas patronais. Ironías do destino, dicir que, se vivise, o homenaxeado quedaría literalmente de pedra ao non entender o motivo real polo cal algúns vellos coñecidos

se negan sistematicamente a designar o antigo edificio consistorial co seu nome, malia á reivindicación social maioritaria existente nestes intres. En concreto, refírome á postura inmovilista amosada polo Partido Popular, e confeso non entender a súa insistencia no bloqueio, pois o ex-alcalde Agustín Baamonde fixo acto de presenza nese acto e mesmo ocupou un dos asentos reservados para as autoridades, como tamén fixera sendo máximo mandatario en 2003, cando Manuel leu o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, nunha sesión entrañable que tivo lugar nun serán de febreiro no Auditorio Municipal "Carmen Estévez" e na que recibiu a resposta de Méndez Ferrín.

Manuel María Fernández Teixeiro, o noso lembrado Manuel. Chairago de Outeiro de Rei, vilalbés de sentimento e galego universal. O cantor da nosa terra, sempre co regato do Cepelo como fonte de inspiración, da mesma maneira que outros apelaron ao río Miño nos seus versos. Entre a variada temática do Manuel destaca o compromiso político, a denuncia de eivas, o amor, a etnografía, a física, a historia, a inmaterialidade, a mitoloxía, o mundo animal, o paso do tempo, a lingua, a sociedade, os traballos agrarios, a xeografía ou o urbanismo.

O Manuel foi un destacado membro



da xeración do 50, encargada de recuperar a nosa gloriosa tradición literaria. A primeira referencia que tiven del chegoume na década dos 70, a través das súas crónicas sobre os poetas da Chaira. Máis tarde, a comezos dos 80, coñecino persoalmente cando estábamos a preparar o libro "Seis escritores de Vilalba", editado pola Deputación de Lugo en 1986. Recordo que o Manuel facilitáranos moitos datos sobre Xosé Luis García Mato, o Guedelliñas, que fora un dos seus grandes amigos e tamén confidante en longos intres compartidos nas tabernas, gratos lugares para conversar e onde un acaba sempre desvelando as verdades interiores do peito e curando as feridas da alma en amor e compañía, nun exercicio de mutua

solidariedade.

Atopámolo de novo en Monforte de Lemos a finais desa década. En 1989 eu comezaba a exercer o xornalismo en Lugo e Manuel e Saleta acolléronme, sempre agarimosos, na librería Xistral cando visitaba a cidade do Cabe, a maioría das veces con Antón Grande, que daquela era o meu compañeiro de andanzas profesionais. En 1993 recibín con ledicia en Madrid os seus parabéns polo limiar que escribira para o primeiro libro do meu prezado Miguel Barrera, *Loita de Silencio*, ao que dedicou un fermoso artigo baixo o título "Poetas transterrados". De feito, Manuel sempre defendeu a idea da Escola Poética da Terra Chá, que definía como unha patria poética con personalidade propia, e dentro dela, o que deu en chamar "subescala poética vilalbesa", integrada por un grupo de autores cuxa creación definiu como "conservadora, bilingüe e costumista", que utilizaban a prensa local como principal medio de comunicación e que, na maioría dos casos, deron a coñecer os seus versos a título póstumo.

Coincidimos durante anos nas feiras do libro en distintos lugares da xeografía galaica e tamén nas manifestacións das Letras Galegas cando establecín a miña residencia en Compostela; eu acudía puntualmente cada 17 de maio en com-

pañía de Xosé Chao Rego e, máis tarde, do seu irmán Ramón, cando viña dende París a pasar tempadas no refuxio de Bastavales e comezabamos a artellar o proxecto cultural de Amigos de Prisciliano, compartindo acordanzas de xuventude e de foliada en Reigada.

A querenza do Manuel por Vilalba acompañouno durante toda a súa traxectoria vital. Cando finou na Coruña, e logo do velorio ao que asistimos no Panteón de Galegos Ilustres de Santiago, foi soterrado no cemiterio de Santa Isabel, en Outeiro de Rei, como era o seu desexo. Na capital galega recibiu a penúltima visita de amigos, vellos compañeiros e numerosos representantes da vida cultural e política, entre eles o vilalbés Xosé María García Leira, daquela presidente do Parlamento de Galicia.

Ao Manuel gustáballe dicir: "A palabra falada lévaa o vento, mentres a que se escribe, aínda que non se lea nunca, permanece sempre viva". Por iso Manuel María, home bo e xeneroso, segue a estar presente na nosa memoria e a súa poesía ficará sempre connosco. O recoñecemento da Casa da Cultura Manuel María debe ser, por unanimidade dos grupos políticos do Concello de Vilalba, un acto de xustiza necesario. Será posible conseguilo antes do vindeiro outono? O tempo dirá.

Sara do Pazo dos Vilares

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Sara Veres Vázquez, mais coñecida por Sara do Pazo, naceu en 1925 na casa de Vicentiño, na aldea dos Ramos, dos Vilares de Díaz Castro; bordadora e tendeira, que a pesar da súa idade é unha gran lectora deste noso periódico.

No ano 2019 a Asociación Lareira de Soños quixo distinguila como Trapeira de Honra, distinción moi merecida e acertada, pois malia que nunca exerceu ese oficio ambulante tan arraigado na parroquia, sempre andou entre telas e trapos na tenda que tiña ela e aínda ten agora a súa filla Nonita no lugar de O Pazo, onde está o pazo no que a condesa de Camarasa almacenaba os tributos que recollía na parroquia e onde se atopa o busto de Díaz Castro, ollando cara ó seu Vilariño natal. De nena, gustáballe a escola e aos catro anos dixo que quería ir a escola con súa irmá Áurea. Despois, tanto o mestre, don Andrés, como a mestra, Anxelita Bermudez, querían que estudara, pero ao morrer seu pai aos corenta e catro anos e seu irman Eugenio con vinte e cinco non había posibilidades económicas para facelo e os avós pensaban que non estaba ben estudar a uns e a outros non. Sen embargo, sabía que era moi delicada para realizar os duros traballos do campo, polo que estaba disposta a emprender outro camiño para buscar unha saída. Incluso despois, cando se escribía coas mestras que tivo, díxolle nunha carta a Anxelita que tiña pensado meterse monxa, pero a mestra díxolle que non, que era moi nova, que tamén ela o estaba a pensar, pero que non se lle ocorrera tan axiña. Primeiro seica acordou con unha veciña irse para A Coruña e buscar traballo de criadas nalgunha casa, pero ao pouco tempo a veciña atopou mozo e negouse a saír. Ela seguía teimando en irse pero súa nai non a deixaba ir soa, polo que foron as dúas e na Coruña atoparon con unha señora que lle aconsellou que aprendera a bordar coa máquina. Quedouse alí un tempo aprendendo e cando volveu estivo un mes bordando na casa de Soprón de Vilarchán, que se ían para Bos Aires, pero ao rematar alí tiña que buscar outra saída, pois pensaba que ninguén lle ía encargar bordados a súa casa dos Ramos. Un día díxolle María, a irmá de



Díaz Castro, que fora por onde Clara dos Manchás, que seica quería falar con ela. Clara tiña unha taberna fronte o Pazo e o seu marido, Benedito, tivera unha xastrería e agora andaba de tratante de becerros, polo que a Clara non lle daba tempo de atender a taberna, coidar as vacas e os nenos e nenas que tiña, díxolle que si andaba buscando sitio para bordar que se viñera para alí, que aínda lle podía ensinar algo ás nenas e que lle deixaba a xastrería, que quedara valeira cando Benedito se dedicou ao trato do gando. Ao pouco tempo Sara viu que so bordando non se defendía e deixáronlle vender no local calcetíns, mercería e cousas para as modistas. Era unha muller emprendedora, e conta a súa sobriña Pastora Veres no seu interesante libro "Lareira de Soños", que ao primeiro quedouse sen cartos e foille pedir cincocentas pesetas a Isidro do Vilariño, o pai de Díaz Castro, cos que se levaba moi ben. Con eses cartos seica empezou a traer roupa, teas e sabas, que logo ela bordaba co nome da cliente; tergal e algodón para tecer. A primeiros dos anos cincuenta, Clara e Benedito trasladáronse a Guitiriz, montando na rúa da Estación o restaurante e hostel "Benedicto", quedando Sara soa coa súa tenda na casa do Pazo. En 1960 desbotou para sempre os hábitos de monxa, hábitos que si colleu pouco despois a súa mestra Anxelita, xa que foi nese ano

cando se casou con Camilo de Lagares; matrimonio do que saíron tres fillos: Anxelín, Nonita e Xoán Carlos, que xunto con Pili García, rexenta o emblemático e histórico bar "Gaibor" de Guitiriz. Ao casarse puxeron tamén unha taberna onde antes a tivera Clara e que agora atendería Camilo cando estaba na casa e ela cando el saía aos trapos, ás sedas das bestas e, mais tarde, ás antigüidades. Tamén pensaron en mercar un piso en Guitiriz, pero ao final, en 1962, decidiron mercarlle a casa a Clara e Benedito e quedarse alí para sempre. Naquela tenda había algo de todo, e alí mercabamos libros, libretas, pizarras de lousa enmarcadas en madeira, bolígrafos e plumas estilográficas para a escola. Grazas a ela non tiñamos que ir a Guitiriz ou a Lugo para vestirmos e ir á moda, pois nesa tenda mercaron roupa e moitas outras cousas todas as veciñas dos Vilares e das parroquias do arredor. Alí mercaba miña nai as teas coas que me facía as camisas, outras mais fortes coas que me facía os pantalóns Amadora do Laxoso e os fíos de algodón de distintas cores, cos que me tecía os xerseis Xosefa da Punxas de Vilargabín. Un gran mercado que aínda goza de boa saúde nestes tempos; competindo cos grandes monopolios e superficies comerciais, grazas á dedicación da súa filla Nonita e a fidelidade das veciñas da parroquia e das parroquias do lado.

a elección de...



Pastora Veres
Escritora dos Vilares

un libro




Puerca tierra de John Berger

un disco




As grandes obras de Johann Sebastian Bach

unha película




400 golpes de Françoise Truffaut

un personaxe histórico




Aspasia de Mileto

un lugar para visitar




La Habana

unha afección



Viaxar polo mundo clásico

unha comida



Sen ningunha dúbida calquera da miña nai

unha bebida



Calquer viño galego

Consulta os eventos en:
www.terrachaxa.com

TAHONA CURRÁS

HORARIO

San Roque

Lunes a viernes
8.00 a 14.30
17.00 a 21.00

Sábados/domingo feira
08.00 a 14.30

982 510 062

Novo Cazón

Lunes a viernes
9.00 a 14.00
15.30 a 20.30

Sábado
09.00 a 14.00

620 417 383

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

O lescha, por e para a cultura chairega

O lescha naceu no ano 2000 rexido por unha xestora provisional que nalquel momento estaba dirixida por Manolo Roca, e que máis tarde e ata a actualidade tivo varios presidentes, como Chema Felpeto, Mago Cazón, Marnuel Santamariña e Marisa Barreiro Mejuto, que ocupa agora o cargo.

Pero ademais da presidenta, o colectivo conta cunha directiva formada por 12 persoas, que se renova cada 4 anos e á que pode presentarse a formar parte calquera socio.

O colectivo ten unha importante presenza no panorama cultural vilalbés sendo. Actualmente son 346 socios tras pasar por pequenos altibaxos aínda que a súa tendencia foi sempre a medrar. Como explica a súa presidenta "hai socios que se van, que falecen, hai xente que vive un determinado tempo en Vilalba e logo marcha, por exemplo, e logo temos o caso contrario, xente que continúa no lescha malia vivir noutros lugares".

Cando xurdiu o lescha había unha necesidade que cubrir. A asociación Lois Peña Novo desaparecera e cada vez había unha inxedanza maior por crear outra entidade cultural. Así, nunha xuntanza de amigos deciden volver a ocupar ese espazo.

O obxectivo era claro, facer unha defensa de Galicia como país, da súa lingua, historia, tradicións e costumes con especial atención á Terracha. "O obxectivo é formar e informar na medida en que se poda ademais de apoiar a estes colectivos que fan ese traballo cultural tan importante", lembra Marina, que tamén foi unha das primeiras socias.

AS ACTIVIDADES. Non tardaron moito en comezar as actividades abrindo un abanico importante de

modalidades e sempre co obxectivo de chegar ás persoas aquela información que poida ser útil e sempre coa cultura por bandeira. Esas actividades en maior o menor medida pero de forma constante foron sucedéndose todos estes anos.

Así, o lescha organiza diferentes actividades que teñen que ver coa actualidade nese momento. Así, agora mesmo están a traballar na defensa de servizos non rural, por exemplo. Non faltan as obras de teatro e as exposicións, tanto de arte como formativas. Unha das que lembra

O Instituto de Estudos Chairegos vén de cumprir 21 anos de historia cun traballo volcado en fomentar a cultura cun variado programa

Marisa como máis destacada foi unha sobre insectos, que provocou o descubrimento dunha nova especie de mosca non catalogada. Estas mostras percorreron tamén outros concellos da contorna porque unha das máximas do colectivo é a cooperación co asociacionismo.

Tamén contan con teatro, xornadas formativas ou mesmo a edición de libros para poñer en valor a estudosos ou traballos vinculados á comarca, "libros que recollan a testemuña dun cambio, de poemarios, etc...".

Destacan datas importantes como pode ser a conmemoración da chegada da República a Vilalba.

Unha das actividades estrela do colectivo foi a creación dun premio



Arriba, o local da asociación e abaixo unha mostra das súas publicacións

literario de gran importancia no panorama cultural con repercusión en toda Galicia, como o Agustín Fernández Paz, que precisamente ofrecerá o faio da quinta edición este mes. Tamén, como parte do premio, levan as obras premiadas ao centros educativos.

Ademais, ao ser un colectivo cultural de referencia en Vilalba e tamén na Terra Chá, son moitos os particulares e asociacións que acuden a eles para diferentes estudos ou traballos, xa que o lescha posúe un interesantísimo arquivo con máis de 16.000

imaxes que amosan o pasado da comarca a través de fotos.

Pero combinar cultura con exercicio é outra das accións do colectivo, que todos os anos organiza roteiros, polo menos tres. Tocan todos os paus da cultura, porque tamén hai proxeccións de cine ou concertos, para poñer en valor o traballo que fai "a xente que aposta por facer algo propio e con entidade", indican.

CHEGADA DA COVID. A covid foi para o lescha tamén un parón da actividade normal. "Foi algo que su-

frimos todos, todo o mundo en toda a súa actividade diaria, no laboral no social como nestas entidades culturais, Intentamos estar aí dende o primeiro momento, Estivemos ao alcance de todo o mundo, informando de diferentes enderezos para pasar o tempo no confinamento, enlaces que estaban pasando cousas", explica Marisa.

Tamén fixeron un referesco das actividades para que a xente puidera lembralas e entreterse. E cando a covid deu algo de tregua volveron a recuperar pouco a pouco a actividade, procurando sempre ir a actividades ao aire libre e con aforos reducidos.

MANUEL MARÍA. Unha das loitas principais do colectivo é reivindicar a figura de Manuel María e para iso impulsaron o proxecto de que a casa da cultura fose distinguida co nome do autor. As incidencias burocráticas tumbaron o proxecto pero non se renden.

Ademais hai tamén intención e iniciativas para que o parque leve o nome de Rosalía de Castro e a biblioteca o de Agustín Fernández Paz.

"O lescha ten clarísimo que a casa da cultura ten que levar o nome de Manuel María, de levar un nome. Hai máis persoas, pero cando se empezou a falar do nome foi o que xurdiu, o que estaba aí", explican.

O proxecto arranca xa do ano 2004 pero aínda non conseguiron poñer de acordo aos grupos políticos, que son os que teñen que tomar a decisión definitiva. A campaña foi intensa con recopilatorios de videos feitos por simpatizantes da idea, que supoñen máis de 5 horas de gravación dos momentos máis persoais do autor. Este documento estase editando actualmente e repartiranse entre os membros do colectivo.



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

Cursos y Certificados

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05